



# Comezar con ubuntu

Ubuntu Manual Team  
manual do usuario  
versión 1.0

ubuntu  
10.04 LTS

# lucid lynx



# Comezar con Ubuntu 10.04



The Ubuntu Manual Team



# Índice xeral

Prólogo	7
Benvido/a	7
A filosofía de Ubuntu	7
Unha pequena introdución á historia de Ubuntu	8
É Ubuntu axeitado para vostede?	9
Información de contacto	10
Convencións usadas neste libro	10
1	Instalación 11
Obtención de Ubuntu	11
Requirimentos mínimos do sistema	13
Instalación de Ubuntu	14
2	O escritorio de Ubuntu 23
Entender o escritorio	23
Xestión de xanelas	26
Cambiar entre as xanelas abertas	27
Uso do menú Aplicativos	27
Uso do menú Sistema	28
Navegar polos ficheiros do seu sistema	29
Navegador de ficheiros Nautilus	30
Buscar ficheiros no seu sistema	33
Personalizar o seu escritorio	33
Accesibilidade	37
Xestionar o seu computador	38
Obter axuda	39
3	Traballar con Ubuntu 41
Como conectarse á Internet	41
Navegar pola Web	50
Ler e escribir correo electrónico	61
Manterse organizado	74
Usar a mensaxaría instantánea	77
Microbloguear	83
Visualización e edición de fotos	85
Ver vídeos e filmes.	90
Escoitar son e música	92
Traballar con documentos, follas de cálculo e presentacións	98

#### 4 COMEZAR CON UBUNTU 10.04

- Tomar notas 99
  - Ubuntu One 101
  - Configurar Ubuntu One 101
  - Preferencias do Ubuntu One 101
  - Máis información 102
- 4 Hardware 103
- Usar os seus dispositivos 103
  - Identificación do hardware 103
  - Pantallas 103
  - Conectar e usar a impresora 104
  - Son 106
  - Crear CD e DVD 107
  - Usar unha cámara web 111
  - Dixitalizar texto e imaxes 111
  - Outros dispositivos 112
- 5 Xestión de software 115
- Xestión de software en Ubuntu 115
  - Usar o Centro de software de Ubuntu 115
  - Xestionar software adicional 118
  - Xestor de paquetes Synaptic 121
  - Actualizacións e anovacións 122
- 6 A liña de ordes 125
- Introdución ao terminal 125
  - Estrutura do sistema de ficheiros de Ubuntu 126
  - Comezar coa liña de ordes 127
  - Introdución a sudo 129
  - Xestionar os programas co terminal 129
- 7 Seguranza 133
- Por qué Ubuntu é seguro 133
  - Conceptos e procedementos básicos de seguranza 133
  - Actualizacións do sistema 134
  - Usuarios e grupos 135
  - Configurar un sistema seguro 137
- 8 Solución de problemas 139
- Resolver problemas 139
  - Guía de resolución de problemas 139
  - Obter máis axuda 146

- 9 Aprender máis 147
  - Que máis podo facer con Ubuntu? 147
  - Software de código aberto 147
  - Familias de distribución 148
  - 32-bit ou 64-bit? 150
  - Encontrar axuda e asistencia adicional 150
  
- A Licenza 153
  - Aviso de Creative Commons 159
  
- Glossary 161
  
- Créditos 165
  - Líderes do equipo 165
  - Autores 165
  - Editores 165
  - Deseñadores 165
  - Desenvolvedores 165
  - Tradutores 166
  - Agradecementos especiais 166
  
- Índice de materias 169



# Prólogo

## Benvido/a

Benvido/a a *Comezar con Ubuntu*, unha guía introdutoria escrita para axudar os novos usuarios a iniciarse en Ubuntu.

O noso obxectivo é cubrir o básico de Ubuntu (como a instalación e o traballo co escritorio) así como guialo no uso dalgúns dos aplicativos máis populares. Deseñamos esta guía para que fose doada de seguir con instrucións paso a paso e cunha gran cantidade de capturas de pantalla, o que lle permite descubrir o potencial do seu novo sistema Ubuntu, aínda que sexa un principiante no uso dos computadores ou estea migrando desde outro sistema operativo por primeira vez.

Teña en conta que esta guía aínda é un traballo en curso e sempre o será. Escribiuse especificamente para Ubuntu 10.04 LTS e, aínda que tentamos non limitar as nosas instrucións a esta versión é inevitábel que algunhas cousas cambien en Ubuntu. Cando se libere unha nova versión de Ubuntu incorporaremos os cambios a esta guía e poremos unha nova versión ao seu dispor en <http://www.ubuntu-manual.org>.

*Comezar con Ubuntu 10.04* non está pensado para ser un manual de instrucións de Ubuntu. Aseméllase a unha guía de inicio rápido que explica como realizar as tarefas que necesita facer co seu computador de forma rápida e sinxela, sen enredarse con detalles técnicos.

Se busca máis información existen excelentes recursos dispoñíbeis en <http://help.ubuntu.com>. Tamén pode consultar o sistema de documentación incorporado no Ubuntu xa que é bastante útil para obter axuda sobre temas específicos e pode consultalo premendo **Sistema ▶ Axuda e asistencia técnica** en Ubuntu. Se non se encontra unha referencia nesta guía existe a posibilidade de que atope a información que busca nun dos lugares anteriores. Tentaremos facer o posíbel para incluír ligazóns a axudas máis detalladas alí onde sexa posíbel.

## A filosofía de Ubuntu

O termo “Ubuntu” é un concepto tradicional africano orixinado nos idiomas Bantú do sur de África. Pode describirse como unha forma de conectarse con outros—vivir nunha comunidade global onde as accións afectan ao resto da humanidade. Ubuntu é máis que un sistema operativo, é unha comunidade de xente que traballa voluntariamente nun proxecto de software internacional e que ten como obxectivo chegar á mellor experiencia de usuario posíbel.

Pode encontrar máis información sobre Ubuntu en liña e a documentación do sistema no Capítulo 9: Aprender máis.



## A promesa de Ubuntu

- ▶ Ubuntu sempre será de balde, con actualizacións empresariais regulares e actualizacións de seguranza.
- ▶ Ubuntu conta con asistencia técnica comercial completa fornecida por Canonical e por centos de empresas en todo o mundo.
- ▶ Ubuntu fornece tanto as mellores traducións como as melloras de accesibilidade que a comunidade de software libre pode ofrecer.
- ▶ Os aplicativos principais de Ubuntu son libres e de fontes abertas. Quere-mos que vostede use software libre e de código aberto, que o mellore e que o comparta.

## Unha pequena introdución á historia de Ubuntu

Ubuntu foi concibido en 2004 por Mark Shuttleworth, un empresario de Suráfrica e a súa compañía Canonical. Shuttleworth recoñeceu o poder de Linux e do software libre, pero tamén recoñeceu a debilidade que evitaba o seu uso pola xente non técnica.

Shuttleworth comezou co claro obxectivo de afrontar esas vulnerabilidades, creando ao mesmo tempo un sistema que fose doado de usar, completamente libre (consulte o Capítulo 9: Aprender máis para obter unha definición completa de "libre") e que conseguise competir con outros sistemas operativos dominantes. Baseado no sistema Debian, Shuttleworth comezou a darlle forma ao Ubuntu. Usando os seus propios fondos, fixéronse CD de instalación e distribuíronse por todo o mundo sen ningún custo para o usuario final. Por este motivo Ubuntu propagouse rapidamente, o tamaño da comunidade aumentou con enorme velocidade e en pouco tempo volveuse a distribución de Linux máis popular baseada en Debian.

Na actualidade, con máis persoas a traballar neste proxecto que nunca, Ubuntu continúa a mellorar as súas funcións básicas e a compatibilidade co hardware, o que atraeu a atención de grandes organizacións mundiais. Por exemplo, en 2007, Dell iniciou unha colaboración con Canonical para vender computadores con Ubuntu preinstalado. Adicionalmente, en 2005, a policía francesa iniciou a transición de toda a súa infraestrutura de computadores para unha variante de Ubuntu, un proceso que de acordo co relatado aforroulle á organización "millóns de euros" en taxas de licenciamiento do Microsoft Windows. A policía francesa estima que sobre 2012 todos os seus computadores estarán a utilizar Ubuntu. Canonical obtén beneficios desta solución ao fornecer asistencia técnica e software específico.

Xa que normalmente, para as grandes empresas, lles é útil pagar por servizos de asistencia técnica, Shuttleworth prometeu que o sistema de escritorio Ubuntu sempre será de balde. En 2010, o escritorio Ubuntu está instalado preto do 2% dos computadores do mundo. Isto equivale a millóns de usuarios a nivel mundial e está medrando cada ano.

Canonical é a empresa que fornece asistencia técnica e financeira a Ubuntu. Ten empregados en todo o mundo que traballan desenvolvendo e mellorando o sistema operativo, ao tempo que revisan o traballo remitido polos colaboradores voluntarios. Para saber máis sobre Canonical vaia a <http://www.canonical.com>.

Para obter máis información sobre Ubuntu Server Edition, e sobre como usalo na súa empresa visite <http://www.ubuntu.com/products/whatisubuntu/serveredition/features>.

## Que é Linux?

Ubuntu constrúese sobre as bases de Linux, membro da familia Unix. Unix é un dos tipos de sistemas operativos máis antigos e que forneceu fiabilidade e seguraza para aplicativos profesionais durante medio século. Servidores de todo o mundo, que almacenan datos para os sitios web máis populares (como Youtube e Google), executan algunha variante do sistema Unix.

Linux deseñouse coa seguraza e compatibilidade de hardware en mente e, actualmente, é o sistema operativo baseado en Unix máis popular. Un dos beneficios de Linux é ser incrivelmente flexíbel e poderse configurar para traballar na maioría dos dispositivos—desde os microcomputadores máis pequenos e teléfonos móbiles aos máis grandes supercomputadores. Inicialmente, Unix estaba completamente baseado na liña de ordes ata que as interfaces gráficas de usuario (GUI) comezaron a aparecer a principios de 1990.

Estas GUI iniciais eran difíciles de configurar, moi arcaicas, e case sempre só usadas polos programadores experimentados. Porén, na pasada década, as interfaces gráficas de usuario avanzaron moito en termos de usabilidade, fiabilidade e aparencia. Ubuntu é unha das múltiples *distribucións* de Linux, e usa un dos contornos gráficos máis populares de escritorio chamado GNOME.

## É Ubuntu axeitado para vostede?

Os novos usuarios de Ubuntu poden tardar un tempo ata que se sintan confortábeis co sistema operativo. Sen dúbida, poden encontrar semellanzas tanto con Microsoft Windows coma con Mac OS X, así como encontrar algunhas cousas que funcionen de maneira distinta. Os usuarios que veñen de Mac OS X encontrarán máis parecidos debido ao feito de que Mac OS X e Ubuntu teñen a súa orixe en Unix.

Antes de decidir se Ubuntu é axeitado para vostede suxerímoslle que o probe durante algún tempo para familiarizarse en como se fan as cousas —e agarde encontrar algunhas diferenzas no que vostede usa. Tamén lle suxerimos que teña algunhas cousas en conta:

- ▶ **Ubuntu basease na comunidade.** Isto é, Ubuntu está feito, desenvolvido e mantido pola comunidade. Por este motivo, probabelmente non encontre asistencia técnica na súa tenda de computadores local. Por sorte, a comunidade de Ubuntu está aquí para axudalo. Hai moitos artigos, guías e manuais dispoñíbeis, así como usuarios en varios foros e en salas de IRC que con moito agrado axudan os principiantes. Ademais, contra o final desta guía inclúese un capítulo de resolución de problemas: Capítulo 8: Solución de problemas.
- ▶ **Alguns aplicativos deseñados para Microsoft Windows ou Mac OS X non se executarán en Ubuntu.** Para a maioría das tarefas que as persoas fan diariamente cos seus computadores hai aplicativos alternativos dispoñíbeis en Ubuntu. Porén, alguns aplicativos profesionais (como a suite Adobe

Aínda que os contornos de escritorio gráficos modernos reemprazaron amplamente os sistemas operativos baseados na liña de ordes, esta aínda é unha forma rápida e eficiente de levar a cabo moitas tarefas. Consulte o Capítulo 6: A liña de ordes para obter máis información, e o Capítulo 2: O escritorio de Ubuntu para saber máis sobre GNOME e outros contornos de escritorio.

Para saber máis sobre as distribucións de Linux consulte o Capítulo 9: Aprender máis.

Un contorno de escritorio é unha interface de usuario sofisticada e integrada que fornece as pezas básicas para que as persoas poidan interactuar cun computador usando un monitor, un teclado e un rato.

Un dos máis populares foros para a discusión e asistencia en Ubuntu son os Ubuntu Forums, <http://ubuntuforums.org>.

Vexa o Capítulo 5: Xestión de software para saber máis do Centro de software de Ubuntu. Para aprender máis sobre o arranque dual (executar Ubuntu xunto a outro sistema operativo) vexa o Capítulo 1: Instalación. Para máis información sobre Wine vaia a <http://www.winehq.org/>.

Creative) non foron desenvolvidos para traballar con Ubuntu. Se usa un software comercial que non é compatíbel con Ubuntu, pero aínda así quere probar Ubuntu, ténteo mediante o arrinque dual. De forma alternativa, algúns aplicativos desenvolvidos para Windows funcionarán en Ubuntu mediante un aplicativo chamado Wine.

- ▶ **Algúns xogos comerciais non funcionarán en Ubuntu.** Se non fai máis que xogar co computador, Ubuntu non é para vostede. Os desenvolvedores de xogos normalmente deseñan os xogos para o mercado máis grande, onde poden conseguir maiores beneficios. Xa que a cota de mercado de Ubuntu non é tan substancial como a de Microsoft Windows ou Apple Mac OS X, a maioría dos desenvolvedores de xogos non dedican recursos para facer os seus xogos compatíbeis con Ubuntu. Se aínda así quere xogar, hai un desenvolvemento de xogos activo na comunidade e existen varios xogos de alta calidade que poden instalarse de forma sinxela mediante o Centro de software de Ubuntu. Ademais, algúns xogos desenvolvidos para Windows tamén funcionarán en Ubuntu con Wine.

## Información de contacto

Foi moita xente a que contribuíu no seu tempo libre a este proxecto. Se encontra algún erro ou pensa que se perdeu algo contacte connosco. Facemos todo o posíbel para asegurarnos de que este manual está actualizado, tanto no aspecto informativo como no profesional. A nosa información de contacto é a seguinte:

### O equipo do manual de Ubuntu

Sitio web: <http://www.ubuntu-manual.org/>

Correo electrónico: [ubuntu-manual@lists.launchpad.net](mailto:ubuntu-manual@lists.launchpad.net)

IRC: #ubuntu-manual on [irc.freenode.net](http://irc.freenode.net)

## Convencións usadas neste libro

Neste libro úsanse as seguintes convencións tipográficas:

- ▶ Os nomes dos aplicativos, botóns, elementos de menú e outros elementos da GUI escríbense en **letra grosa**.
- ▶ As secuencias de menú escríbense **Sistema ▶ Preferencias ▶ Aparencia**, o que significa “Seleccione o menú **Sistema**, logo, seleccione o submenú **Preferencias** e finalmente seleccione o elemento de menú **Aparencia**”.
- ▶ O tipo `monoespazado` úsase tanto para texto que escribe no computador, como para o texto que escribe o seu computador (no terminal) e nos atallos de teclado.

# 1 Instalación

## Obtención de Ubuntu

Antes de comezar con Ubuntu vostede necesita obter unha copia do CD de instalación de Ubuntu. A seguir salientamos algunhas opcións para facer isto.

## Descarga de Ubuntu

O método máis sinxelo e común de obter Ubuntu é descargar a *imaxe de CD* de Ubuntu directamente desde <http://www.ubuntu.com>. Vaia ao sitio web e prema en “Download Ubuntu” na parte superior. Seleccione a localización de descarga que estea máis preto de vostede na lista despregábel (para asegurarse a descarga coa máxima velocidade) e, finalmente prema en “Begin Download”.

### 32-bit ou 64-bit

Debaixo do botón de descarga pode encontrar as palabras “Ubuntu Desktop 10.04 (32-bit)”. Se non está seguro de que significa 32-bit, non se preocupe. A versión de 32-bit funciona na maioría dos computadores, polo que no caso de dúbida, simplemente proceda coa descarga. Porén, se ten certeza que o seu computador ten a capacidade de usar software de 64 bits pode probar a versión de 64 bits no seu lugar. Para facer isto prema en “Alternative download options” e faga a súa selección.

## Descarga de Ubuntu como un torrent

Cando se libera unha nova versión de Ubuntu, algunhas veces os servidores poden saturarse por mor do gran número de persoas descargando e actualizando ao mesmo tempo. Se está familiarizado co uso dos torrent, pode descargar un ficheiro torrent premendo sobre “Alternative download options” e obter a súa copia da imaxe do CD desta forma. Verá melloras significativas na velocidade de descarga, ademais de axudar a difundir Ubuntu entre outros usuarios ao redor do mundo. De novo, se non está seguro de como usar os torrents pode usar a opción de descarga normal desde o sitio web.

## Gravación da imaxe de CD

Cando a descarga remate terá un ficheiro chamado *ubuntu-10.04-desktop-i386.iso* ou algo similar (a parte *i386* no nome do ficheiro refírese á versión de 32 bits. Se descargou a versión de 64 bits móstrase por *amd64*). Este ficheiro é unha imaxe de CD—semellante a unha “copia” dos contidos dun CD—que pode gravar nun CD. Para saber como gravar un CD no seu computador vaia

Algunhas empresas (como Dell e System76) venden computadores con Ubuntu preinstalado. Se xa ten Ubuntu instalado no seu computador pode omitir este capítulo e ir ao Capítulo 2: O escritorio de Ubuntu.

32-bit e 64-bit son tipos de arquitecturas de procesadores. 64-bit é a máis actual, a maioría dos computadores recentes veñen cun computador con capacidades para 64 bits. Vexa o Capítulo 9: Aprender máis para obter máis información.

Os **torrents** son unha forma de compartir ficheiros e información pola rede mediante a compartición de ficheiros “par con par”. Cando se libera unha nova versión de Ubuntu, os servidores de Ubuntu están moi ocupados. Se sabe como usar os torrents recomendámoslle que descargue a imaxe de CD mediante este método para alixear os servidores durante os períodos de alta demanda.

á axuda do seu sistema operativo ou á do fabricante. Pode atopar axuda máis detallada en <https://help.ubuntu.com/community/BurningIsoHowto>

## Solicitude dun CD de balde

De forma alternativa, pode solicitar un CD de balde a Canonical. Escolla esta opción se non ten acceso a unha gravadora de CD, ten un ancho de banda limitado ou unha conexión a Internet lenta. O envío do CD non ten custo algún. Simplemente visite <http://shipit.ubuntu.com> para solicitar o seu CD de Ubuntu Desktop Edition.

O CD tarda normalmente 6 semanas en chegar, dependendo da súa localización e da demanda actual. Se quere comezar a usar Ubuntu antes, pode seguir as seguintes instrucións para descargar unha imaxe de CD, e logo gravala nun disco.

## O CD vivo

As funcións do CD de Ubuntu non son só as dun CD de instalación para instalar Ubuntu no seu computador, senón que tamén é un CD vivo. Un CD vivo permítelle probar Ubuntu sen facer ningún cambio permanente no seu computador executando todo o sistema operativo directamente desde o CD.

A velocidade coa que o seu computador pode ler a información dun CD é moito máis lenta que a de ler a información desde o disco ríxido. A execución do Ubuntu desde o CD vivo tamén ocupa grandes cantidades da memoria do computador, que normalmente está dispoñíbel para os programas cando executa Ubuntu desde un disco ríxido. A experiencia do CD vivo será significativamente máis lenta fronte a executalo desde o seu computador. Porén, executar Ubuntu desde un CD é unha magnífica forma de probar as cousas e permítelle ver os aplicativos predeterminados, navegar pola Internet e obter unha vista previa xeral do sistema operativo. Tamén é moi útil para comprobar que o hardware do seu computador funciona correctamente en Ubuntu e non ten problemas importantes de compatibilidade.

Para probar Ubuntu usando o CD, introduza o CD de Ubuntu na súa unidade de CD e reinicie o computador. A maioría dos computadores poden detectar que un CD arrincábel está na súa unidade e iniciar desde el—isto é, un CD que de forma temporal toma precedencia sobre o seu sistema operativo normal. Mentres o computador arrinca estarase executando a información que está almacenada no CD arrincábel, fronte a executar a información almacenada no seu disco ríxido, como faría o seu computador de forma normal.

Cando o seu computador encontre o CD vivo, logo dunha pantalla de carga rápida, mostrarase a pantalla de “Benvida”. Usando o seu rato seleccione o seu idioma de entre a lista da esquerda e logo prema o botón **Probar Ubuntu 10.04 LTS**. Ubuntu iniciárase directamente desde o CD vivo.

Cando Ubuntu remate de arrincar verá o escritorio predeterminado. Falaremos máis sobre como usalo no Capítulo 2: O escritorio de Ubuntu pero agora

Debe crear unha conta de balde en Launchpad antes de facer a súa solicitude de CD. Cando teña instalado e executándose Ubuntu necesitará esta conta para usar todos os servizos de **Ubuntu One**. Consulte o Capítulo 3: Traballar con Ubuntu para ver máis información sobre Ubuntu One.

É posíbel comprar Ubuntu en CD en calquera tenda de computadores ou tendas en liña. Busque na súa área ou na Internet para ver se alguén pode venderllo. Aínda que Ubuntu é software libre non é ilegal que a xente o venda.

Nalgúns casos, o seu computador arrinca con normalidade e semellará que non recoñeza o CD de Ubuntu. Isto é normal, xeralmente isto significa que a prioridade dada aos dispositivos cando o seu computador arrinca debe cambiarse. Por exemplo, o seu computador pode configurarse para que busque a información no seu disco ríxido primeiro e logo mire o CD. Para que Ubuntu arrinque desde o CD vivo necesitamos que se busque no CD primeiro. Cambiar a súa prioridade de arrinque está máis aló do ámbito desta guía, porén, se necesita axuda para cambiar a prioridade de arrinque consulte a documentación do fabricante do seu computador e obter máis información.




Figura 1.1: A pantalla de benvida permítelle seleccionar o seu idioma.

síntase libre de probar as cousas, abrir programas, cambiar configuracións e explorar o sistema—calquera cambio que faga non se gardará ao saír, polo que non se preocupe por romper algo accidentalmente.

Cando remate de explorar, reinicie o seu computador premendo no botón de “Acender” na esquina superior dereita da súa pantalla (o círculo atravesado por unha liña) e logo seleccione **Reiniciar**. Siga as preguntas que aparecen na pantalla, incluíndo a extracción do CD vivo e prema **Intro** cando se lle indique, despois do cal o computador reiniciará. Xa que o CD vivo no estará na unidade, o seu computador volverá ao seu estado orixinal como se non sucedera nada!

## Requirimentos mínimos do sistema

Ubuntu pode executarse na maioría dos computadores. Se non está seguro de se funciona no seu, o CD vivo é a mellor forma de probalo. Para as persoas máis técnicas debaixo ten unha lista coas especificacións de hardware que o seu computador idealmente debe ter como requirimentos mínimos.

A maioría dos computadores en uso hoxe en día cumpren os requirimentos mostrados aquí, porén, consulte a documentación do seu computador ou fale co seu fabricante por se necesita máis información.

- procesador x86 de 700 MHz
- 256 MB de memoria (RAM) do sistema
- 3 GB de espazo en disco
- Tarxeta gráfica coa capacidade de mostrar 1024×768 píxeles de resolución
- Tarxeta de son
- Unha rede ou unha conexión á Internet

## Instalación de Ubuntu

O proceso de instalación de Ubuntu está deseñado para ser rápido e sinxelo, porén, démonos de conta de que algunha xente pode atopar a idea un pouco sobrecolledora. Para axudalo a iniciarse incluímos as instrucións de embaixo ademais de capturas de pantalla para que poida ver o que pasará.

Se xa probou o CD vivo de Ubuntu debería estar familiarizado coa pantalla “Benvida” que aparece (vaia á sección O CD vivo para obter máis información). Selecciona o seu idioma de novo na parte esquerda e prema no botón **Instalar Ubuntu 10.04 LTS**.

Precisa cando menos 3 GB de espazo libre no seu disco rixido para instalar Ubuntu, porén, recoméndanse 10 GB ou máis. Desta forma poderá ter espazo dabondo para instalar programas adicionais e tamén para gardar os seus documentos, música e fotos.

### Como comezar

Para comezar, poña o CD de Ubuntu na unidade de CD e reinicie o computador.

Na seguinte pantalla mostraráselle un mapa mundial. Usando o rato prema na súa localización sobre o mapa para dicirlle a Ubuntu onde está. De forma alternativa, pode usar a **lista despregábel** de debaixo. Isto permítelle a Ubuntu configurar o reloxo do sistema ademais doutras características baseadas na localización. Prema en **Adiante** cando estea listo para ir ao seguinte paso.

A continuación, debe dicirlle a Ubuntu que teclado está usando. Normalmente a suxestión que se lle mostra será a correcta. Se non está seguro pode premer no botón **Suxerir** para que Ubuntu descubra a opción axeitada facéndolle preguntas que vostede terá que responder premendo unha serie de teclas. Tamén pode seleccionar a súa propia disposición de teclado da lista. Se quere, escriba algo na caixa inferior para asegurarse que concorda coa selección, logo prema **Adiante** para continuar.

### Preparar o espazo do disco

Este paso denomínase normalmente como o *particionado*. O particionado é o proceso de asignar porcións do seu disco rixido para un propósito específico.

De forma alternativa, vostede pode usar o seu rato para premer dúas veces na icona “Instalar Ubuntu 10.04 LTS” do escritorio cando use o CD vivo. Isto iniciará o Instalador de Ubuntu.

Móstranse dúas opcións na pantalla “Benvida”: **notas da versión** e **actualizar este instalador**. Se preme no texto azul subliñado **notas da versión** abrírase unha páxina web que contén información importante sobre a versión actual de Ubuntu. Se preme en **actualizar este instalador** buscaranse actualizacións en Internet do CD vivo de Ubuntu que puideran saír logo de que se creara o CD




Figura 1.2: Dígalle a Ubuntu a súa localización.

Cando crea unha partición, esencialmente o que se fai é dividir o seu disco ríxido en seccións que se usarán para diferentes tipos de información. O particionado pode semellar complexo nalgúns casos para un usuario novo, aínda así, non ten por que selo. De feito, Ubuntu fornécelle algunhas opcións que simplifican enormemente este proceso.

### Borrar e empregar o disco enteiro

Use esta opción se quere borrar todo o disco. Isto eliminará calquera sistema operativo instalado nel, como Window xp, e instalará Ubuntu no seu lugar. Esta opción é útil se ten un disco ríxido baleiro, xa que Ubuntu creará automaticamente as particións necesarias por vostede.

### Particionamento guiado

Se vostede ten outro sistema operativo instalado no seu disco ríxido, e quere instalar Ubuntu xunta el, seleccione a opción **Instalalos un xunta o outro, escollendo entre eles no arrinque**.

Algunhas persoas que instalan Ubuntu por primeira vez están usando tanto Windows xp, Windows Vista, Windows 7 como Mac os x no seu computador. Ubuntu permítelle substituír o sistema que ten instalado no seu computador ou instalar Ubuntu á par do seu sistema operativo existente. Isto denomínase arrinque dual. Cando arrinque ou reinicie o seu computador mostraráselle a opción de seleccionar que sistema operativo quere usar para esa sesión.






Figura 1.3: Comprobe se a súa distribución de teclado é a correcta.

Ubuntu detectará automaticamente o outro sistema operativo e instalarase xunto con el. Para facer configuracións de arrinque dual máis complexas necesita configurar as súas particións de forma manual.

### Especificar as particións manualmente

Esta opción é para usuarios avanzados e úsase para crear particións especiais ou formatar o disco ríxido cun sistema de ficheiros distinto ao predeterminado. Tamén pode usalo para crear unha partición **/home** separada. Isto é útil no caso de que decida reinstalar Ubuntu, permítelle formatar e reinstalar o sistema operativo mentres mantén os seus ficheiros e configuracións persoais intactas nunha partición separada.

Xa que esta é unha tarefa avanzada, omitiremos os detalles nesta edición de *Comezar con Ubuntu*. Vostede pode obter máis información e instrucións detalladas sobre o particionado aquí: <https://help.ubuntu.com/community/HowtoPartition>.

Cando estea de acordo coa forma en que as particións van ser configuradas prema no botón **Adiante** para pasar ao seguinte paso.

Ubuntu instala un **cartafol persoal** onde se almacenan os seus ficheiros e configuracións persoais de forma predeterminada. Se escolle ter o seu cartafol persoal nunha partición separada, no caso de que reinstale o seu Ubuntu ou leve a cabo unha anovación completa á seguinte versión, os seus ficheiros e configuracións persoais non se perderán.




Figura 1.4: Selección onde quere instalar Ubuntu.

## Introduza información sobre vostede

Ubuntu necesita saber algunha información sobre vostede para poderlle crear unha conta de usuario no computador. O seu nome aparecerá na pantalla de inicio de sesión así, como no MeMenu, que será discutido no Capítulo 2: O escritorio de Ubuntu.

Nesta pantalla vostede debe dicirle a Ubuntu:

- ▶ o seu nome real,
- ▶ o nome de usuario que desexa,
- ▶ o contrasinal que desexa,
- ▶ como quere chamarlle ao seu computador,
- ▶ como quere que Ubuntu inicie a sesión.

Escriba o seu nome completo baixo “Como se chama?”. O seguinte campo de texto é onde vostede selecciona un nome de usuario, e é o nome que se mostrará na pantalla de inicio de sesión de Ubuntu cando arrinque o computador. Vostede verá este campo completado automaticamente co seu nome. A maioría da xente pode ver útil manter isto, porén, pode cambiálo se o prefire.

Aínda así vostede pode escoller o seu nome de usuario preferido e o nome do computador; debe usar letras, números, guións ou puntos. Verá un aviso se os símbolos ou caracteres que escriba non se axeitan ás normas e ata que o cambie non poderá continuar á seguinte pantalla.

**Instalar**

**Quen é vostede?**

Como se chama?

Que nome quere usar para iniciar a sesión?

Nome de usuario

Se este computador vai ser usado por máis dunha persoa, pode configurar varias contas despois da instalación.

Escolla un contrasinal para asegurar a súa conta.

Contrasinal Repita o contrasinal

Como se chama este computador?

Nome do computador

Este nome será usado por se quere facer visíbel o seu computador nunha rede.

Iniciar a sesión automaticamente  
 Requirir o meu contrasinal para iniciar a sesión  
 Requirir o meu contrasinal para iniciar a sesión e descrifrar o meu cartafol de usuario

Paso 5 de 7

Saír Atrás Adiante

Figura 1.5: Configuración da conta de usuario.

A continuación, seleccione un contrasinal e escribalo á esquerda, no primeiro campo de contrasinal, e logo escribalo de novo no campo da dereita para comprobar que o escribiu ben. Cando ambos os dous contrasinais coincidan, aparecerá unha valoración de fortaleza á dereita que lle indicará se o seu contrasinal é “demasiado curta”, “débil”, “normal” ou “forte”. Poderá continuar o proceso de instalación segundo a fortaleza do seu contrasinal, porén, por razóns de seguranza mellor escolla un forte. Para chegar a el seleccione un contrasinal que teña cando menos seis caracteres de longo e mesture letras, números, símbolos e minúsculas e maiúsculas. Para maior seguranza, evite os contrasinais obvios como a súa data de nacemento, nome da súa muller ou o nome da súa mascota.

Agora debe decidir o nome do seu computador. Isto completárase de forma automática usando o nome de usuario que inseriu anteriormente (debería dicir algo como “xoan-desktop” ou “xoan-laptop”), porén, pode cambialo segundo queira. O nome do seu computador úsase principalmente para identificar o seu computador na rede da súa casa ou na do traballo e que contén con

múltiples computadores. Para saber máis sobre a configuración dunha rede consulte o Capítulo 3: Traballar con Ubuntu.

Por último, na parte inferior da pantalla ten tres opcións coas que pode seleccionar como quere que Ubuntu inicie a sesión.

### Iniciar a sesión automaticamente

Ubuntu iniciará sesión coa súa conta principal de forma automática cando arrinque o computador, polo que non terá que escribir o seu nome de usuario e contrasinal. Isto permítelle acceder ao sistema de forma máis rápida e cómoda; porén, se a seguranza e privacidade son importantes para vostede esta opción non é a recomendábel. Calquera que poida acceder fisicamente ao seu computador pode acendelo e acceder aos seus ficheiros.

### Requirir o meu contrasinal para iniciar a sesión

Esta opción está seleccionada de forma predeterminada, xa que evita que outras persoas poidan acceder ao seu computador sen coñecer o contrasinal que creou antes. Esta é unha boa opción para aqueles que, por exemplo, compartan o seu computador con outros membros da familia. Cando remate a instalación poderá crear contas adicionais para cada membro da familia. Cada persoa terá o seu propio nome de usuario e contrasinal, preferencias de conta, marcadores de Internet e espazo de almacenamento persoal.

### Requirir o meu contrasinal para iniciar a sesión e descifrar o meu cartafol de usuario

Esta opción dálle unha capa adicional de seguranza. O seu cartafol persoal é onde se almacenan os seus ficheiros persoais. Se selecciona esta opción Ubuntu activará automaticamente o cifrado do seu cartafol persoal, o que significa que os ficheiros e cartafol deben *descifrase* usando o seu contrasinal antes de acceder a eles. Polo tanto se alguén ten acceso físico ao seu disco ríxido (por exemplo, se lle rouban o seu computador e extraen o disco ríxido) non poderán ver os seus ficheiros sen saber o seu contrasinal.



*Se selecciona esta opción teña coidado de non activar o inicio de sesión automático máis tarde. Isto podería causar complicacións no cifrado do seu cartafol persoal e bloquearlle o acceso aos seus ficheiros importantes.*

### Confirmar as súas configuracións e comezar a instalación

A última pantalla resume as súas configuracións de instalación, incluíndo calquera cambio que fixera nas particións do seu disco ríxido. Teña en conta o aviso de que os datos vanse destruír en calquera partición eliminada ou formatada—se ten información importante no seu disco ríxido e non fixo unha copia de seguranza agora é un bo momento para comprobar que configurou

as súas particións de forma correcta. Cando estea seguro de que as súas configuracións son as correctas, prema en **Instalar** para comezar o proceso de instalación.

Pode cambiar as configuracións de arrinque ou as do proxy da rede facendo clic no botón **Avanzado**. Esas son tarefas moi avanzadas e están máis aló do ámbito desta guía.




Figura 1.6: Comprobe que todo está configurado correctamente antes de instalar Ubuntu.

Agora instalarase Ubuntu. Mentres a instalación avanza, unha presentación mostraralle unha introdución a algúns dos aplicativos predeterminados incluídos en Ubuntu. Estes aplicativos están cubertos con máis detalle no Capítulo 3: Traballar con Ubuntu.

Despois de vinte minutos, aproximadamente, a instalación rematará e poderá premer en **Reiniciar agora**, para reiniciar o seu computador e arrincar en Ubuntu. O CD expulsárase polo que debe sacalo da unidade de CD e premer **Intro** para continuar.

Agarde ata que o seu computador reinicie e poderá ver a pantalla de inicio de sesión (a menos que seleccionara o inicio de sesión automático).

Prema no seu nome de usuario e escriba o seu contrasinal, logo prema **Intro** ou faga clic en **Iniciar a sesión**. Iniciarase a sesión en Ubuntu e mostrárase o seu novo escritorio!



Figura 1.7: Primeira diapositiva da presentación da instalación.




Figura 1.8: Agora pode reiniciar o computador.




Figura 1.9: Pantalla de inicio de sesión de Ubuntu.

## 2 O escritorio de Ubuntu

### Entender o escritorio

Nunha vista rápida, pode ver que existen algunhas similitudes entre Ubuntu e outros sistemas operativos como Windows ou Mac OS X. Isto é porque todos se basean no concepto dunha interface gráfica de usuario (GUI)—isto é, úsase un rato para navegar polo escritorio, abrir programas e levar a cabo a maioría das tarefas. En resumo, as accións están orientadas visualmente, o que significa que é importante que se familiarice co onde e o que premer co rato en Ubuntu.

### GNOME

Todos os sistemas operativos baseados nunha GUI usan un *contorno de escritorio*. Os contornos do escritorio abranguen moitas cousas, a aparencia do seu sistema, así como a forma de organización do escritorio, como se deseña e como é navegado polo usuario. Nas distribucións de Linux (como Ubuntu), hai varios contornos de escritorio dispoñíbeis para o seu uso. Un dos máis populares é o chamado GNOME, que é o usado en Ubuntu. KDE, XFCE e LXDE son outros contornos de escritorio dispoñíbeis (usados en Kubuntu, Xubuntu e Lubuntu, respectivamente), e aínda existen moitos máis. Xa que Ubuntu está baseado en GNOME, limitaremos esta guía a explorar o contorno GNOME.

Cando inicie a sesión en Ubuntu despois de instalalo no seu disco ríxido, vostede verá o escritorio de GNOME. Ubuntu é moi personalizábel, xa que usa o escritorio GNOME pero, por agora, exploraremos a disposición predeterminada que pode ver.

Primeiro, poderá ver que hai dous *paneis*—un na parte superior do seu escritorio e outro na parte inferior. Un panel é unha barra que se sitúa nos bordos da súa pantalla e contén distintos *miniaplicativos*. Estes miniaplicativos fornecen funcións útiles como iniciar programas, ver a hora e data ou acceder ao menú principal.

### O menú superior

Comezando pola esquerda, verá tres títulos—**Aplicativos**, **Lugares** e **Sistema**—seguidos por dúas iconas de programas. A primeira destas iconas abrirá o navegador web Firefox (consulte o Capítulo 3: Traballar con Ubuntu para obter máis información), e o seguinte abrirá o Centro de axuda de Ubuntu.

Na parte dereita pode encontrar a *área de notificación*, que ten unha función similar á “bandexa do sistema” en Windows ou a área “extras do menú”

Ubuntu 10.04 puxo a énfase en “social desde o comezo” e conta con integración coas redes sociais no seu escritorio para sitios como Twitter e Facebook.

Para saber máis sobre as variantes de Ubuntu vaia ao Capítulo 9: Aprender máis.

Todo o que hai nun panel é un miniaplicativo, incluso o menú principal.

O Centro de axuda de Ubuntu é un recurso de axuda moi útil. Fornece unha morea de información sobre o seu sistema Ubuntu, e está sempre tan cerca como premer na icona do panel (ou ir a **Sistema** > **Axuda e asistencia técnica**).






Figura 2.1: O escritorio predeterminado de Ubuntu 10.04.

da barra de menú de Mac OS X. Ao carón disto está o MeMenu, que mostrará o seu nome de usuario (o nome que inseriu durante a instalación) e úsase para actualizar as redes sociais como Twitter e Facebook así como establecer o seu estado na mensaxaría instantánea en Empathy. Finalmente no extremo dereito do panel está o menú de sesión, que fornece opcións de menú para bloquear o seu computador, saír da sesión, reiniciar ou apagar completamente.

### A área de notificación

Dentro da área de notificación pode encontrar o indicador de rede, o axuste de volume, o indicador de Bluetooth (se o seu computador conta con Bluetooth), mensaxaría e os miniaplicativos de data e hora. Algúns programas tamén poñen a súa icona na área de notificación cando os abre.

Premendo co botón esquerdo do rato sobre as iconas da área de notificacións abrirá unha lista de opcións, nalgúns casos se preme co botón dereito sobre unha icona levarase a cabo unha acción relacionada a dito programa.

As notificacións de novos correos electrónicos e mensaxes instantáneas aparecen no menú do miniaplicativo de mensaxaría. Cando teña unha nova mensaxe, a icona porase verde.

Para eliminar un miniaplicativo, prema co botón dereito e seleccione **Eliminar do panel**.

Por exemplo, para axustar o volume prema co botón esquerdo sobre a icona de volume e aparecerá o desprazador de volume. Ao premer no miniaplicativo de data e hora amósase un calendario pequeno, e se preme sobre unha data específica engadirase un recordatorio ao seu calendario empregando Evolution (consulte o Capítulo 3: Traballar con Ubuntu para obter máis información sobre Evolution).

Cando un calendario está expandido hai un botón co nome **Localizacións**, que abre un pequeno mapa ao premer sobre el. Aquí pode establecer as preferencias da súa localización premendo sobre **Editar**. Na xanela que aparece prema **Engadir**, e escriba a súa localización no campo de texto. Se vostede vive nunha cidade grande pode que xa apareza na lista, se non é así pode inserir a súa latitude e a lonxitude de forma manual (tente buscando en Internet se non ten esta información). Asegúrese que o seu fuso horario está seleccionado e logo prema **Aceptar** para volver á pantalla de preferencias.

Síntase libre de explorar as outras opcións dispoñíbeis baixo os separadores **Xeral** e **Tempo** se o quere, logo prema **Pechar** na parte inferior cando remate. Se a información meteorolóxica está dispoñíbel para a súa cidade verá a temperatura actual mostrada ao carón da data e hora na área de notificación.

## O panel inferior

Ubuntu usa a maioría do panel inferior para mostrar unha lista de todos os programas ou xanelas que están abertos actualmente. Aparecen como botóns en horizontal que poden premerse para *minimizar* ou *restaurar* as xanelas correspondentes (vexa a Xestión de xanelas)

No extremo esquerdo do panel inferior está unha pequena icona que simboliza o escritorio. Este botón *Mostrar escritorio* minimiza todas as xanelas á vez, dándolle acceso directo ao seu escritorio. Isto é particularmente útil cando ten varias xanelas abertas á vez e quere ver os contidos do escritorio. Prema no botón de novo para restabelecer as xanelas na súa posición orixinal.

Na parte dereita do panel pode ver unhas caixas pequenas en fila; isto é o *Selector de espazos de traballo*. De forma predeterminada, Ubuntu 10.04 ten dous espazos de traballo.

Finalmente, a icona do extremo dereito é o *Lixo*, que leva a cabo unha función similar á Papeleira de reciclaxe en Windows ou o Lixo en Mac OS X. Calquera ficheiro que elimine primeiro envíase ao lixo. Para ver os contidos do lixo, prema nesta icona. Pode baleiralá premendo no botón **Baleirar lixo** na xanela que aparece, ou doutra forma premendo co botón dereito sobre a icona do lixo no panel inferior e seleccionando **Baleirar lixo** desde o menú. Teña en conta que isto eliminará calquera ficheiro ou cartafol que conteña.

## O fondo de escritorio

Entre os paneis superior e inferior está unha imaxe que cobre todo o escritorio. É o tapiz do escritorio (normalmente chamado “fondo de escritorio”), e

Para engadir un novo miniaplicativo ao panel, prema co botón dereito nunha zona limpa do panel e seleccione **Engadir ao panel**.

O contorno de escritorio GNOME usado en Ubuntu pode fornecer dous ou máis “escritorios virtuais”, ou **espazos de traballo**. Usándoos pode reducir a desorde ao abrir as xanelas en escritorios separados, sen ter un monitor adicional. Por exemplo, para organizar as súas actividades pode ter o seu correo electrónico nun espazo de traballo e un documento de texto no que está traballando noutro. Para cambiar entre os espazos de traballo prema nas caixas do **alternador de espazos de traballo** ou use o atallo de teclado CTRL+ALT+flecha esquerda ou CTRL+ALT+flecha dereita para cambiar os espazos de traballo de forma rápida.

o que ve agora pertence ao tema predeterminado de Ubuntu 10.04 coñecido como *Ambiance*. Para saber máis sobre a personalización do seu escritorio, incluíndo como cambiar o seu fondo, vexa Personalizar o seu escritorio.

## Xestión de xanelas

Cando abra un programa en Ubuntu (un navegador web ou un editor de texto—consulte o Capítulo 3: Traballar con Ubuntu para obter máis información sobre o uso de programas), unha *xanela* aparecerá no seu escritorio. Se xa ten usado outro sistema operativo anteriormente, tal como Microsoft Windows ou Mac OS X, probablemente estará familiarizado co concepto dunha «xanela»—a caixa que aparece na súa pantalla cando inicia un programa. En Ubuntu, a parte superior dunha xanela (a *barra de título*) conterá o título da xanela no centro, e tres botóns na esquina superior esquerda. De dereita a esquerda, estes botóns *cerran*, *minimizan*, e *maximizan* a xanela. Adicionalmente, pode premer co botón dereito en calquera parte da barra de título para obter outras opcións de xestión.

### Cerrar, maximizar, restaurar e minimizar xanelas



Figura 2.2: Os botóns de cerrar, minimizar e maximizar están na parte superior esquerda das xanelas.

Para *pechar* unha xanela, prema sobre “×” no ángulo superior esquerdo da xanela—será o primeiro botón. Inmediatamente á dereita, pode encontrar unha frecha apuntando cara abaixo que se usa para *minimizar* a xanela no panel inferior do escritorio. Logo de minimizada, a xanela xa non será visíbel, no entanto, o botón correspondente no panel inferior permanecerá, o que indica que o programa aínda está en execución de fondo. Ao premer neste botón *restáurase* a xanela na posición orixinal. Finalmente, o botón máis apartado da dereita da barra de título maximiza a xanela, facendo que cubra a pantalla enteira. Ao premer neste botón outra vez volverá a xanela ao seu tamaño orixinal.

### Mover e cambiar o tamaño das xanelas

Para mover unha xanela polo espazo de traballo poña o punteiro do rato sobre a barra de título da xanela e arrastre a xanela mentres mantén o botón esquerdo do rato preso. Para redimensionar unha xanela, poña o rato sobre o bordo ou a esquina da xanela ata que apareza unha frecha grande, a que chamamos a icona de redimensionado. Logo, pode premer e arrastrar para redimensionar a xanela.

## Cambiar entre as xanelas abertas

Hai, polo menos, dúas formas de cambiar entre as xanelas nun espazo de traballo en Ubuntu. Pode buscar a xanela na barra de tarefas do panel inferior e premer sobre a mesma para mostrala en pantalla, ou pode usar ALT+TAB para seleccionar a xanela que desexa. Prema a tecla ALT e logo prema TAB ata que a xanela que busca apareza no escritorio.

## Uso do menú Aplicativos

Hai tres títulos de menú no panel superior. Botémoslle unha ollada con máis detalle, comezando polo menú **Aplicativos**.

### Accesorios

O submenú **Accesorios** ten algúns programas pensados para a produtividade, como son a Calculadora e Notas do Tomboy.

No menú **Accesorios** hai outros programas incluídos como o Creador de CD/DVD, o Editor de texto gedit (similar ao Bloc de notas de Windows e o TextEdit de Mac OS X), o Buscar ficheiros... (do que falaremos máis adiante), e o Facer unha captura de pantalla, que lle permite sacar unha imaxe do seu escritorio completo.

### Xogos

Ubuntu ten varios xogos para o seu entretemento. Se lle gustan os xogos de cartas, probe o Solitario AisleRiot. Se pola contra está buscando algo máis ca un reto, neste caso ten gBrainy e Sudoku. O menú **Xogos** tamén inclúe Mahjongg, Minas (un xogo semellante ao Buscaminas de Windows) e o Quadrapassel (semellante ao Tetris.)

### Gráficos

Baixo o submenú **Gráficos** encontrará o xestor de fotos F-Spot onde pode ver, editar e compartir as fotos que descargue desde a súa cámara. O Debuxo de OpenOffice.org permítelle crear imaxes usando a suite OpenOffice.org e Escaneado simple é un programa que escanea imaxes e documentos desde o seu escáner.

### Internet

O submenú **Internet** é onde pode encontrar o navegador web Firefox, o cliente de Mensaxaría Instantánea Empathy que lle permite falar cos seus amigos e familia e Ubuntu One, un programa que lle permite sincronizar os seus ficheiros entre distintos computadores.

Pode encontrar que hai programas no menú **Aplicativos** que non usa frecuentemente ou non quere que se mostren no menú. Para ocultalos (sen desinstalar os programas) prema en **Sistema • Preferencias • Menú principal**. Encontre os programas no panel da dereita que queira ocultar no menú e desmárqueos na columna "Mostrar".

Vexa o Capítulo 3: Traballar con Ubuntu para obter máis información sobre os aplicativos incluídos.

Mensaxaría instantánea (IM) é un sistema de comunicación baseado en texto onde pode manter unha conversa con alguén na Internet de forma instantánea.

## Ofimática

O submenú **Oficina** é onde pode encontrar a maioría dos aplicativos da suite OpenOffice.org que lle axudarán a crear documentos formais, presentacións ou diapositivas. Ademais baixo **Oficina** tamén está o cliente de correo electrónico Evolution e un dicionario en liña. A suite OpenOffice.org instalada en Ubuntu está formada por:

- Procesador de textos de OpenOffice.org
- Folla de cálculo de OpenOffice.org
- Presentacións de OpenOffice.org
- Debuxo de OpenOffice.org (localizado no submenú **Gráficos**)

## Son e vídeo

O submenú **Son e vídeo** contén programas para traballar con multimedia, como:

- Gravador de discos Brasero
- Reprodutor de filmes Totem
- Editor de vídeo Pitivi
- Reprodutor de música Rhythmbox
- Gravador de son

Pode encontrar máis información sobre todos estes programas no Capítulo 3: Traballar con Ubuntu.

## Centro de software de Ubuntu

Na parte inferior do menú **Aplicativos** está o Centro de software de Ubuntu. Este aplicativo permítelle acceder á biblioteca de software que pode descargar. A pantalla principal do Centro de software de Ubuntu é similar ao menú **Aplicativos**, para simplificar a busca. Se sabe o nome do programa que busca, escriba o nome no campo de busca na parte superior dereita da xanela. O Centro de software de Ubuntu fai un seguimento de todos os programas que están instalados no seu computador. Se, simplemente, ten curiosidade do que está dispoñíbel pode explorar o software usando as categorías que se mostran na parte esquerda da xanela.

## Uso do menú Sistema

O menú **Sistema**, no panel superior, contén dous submenús importantes. Estes submenús, **Preferencias** e **Administración**, permítenlle facer modificacións na aparencia Ubuntu, así como na forma na que funciona. Mediante o menú **Sistema** tamén pode abrir o Centro de software de Ubuntu (Axuda e asistencia técnica), encontrar máis información sobre o contorno de escritorio GNOME (Sobre GNOME), e encontre máis información sobre Ubuntu en xeral (Sobre Ubuntu)

Para saber máis sobre OpenOffice.org e obter axuda cos aplicativos da suite OpenOffice.org visite <http://openoffice.org>.

Lea máis sobre o Centro de software de Ubuntu no Capítulo 5: Xestión de software.

Vexa o Capítulo 4: Hardware para obter máis información sobre como configurar Ubuntu.

## Preferencias

Vostede pode usar o submenú **Preferencias** para modificar a aparencia do escritorio e das xanelas, asignar unha impresora predeterminada, seleccionar atallos de teclado, cambiar as entradas mostradas no menú **Aplicativos**, editar as conexións de rede e cambiar a configuración do rato, ademais de moitas máis opcións.

## Administración

O submenú **Administración** contén programas que pode usar para monitorizar o rendemento do seu computador, modificar as particións do disco, activar controladores de terceiros, xestionar todas as impresoras instaladas e xestionar como o seu computador recibe as actualizacións de Ubuntu. Este submenú tamén contén o Xestor de paquetes Synaptic, que é un recurso máis técnico para localizar e descargar paquetes de software.

A maioría das opcións no menú **Administración** pediránlle o seu contrasinal de usuario cando prema sobre elas. Isto é un mecanismo de seguranza para que só as persoas autorizadas poidan cambiar a configuración do sistema. Para saber máis sobre a seguranza en Ubuntu vexa o Capítulo 7: Seguranza.

## Navegar polos ficheiros do seu sistema

Hai dúas formas de localizar ficheiros no seu computador. Pode usar a ferramenta Buscar ficheiros no menú **Aplicativos** debaixo de **Accesorios**, tamén pode usar o menú **Lugares** no panel superior. Consulte a sección Navegador de ficheiros Nautilus para obter máis información.

## Lugares

O menú **Lugares** ten a lista dos cartafol máis usados (como **Documentos**, **Música**, **Descargas** e o **Cartafol persoal**). Tamén pode navegar polos discos do seu computador premendo **Computador** no menú. Se ten unha rede doméstica configurada, encontrará un elemento de menú para acceder aos ficheiros/cartafol compartidos. Tamén pode acceder á ferramenta Buscar ficheiros desde o menú **Lugares** así como navegar pola lista dos ficheiros abertos recentemente.

## O seu cartafol persoal

O cartafol persoal é onde se gardan os ficheiros persoais do usuario. Cando instala Ubuntu, vostede tivo que inserir un nome para configurar a súa conta de usuario. Este mesmo nome asignouse ao seu cartafol persoal. Cando abra o seu cartafol persoal verá que hai varios cartafol dentro: o Escritorio (que contén calquera ficheiro visíbel desde o escritorio), Documentos, Música, Imaxes, Público, Modelos e Vídeos.

Tamén verá unha ligazón co nome Exemplos. Prema dúas veces sobre a ligazón para abrir un cartafol que contén documentos de exemplo, follas de cálculo e ficheiros multimedia.

Pode abrir o contido de exemplo para ver os distintos tipos de ficheiros que se mostran en Ubuntu.

## Navegador de ficheiros Nautilus

Así como Windows ten o Explorador de Windows e Mac OS X ten Finder para explorar ficheiros e cartafol, Ubuntu usa o explorador de ficheiros Nautilus de forma predeterminada. Ollaremos agora algunha das características que fornece Nautilus.

### A xanela do navegador de ficheiros Nautilus

Cando vostede abra un cartafol no escritorio ou desde o menú **Lugares**, o explorador de ficheiros Nautilus abre unha xanela. A xanela do explorador contén as seguintes características:

- ▶ *Barra de menú:* A barra de menú localízase na parte superior da xanela. Estes menús permítenlle modificar a disposición do explorador, navegar, marcar os ficheiros e cartafol máis usados e ver os ficheiros e cartafol ocultos.
- ▶ *Barra de ferramentas:* A barra de ferramentas contén ferramentas para a navegación e unha ferramenta para facer os contidos da xanela máis grandes ou máis pequenos. Ten unha lista despregábel que lle permite cambiar a vista a **Visualización de iconas**, **Visualización de lista** ou **Visualización compacta**. A icona de busca (que semella unha lupa) abre un campo no cal pode buscar por un ficheiro polo seu nome.
- ▶ *Ferramentas adicionais de navegación:* Xusto debaixo da barra de ferramentas na que verá unha representación de onde está navegando actualmente. É similar á función de navegación da maioría dos navegadores; fai un seguimento de onde está e permítenlle volver atrás se o require. Pode premer nas localizacións para ir atrás no explorador de ficheiros.
- ▶ O *panel da esquerda* do navegador de ficheiros ten atallos aos cartafol máis usados. Cando engada aos marcadores un cartafol, aparecerá neste panel. Non importará en que cartafol estea traballando, o panel da esquerda sempre conterá os mesmos marcadores. Pode cambiar este panel lateral para que mostre características diferentes premendo sobre a frecha ao lado de “Lugares” preto da parte superior.
- ▶ O máis longo, o *panel central* mostra os ficheiros e cartafol no directorio que está explorando actualmente.

Se marca un cartafol aparecerá no menú **Lugares**.

Se comeza a escribir unha localización Nautilus cambiará os botóns de navegación nun campo de texto co nome Localización.

### Navegar entre cartafol

Para navegar entre os cartafol, use os marcadores do panel da esquerda do navegador de ficheiros Nautilus. Pode tamén volver sobre os seus pasos premendo no nome do cartafol onde se mostran, xusto debaixo as iconas de navegación. Se preme dúas veces nun cartafol visíbel, navegará dentro del en Nautilus.




Figura 2.3: O xestor de ficheiros Nautilus mostrando o seu cartafol persoal.

## Abrir ficheiros

Para abrir un ficheiro pode facer dobre clic na súa icona ou premer co botón dereito e seleccionar **Abrir con** (programa).

## Crear cartafoles novos

Para crear un novo cartafol co Nautilus prema **Ficheiro** • **Crear cartafol**, pónalle nome ao cartafol substituindo “cartafol sen título” co nome que desexa (p. ex., “Finanzas persoais”). Tamén pode crear un cartafol premendo CTRL+MAIÚS+N, ou co botón dereito na xanela do explorador e seleccionando **Crear cartafol** no menú emerxente (esta acción tamén funciona no escritorio). Se desexa ocultar certos cartafoles ou ficheiros poña un punto (.) ao principio do seu nome (p. ex., “.Finanzas persoais”).

## Copiar e mover ficheiros e cartafoles

En Nautilus pode copiar ficheiros e cartafoles premendo en **Editar** • **Copiar** ou premendo co botón dereito sobre o elemento e seleccionando **Copiar** sobre

Teña en conta que pode ver os ficheiros ocultos premendo en **Ver** • **Mostrar ficheiros ocultos**, ou tamén premendo CTRL+H. Ocultar os ficheiros cun punto (.) non é unha medida de seguranza—simplemente mellora a forma de manter os seus ficheiros organizados e ordenados.

Tamén pode usar os atallos de teclado CTRL+C e CTRL+V para copiar e pegar ficheiros e cartafoles.



o menú emerxente. Cando use o menú **Editar** en Nautilus asegúrese primeiro de que seleccionou o ficheiro ou cartafol que quere copiar (premendo co botón esquerdo sobre el só unha vez).

Pode seleccionar múltiples ficheiros premendo co botón esquerdo sobre un espazo en branco (p. ex., nin sobre un ficheiro nin sobre un cartafol), mantendo o botón preso e arrastrando o cursor sobre os ficheiros e cartafoles que queira. Este movemento “premer-arrastrar” é moi útil cando quere seleccionar un grupo de elementos que están preto. Para seleccionar ficheiros e cartafoles que non están seguidos uns dos outros manteña a tecla CTRL mentres preme en cada elemento de forma individual. Cando teña seleccionados varios ficheiros e/ou cartafoles pode usar o menú **Editar** para levar a cabo accións como se fose un só elemento. Cando “copie” un ou varios elementos navegue ao lugar desexado e prema **Editar ▶ Pegar** (ou prema co botón dereito nunha área baleira da xanela e seleccione **Pegar** para copialos ao novo lugar.

Mentres que a orde *copiar* pode usarse para facer un duplicado dun ficheiro ou cartafol nunha nova localización, a orde *cortar* pode usarse para mover ficheiros e cartafoles. Isto é, porase unha copia na nova localización e o orixinal eliminarase da localización previa.

Para mover un ficheiro ou cartafol seleccione o elemento que quere mover e logo prema sobre o menú **Editar ▶ Cortar**. Navegue ao lugar desexado e prema **Editar ▶ Pegar**. Igual ca na orde anterior, tamén pode levar a cabo esta opción usando o menú do botón dereito do rato, isto funcionará con múltiples ficheiros ou cartafoles á vez. Unha forma alternativa de mover un ficheiro ou cartafol é premer sobre o elemento e arrastralo á súa nova localización.

## Usar múltiples separadores e múltiples xanelas do Nautilus

Abrir varias xanelas de Nautilus pode ser útil para arrastrar ficheiros e cartafoles entre distintos lugares. Tamén ten a opción de usar separadores, así como *paneis*. Cando navegue por un cartafol en Nautilus, para abrir unha segunda xanela, seleccione **Nova xanela** desde o menú **Ficheiro**. Isto abrirá unha nova xanela que lle permitirá arrastrar ficheiros entre dous lugares. Para abrir un novo separador prema **Ficheiro ▶ Novo separador**. Aparecerá unha nova fila sobre o espazo usado para navegar entre os seus ficheiros que conterá dous separadores—ambos os dous mostrarán o cartafol que estaba navegando orixinalmente. Pode abrir un segundo panel no Nautilus para ver dous lugares á vez sen ter que cambiar entre separadores ou xanelas. Para abrir un segundo panel prema **Ver ▶ Panel adicional** ou de forma alternativa mostre F3 no seu teclado. Arrastrar ficheiros e cartafoles entre paneis é unha forma rápida de mover ou copiar ficheiros.

Cando “copie” ou “corte” un ficheiro ou cartafol non sucederá nada ata que os “pegue” noutro lugar. Pegar só afectará aos elementos que fosen copiados ou cortados recentemente.

No menú **Editar** do Nautilus, tamén pode encontrar os botóns **Copiar a** e **Mover a**. Isto pode usarse para copiar e mover elementos a lugares comúns e pode ser moi útil se está usando **paneis** (vexa máis abaixo). Teña en conta que non é necesario usar **Pegar** cando usa estas opcións.

Cando arrastra elementos entre distintas xanelas, separadores ou paneis de Nautilus aparecerá un pequeno símbolo sobre o cursor do rato que lle permite saber a acción que se levará a cabo cando solte o botón do rato. Un símbolo máis (+) indica que se vai copiar o elemento e unha frecha pequena significa que o elemento se vai mover. A acción predeterminada dependerá do lugar que está usando.

## Buscar ficheiros no seu sistema

Anteriormente, mencionamos que pode buscar ficheiros no seu computador usando a característica **Buscar ficheiros** no menú **Lugares** no panel superior. Tamén pode usar o explorador Nautilus para buscar ficheiros como se explicou arriba.

Para buscar ficheiros máis rápido prema CTRL+F en Nautilus e logo escriba o que quere buscar.

## Personalizar o seu escritorio

Agora que sabe como usar o contorno de escritorio GNOME miremos como personalizar algunhas das súas características como modificar o comportamento dos seus paneis ou cambiar a aparencia do seu escritorio.

### Paneis

Os paneis (actualmente na parte superior e inferior da pantalla) poden moverse da súa posición predeterminada aos lados da pantalla, facer que se oculten cando non se usen e cambialos de cor. Para acceder a estas características prema co botón dereito sobre o panel que quere modificar e seleccione **Propiedades** sobre o menú emerxente. O separador **Xeral** ten opcións para ocultalo automaticamente, modificar a súa orientación e cambiar o tamaño do mesmo (ancho).

Use a lista despregábel **Orientación** para seleccionar onde quere poñer o panel, e debaixo del pode seleccionar o ancho (en píxeles). Teña en conta que o ancho máis pequeno permitido é de 20 píxeles.

De forma predeterminada o panel cobre todo o longo do escritorio. Para cambialo desmarque a opción **Expandir**. O panel reducirase ata acomodarse aos miniaplicativos ou iniciadores de programas que teña dentro. Prema no botón **Ocultación automática** fará que o panel se “recolla” cara o bordo da pantalla cando no o use, e manterase oculto ata que mova o seu rato sobre o bordo da pantalla.

Unha forma alternativa de ocultar o panel é facelo manualmente. Prema sobre **Mostrar os botóns de ocultación** para engadir un botón a cada lado do panel que pode usarse para ocultalo da súa vista. De forma predeterminada estes botóns mostrarán frechas que apuntan aos bordos da pantalla, porén, pode seleccionar a opción **Frechas nos botóns de ocultación** para eliminar as frechas e só mostrar os botóns. Se preme un destes **botóns de ocultación** o panel desprazarase pola pantalla e desaparecerá da vista, deixando só o botón de ocultación oposto ao que premeu, que premerá de novo para devolver o panel ao seu lugar orixinal. O separador **Fondo** da xanela Propiedades do panel permítelle cambiar a aparencia do panel. De forma predeterminada ten a configuración **Ningún (usar o tema do sistema)**, o que significa que o seu tema do escritorio ditará a aparencia do panel (veremos máis adiante como cambiar a aparencia do seu escritorio). Se o prefire pode seleccionar a súa cor do panel seleccionando o botón **Cor sólida** e logo seleccionando

De forma predeterminada, Ubuntu require que manteña cando menos un panel no escritorio. Se prefire unha aparencia semellante a Microsoft Windows pode establecer un panel na parte inferior da pantalla para iniciar os programas así como seleccionar entre as xanelas abertas. De forma alternativa, se prefire unha aparencia semellante ao Mac OS X pode manter un panel na parte superior da pantalla e engadir unha doca como Docks, Avant Window Navigator, (AWN) ou Cairo-Dock. Todas elas dispoñíbeis desde o Centro de software de Ubuntu que se explicará no Capítulo 5: Xestión de software.

unha na xanela de selección de cor. Tamén pode configurar o panel para que sexa transparente usando o desprazador. De forma alternativa pode premer sobre o botón **Imaxe de fondo** se ten unha imaxe ou patrón almacenado no seu computador que desexa usar para o fondo do seu panel. Use o selector de ficheiros para localizar a imaxe de fondo do seu computador e logo prema **Abrir** para aplicar o cambio.

### Engadir miniaplicativos

Ubuntu fornece unha selección de miniaplicativos que pode engadir a calquera panel. O miniaplicativos poden ser informativos ou só para ocio, e ademais tamén ofrecen acceso rápido a tarefas comúns. Para engadir un miniaplicativo prema co botón dereito sobre un panel e seleccione **Engadir ao Panel...** sobre o menú emerxente. Aparecerá unha xanela cunha lista dos miniaplicativos dispoñíbeis, os cales só terá que arrastrar cara un espazo libre nun dos paneis. Quizais queira probar algún dos miniaplicativos dispoñíbeis —é moi sinxelo eliminalos do panel, só ten que premer co botón dereito sobre un miniaplicativo e seleccionar **Eliminar do panel**. Para reposicionar un miniaplicativo existente, prema co botón dereito sobre el e seleccione **Mover**. Mova o cursor do rato á localización desexada (tamén pode ser un panel diferente) e prema co botón dereito para soltalo no lugar.

A xanela Engadir ao panel... tamén pode usarse para engadir iniciadores de aplicativos ao seu panel, similares ao iniciador de Firefox que está á dereita do menú **Sistema**. Para engadir un novo, prema dúas veces sobre **Iniciador de aplicativo...** cerca da parte superior da xanela. Aquí poderá navegar a través dos seus aplicativos e arrastralos ao seu panel para crear un novo iniciador, xusto como fixo para engadir un miniaplicativo anteriormente. Os iniciadores de programas tamén poden eliminarse e reposicionarse no menú premendo co botón dereito do rato sobre el.

Tamén pode engadir iniciadores ao panel arrastrándoos directamente desde o menú **Aplicativos**, á dereita do panel superior.

### Espazos de traballo

Para modificar os seus espazos de traballo prema co botón dereito no miniaplicativo de *selector de espazos de traballo* (de forma predeterminada está na parte dereita do panel inferior, xusto á esquerda do miniaplicativo do Lixo) e seleccione **Preferencias**. Na xanela que aparece pode seleccionar cantos espazos de traballo queira en total e cantos se mostran nunha ou máis filas. Tamén pode renomear cada espazo de traballo e ter os nomes dos espazos no miniaplicativo do panel. Se o prefire tamén pode seleccionar que se mostre só o espazo de traballo que se mostra actualmente. Neste caso tamén poderá cambiar entre espazos de traballo situando o rato sobre o selector de espazos de traballo e movendo a roda deste.

## Aparencia

Para modificar máis a aparencia do seu escritorio como o fondo de pantalla ou o tema das xanelas, pode facelo mediante Preferencias da aparencia. Para acceder a isto, vaia ao menú **Sistema • Preferencias** no panel superior.

### Tema

A xanela “Preferencias da aparencia” mostrará inicialmente o separador **Tema** cando se abra. Aquí pode seleccionar o tema que controlará a aparencia das súas xanelas, botóns, barras de desprazamento, paneis, iconas e outras partes do escritorio. O tema chamado “Ambiance” está activado de forma predeterminada, porén, verá que hai outros temas para seleccionar da lista. Prema sobre o que queira probar e aplicaranse os cambios inmediatamente.

Pode descargar máis temas premendo na ligazón “Obter máis temas en liña” na parte inferior da xanela. Abrirase o seu navegador na páxina <http://art.gnome.org/themes>, onde pode descargar novos temas de entre unha gran selección. Cando descargue un tema poña o ficheiro no seu computador (usando Nautilus) e arrástreo á xanela Temas. Isto engadirao aos seus temas dispoñíbeis e aparecerá unha xanela que lle preguntará se quere aplicar os cambios inmediatamente.

Vostede pode personalizar calquera tema que desexe seleccionándoo e logo premendo no botón **Personalizar...** debaixo. Aquí pode mesturar elementos de distintos temas como as iconas, os punteiros do rato, botóns e bordos de xanela para crear unha vista única.

### Fondo de escritorio

Prema sobre o separador **Fondo** na xanela de Preferencias da aparencia para cambiar o fondo de escritorio. Aquí poderá ver a selección de fondos de escritorio predeterminada de Ubuntu, porén, se quere almacenar as súas propias fotos no seu computador, pode usalas tamén. Para cambiar un fondo de escritorio só prema sobre a imaxe que queira usar da lista. Para usar a súa propia prema no botón **Engadir...** e navegue ata a imaxe que queira. Prema dúas veces sobre ela e o cambio aplicarase automaticamente. Esta imaxe tamén se engadirá á súa lista de fondos de escritorio dispoñíbeis.

Ten unha gran selección de fondos de escritorio premendo na ligazón “Obter máis imaxes de fondo en liña” na parte inferior da xanela Preferencias da aparencia. Esta ligazón abrirá o seu navegador web e mostraralle directamente o sitio web <http://art.gnome.org/backgrounds>.

### Tipos de letra

Tamén pode cambiar os tipos de letra usados no seu escritorio mediante a xanela Preferencias da aparencia premendo no separador **Tipos de letra**. Vostede pode establecer o estilo e tamaño de tipo de letra para os aplicativos,

Tamén pode cambiar o fondo de escritorio premendo co botón dereito do rato sobre o escritorio e seleccionando **Cambiar o fondo do escritorio** sobre o menú emerxente.




Figura 2.4: Vostede pode cambiar o tema no separador **Tema** das “Preferenzas da aparencia”.

elementos do escritorio, títulos de xanela e para calquera elemento que use tipos de letra de ancho fixo. A sección Renderización na parte inferior da xanela Fontes dálle catro opcións para cambiar a forma na que os tipos de letra se debuxan na súa pantalla. Se cambia isto pode mellorar a aparencia do texto en diferentes tipos de monitores.

## Protector de pantalla

Ubuntu conta cunha selección de protectores de pantalla. De forma predefinida móstrase unha pantalla en negro despois dun pequeno período de inactividade. Para seleccionar un protector de pantalla distinto prema sobre o menú **Sistema** no panel superior, logo, **Preferencias • Protector de pantalla**. Isto abrirá a xanela “Preferencias do protector de pantalla” cos protectores de pantalla dispoñíbeis á esquerda. Cando seleccione un protector de pantalla verá unha pequena vista previa na xanela ou pode velo a pantalla completa premendo sobre o botón **Previsualización**. Os botóns de frecha á esquerda e á dereita na parte superior permítenlle ver os diferentes protectores de pantalla sen deixar a previsualización a pantalla completa. Para volver á xanela Pefe-

rencias do protector de pantalla prema o botón **Saír da pantalla completa** na parte superior da pantalla.

Asegúrese que a opción **Activar o protector de pantalla cando o computador estea inactivo** está seleccionada se o quere activar. Pode axustar a barra de desprazamento para establecer o tempo de inactividade, teña en conta que pode activar de novo o seu computador premendo calquera tecla ou movendo o rato. Por razóns de seguranza, tamén pode seleccionar a opción **Bloquear a pantalla cando o computador está activo**. Neste caso, Ubuntu preguntarálle polo seu contrasinal de inicio de sesión cando volva ao computador.

## Accesibilidade

Ubuntu ten ferramentas internas para que o uso do seu computador sexa máis sinxelo para as persoas con certas limitacións físicas. Vostede pode encontrar estas ferramentas abrindo o menú **Sistema**, e logo seleccionando **Preferencias ▶ Tecnoloxías adaptadas**. Pode axustar a configuración do teclado e do rato para que se adapten ás súas necesidades na xanela “Preferencias das tecnoloxías adaptadas” premendo sobre os botóns **Accesibilidade do teclado** ou **Accesibilidade do rato**.




Figura 2.5: As tecnoloxías de asistencia permitenlle activar características adicionais para facer máis sinxelo o uso do seu computador.

## Outras tecnoloxías de asistencia

Orca é outra ferramenta útil para as persoas con discapacidade visual e vén preinstalada en Ubuntu. Para iniciar Orca, prema ALT+F2 e escriba **orca** no campo de texto de orde. Prema **Executar** cando remate. O sintetizador de voz de Orca activarase e asistiráo a través de varias opcións como o tipo de voz, idioma da voz, Braille e magnificación do sistema. Cando remate de seleccionar as súas preferencias terá que saír da sesión (Orca xa lle ofrecerá esta opción). Cando volva iniciar a sesión, as preferencias de Orca que seleccionou arrincarán automaticamente cada vez que use o seu computador.

Ademais destas opcións, se selecciona os temas de alto contraste e as fontes de pantalla máis grandes pode ter aínda máis asistencia coas dificultades de visión.

## Xestionar o seu computador

Cando remate de traballar co seu computador pode saír da sesión, suspender, reiniciar ou apagar mediante o menú de sesión no extremo dereito do panel superior. Tamén pode acceder rapidamente a estas opcións premendo as teclas CTRL+ALT+SUPR.

### Saír da sesión

Ao saír da sesión, o computador mantense acendido pero devolverao á pantalla de inicio de sesión. Isto é útil para cambiar de usuario, como cando unha persoa diferente desexa iniciar a sesión na súa conta ou cando se lle solicite “saír da sesión e volver a entrar”. Teña en conta que debe gardar o seu traballo antes de saír da sesión.

### Suspender

Para aforrar enerxía pode poñer o seu computador no modo de suspensión, que gardará a situación actual e permitiralle retomala de novo máis tarde mentres que o computador usa moi pouca enerxía. Suspender o computador apaga o disco rixido e garda a súa sesión en memoria, polo que é moi rápido suspender e retomar o traballo desde a suspensión.

### Hibernar

Hibernar é similar á suspensión, salvo que no lugar de gardar a súa sesión en memoria, a hibernación gardará toda a súa sesión no disco rixido. Isto tomará algo máis de tempo aínda que ten o beneficio engadido de que o computador non usa ningunha enerxía mentres está neste estado de hibernación.

### Reiniciar

Para reiniciar o seu computador, seleccione **Reiniciar** desde o menú de sesión.

### Apagar

Para apagar completamente o seu computador seleccione **Apagar** desde o menú de sesión.

## Outras opcións

Desde o menú de sesión pode seleccionar **Bloquear a pantalla** para que se lle solicite un contrasinal antes de que poida usar o computador de novo—isto é útil se quere deixar o seu computador por un momento. Tamén pode usar o menú de sesión para configurarlle unha sesión de convidado a un amigo que queira probar Ubuntu, ou *cambiar a un usuario* para iniciar unha sesión coa conta de usuario sen pechar os seus aplicativos.

## Obter axuda

Ubuntu, como o resto dos sistemas operativos, ten unha referencia de axuda chamada Centro de axuda de Ubuntu. Para acceder a ela prema na icona de axuda do panel superior. Tamén pode acceder a ela premendo en **Axuda e asistencia técnica** no menú **Sistema**.



Se non pode encontrar unha resposta á súa pregunta neste manual ou no Centro de axuda de Ubuntu, pode contactar coa comunidade de Ubuntu mediante os Foros de Ubuntu (<http://ubuntuforums.org>). Moitos usuarios de Ubuntu abren unha conta nos foros para recibir axuda, e tamén ofrecen asistencia a outros cando adquiren máis coñecemento. Outro recurso útil é a Wiki de Ubuntu (<https://wiki.ubuntu.com>), un sitio web mantido pola comunidade de Ubuntu.

Pode bloquear a pantalla de forma rápida usando o atallo de teclado CTRL+ALT+L. Recoméndase bloquear a pantalla se se alonxa do seu computador por un momento.

Alguns programas teñen a súa propia axuda, accesíbel premendo o menú **Axuda** na xanela do aplicativo.

Figura 2.6: Ao premer na icona azul de axuda no panel superior (xusto á dereita do menú **Sistema** e a icona de Firefox) abrírase a axuda interna de Ubuntu.

Recomendámoslle que comprobe calquera información que encontre noutros sitios web con múltiples orixes cando sexa posíbel, pero só siga as instrucións se as entende completamente.





Figura 2.7: A axuda interna do sistema fornece axuda baseada en temas para Ubuntu.

# 3 Traballar con Ubuntu

## Como conectarse á Internet

Se está nun lugar con acceso á Internet asegúrese de que está conectado para obter o mellor do seu sistema operativo Ubuntu. Esta sección do manual axudará a comprobar a súa conexión e configurala se fose necesario. Ubuntu pode conectarse á Internet usando unha conexión con fíos, sen fíos ou de marcado telefónico. Tamén admite algúns métodos de conexión avanzados que serán discutidos brevemente ao final desta sección.

Unha conexión con fíos é cando o seu computador está conectado fisicamente a un router ou a un Porto Ethernet cun cable. Esta é a conexión máis común para os computadores de escritorio.

Unha conexión sen fíos é cando o seu computador está conectado á Internet mediante unha rede sen fíos, tamén coñecida como WiFi. Os computadores portátiles normalmente usan a WiFi debido á súa portabilidade, facendo sinxelo o acceso á Internet desde distintas habitacións da súa casa ou cando viaxa. Para conectarse a unha rede sen fíos debe haber unha rede sen fíos funcionando. Necesitará comprar e instalar un *enrutador sen fíos* ou un *punto de acceso* aínda que nalgúns lugares xa teñen unha rede sen fíos establecida.

Unha conexión telefónica é cando o seu computador usa un *módem* para conectarse a un fornecedor de servizos da Internet mediante a súa liña de teléfono.

## NetworkManager

Para conectarse á Internet con Ubuntu vostede debe usar a utilidade NetworkManager. O NetworkManager permítelle activar ou desactivar toda a súa rede e axúdalle a xestionar as súas conexións con fíos, sen fíos e outras.



Pode acceder a todas as funcións do NetworkManager usando a súa icona no panel superior. Esta icona pode cambiar dependendo se ten unha conexión funcionando ou se a conexión é con fíos ou sen fíos. Se non está seguro probe pasando o rato sobre a icona ata que apareza unha descrición curta preto do cursor. Poderá ler, por exemplo, “A conexión de rede con fíos “Auto etho está activa” se ten unha conexión con fíos funcionando, ou algo relacionado á rede ou conexións como “Sen conexión” ou “Rede desactivada”

Premendo sobre esta icona móstrase unha lista das conexións de rede que

Se non está seguro se o seu computador ten unha tarxeta sen fíos compróbeo co seu fabricante.

Figura 3.1: NetworkManager mostrará esta icona no panel superior cando se conecte a unha rede con fíos.




Figura 3.2: Aquí pode ver a conexión actualmente activa “auto eth0” listada no menú do NetworkManager.

están dispoñíbeis. Se xa está conectado á Internet o nome desta conexión salientarase en letra grosa.




Figura 3.3: Este é o menú cando preme co botón dereito sobre a icona de rede.

Tamén pode premer co botón dereito do rato sobre a icona do NetworkManager. Isto abrirá un menú que lle permitirá activar ou desactivar a rede, ver detalles técnicos sobre a súa conexión actual ou editar todas as configuracións da conexión. Na imaxe de arriba a caixa de verificación “Activar rede” está seleccionada, pode deseleccionala para desactivar todas as conexións de rede. Isto pode ser útil para cerrar todas as conexións sen fíos, como cando está nun avión.

## Estabelecer unha conexión con fíos

Se ten un cable *Ethernet* conectado a un conector na parede, un router ou calquera outro dispositivo, entón vostede ten unha conexión de rede con fíos en Ubuntu.

Para conectarse a unha rede con fíos necesita saber se a súa conexión de rede admite DHCP. Isto é un acrónimo de “Dynamic Host Configuration Protocol,” é unha forma de que os computadores reciban a configuración automaticamente desde un fornecedor de servizos na Internet (ISP). Esta, normalmente, é a forma máis rápida e máis doada de establecer unha conexión entre o computador e o seu ISP para acceder á Internet, aínda que algúns ISP poden ofrecer o chamado *endereço estático*. Se non está seguro se o seu ISP admite DHCP debería contactar co servizo de atención ao usuario para comprobalo. Tamén poden darlle información sobre o seu endereço estático se é que ten

Está conectado xa? Se a icona do NetworkManager no panel superior mostra unha conexión entón posibelmente estea conectado durante o resto do proceso de instalación. Se é así, non necesita seguir o resto desta sección.

un asignado para vostede (nalgúns casos os ISP só asignan enderezos estáticos cando o cliente o solicita).

### Conexións automáticas con DHCP

Se a súa rede admite DHCP xa debería ter configurado o seu acceso en liña. Para comprobalo prema na icona do NetworkManager. Debería ter a cabeceira “Rede con fíos” no menú que se mostra. Se aparece “Auto eth0” directamente baixo ela entón o computador xa está conectado e probabelmente xa estea configurado con DHCP. Se aparece “desconectado” en gris xusto debaixo da sección de rede con fíos, mire máis abaixo se aparece unha opción co nome “Auto eth0” na lista. Se é así, prema sobre ela para tentar establecer a rede con fíos.

Para comprobar se está conectado prema co botón dereito na icona do NetworkManager no panel superior e seleccione a opción **Información da conexión**.




Figura 3.4: Esta xanela mostra o seu enderezo IP e outra información da súa conexión.

Debería ver unha xanela que lle mostra os detalles da súa conexión. Se o enderezo IP se mostra como 0.0.0.0 ou comeza por 169.254 entón o seu computador non foi configurado correctamente mediante DHCP. Se mostra outro enderezo o máis seguro e que a súa conexión fora configurada correctamente. Para comprobar a súa conexión a Internet debe abrir o navegador web Firefox para probar se carga unha páxina web. Ten máis información sobre como usar Firefox máis adiante neste capítulo.

Se aínda non está conectado despois de seguir estes pasos, pode probar a configurar a súa configuración de Internet de forma manual, usando un enderezo IP estático.

Un enderezo IP (Protocolo de internet) é un número asignado aos dispositivos nunha rede de computadores. Isto é o equivalente aos números de teléfono da súa casa, o que lle permite identificalo inequivocamente para que poida acceder á Internet e compartir ficheiros con outros.

Para acceder á xanela “Información de conexión” terá que asegurarse de que a súa rede está activada. No caso contrario esta opción estará desactivada e non poderá selecciónala premendo co botón dereito no miniaplicativo NetworkManager. Para activar a rede prema co botón dereito no miniaplicativo NetworkManager e seleccione **Activar rede** desde o menú despregábel.

## Configuración manual con enderezos estáticos

Se a súa rede non admite DHCP, debe saber algunha información para conectarse.

- ▶ Un **endereço IP** é un endereço único usado para identificar o seu computador na Internet. Cando se conecta mediante DHCP, pode cambiar varias veces, porén, se o seu ISP lle forneceu un endereço estático non o fará. Un endereço IP sempre está formado por catro números separados por puntos, por exemplo, 192.168.0.2.
- ▶ A **máscara de rede** dille ao seu computador o tamaño da rede á que pertence. Ten a mesma forma que un endereço IP pero normalmente é algo semellante a 255.255.255.0
- ▶ A **pasarela** é o endereço IP do final do seu ISP. Axúdalle ao seu computador a conectarse ou “falar” coa súa rede, e actúa como unha “pasarela” entre o seu computador e Internet.
- ▶ Os **servidores DNS** son un ou máis enderezos IP de servidores de “Sistemas de nomes de dominios”. Estes servidores converten enderezos web estándar (como http://www.ubuntu.com en enderezos IP como endereço 91.189.94.156. Este paso permite que o computador poida “encontrar” o sitio web correcto cando escriba o endereço do sitio web que desexa visitar. Requírese un mínimo dun servidor DNS e os adicionais son usados no caso de que o primeiro falle.

Para configurar manualmente unha rede con fíos prema co botón dereito sobre a icona do NetworkManager e seleccione **Editar conexións**. Asegúrese que está vendo o separador **Con fíos** dentro da xanela “Conexións de rede” que se mostra.

A lista debe ter xa unha entrada como “Auto eth0”, ou un nome similar. Se se mostra unha conexión selecciónela e logo prema sobre o botón **Editar**. Se non se mostra unha conexión prema o botón **Engadir**.

Se está engadindo unha conexión, primeiro debe fornecer un nome para a mesma para que se poida distinguir das outras que serán engadidas máis tarde. No campo “Nome da conexión” introduza un nome como “Conexión con fíos 1”.

Para configurar a conexión:


1. Baixo o nome da conexión, asegúrese de que está seleccionada a opción **Conectar automaticamente**.
2. Cambie ao separador **Configuración IPv4**.
3. Cambie o **Método** a “Manual.”
4. Prema no botón **Engadir** ao lado da lista baleira de enderezos.
5. Escriba o seu endereço IP no campo de embaixo do título **Endereço**.
6. Prema á dereita do endereço IP, xusto debaixo do título **Máscara de rede** e escriba a máscara da súa rede. Se non está seguro de cal é a máscara da súa rede, normalmente será “255.255.255.0”.

Se non ten esta configuración, necesitará consultarle ao seu administrador de rede ou a asistencia ao consumidor do seu ISP para recibilas.



Figura 3.5: Nesta xanela pode editar manualmente unha conexión.

7. Prema á dereita da máscara de rede xusto debaixo do título **Pasarela** e escriba o enderezo da súa pasarela.
8. No campo **Servidores DNS de embaixo**, escriba os enderezos dos seus servidores DNS. Se a súa rede ten máis dun servidor DNS, escribaos **todos separados por comas**.
9. Prema no botón **Aplicar** para gardar os cambios.

 *Un enderezo MAC é o enderezo físico da tarxeta de rede do seu computador. Cando usa unha conexión de módem por cable ou similar é importante que o escriba. Se coñece o enderezo MAC da súa tarxeta de rede pode escribilo no campo de texto axeitado no separador **Con fíos** na xanela de edición.*

Cando volva á xanela Conexións de rede, debería mostrarse a rede engadida recentemente. Prema **Pechar** para volver ao escritorio. Se a súa conexión foi configurada correctamente a icona do NetworkManager debería cambiar para mostrarlle unha conexión activa. Para comprobar se a súa conexión está configurada correctamente siga as instrucións de embaixo para verificar a conexión DHCP.

## Sen fíos

Se o seu computador está equipado cunha tarxeta de rede sen fíos (Wi-Fi) e ten unha rede sen fíos próxima, debería poder conectarse á rede en Ubuntu.

## Conectarse a unha rede sen fíos pola primeira vez

Se o seu equipo ten unha tarxeta de rede sen fíos, debe poder conectarse a unha rede sen fíos. A maioría dos equipos portátiles e miniportátiles teñen unha tarxeta de rede sen fíos.


Ubuntu pode detectar calquera rede sen fíos dispoñíbel na contorna da súa tarxeta sen fíos. Para ver unha lista das redes sen fíos, prema a icona do NetworkManager. Baixo a cabeceira “Redes sen fíos” debería ver unha lista das redes sen fíos dispoñíbeis. Cada rede mostrarase co nome á esquerda e un medidor de sinal á dereita. Un medidor de sinal móstrase como unha serie de barras—cantas máis barras recheas máis potencia terá a conexión.

Unha rede sen fíos pode estar aberta para que calquera poida conectarse ou pode estar protexida cunha seguranza de rede. Para as redes que teñen protección, mostrarase un pequeno cadeado ao lado do medidor de sinal.

Para conectarse a unha rede sen fíos seleccione o nome da rede desexada da lista. Este é o nome que foi configurado cando o router sen fíos ou o punto de acceso se instalou. Se vostede está no seu lugar de traballo ou nun lugar cunha rede sen fíos accesíbel publicamente, o nome da rede axudáralle na súa identificación.

Se a rede non está protexida (p. ex., o medidor de sinal non mostra un cadeado) a conexión debería establecerse nuns poucos segundos. A icona do NetworkManager no panel superior animarase para indicar que Ubuntu está tentando establecer unha conexión e, se conecta con éxito, cambiará para mostrar o medidor de sinal. Tamén aparecerá unha mensaxe de notificación na parte superior dereita da súa xanela que informará que a conexión foi establecida.

Se a rede está protexida Ubuntu mostrará unha xanela chamada “Requírese autenticación de rede sen fíos” cando tente conectarse a ela. Isto significa que necesita un contrasinal para conectarse.



Para mellorar a velocidade e fiabilidade da súa conexión tente achegarse ao seu punto de acceso.

Figura 3.6: Escriba o contrasinal da súa rede sen fíos.

Se coñece o contrasinal, escribalo no campo **Contrasinal** e despois prema **Conectar**. Mentres escribe, o contrasinal mostrarase oculto para evitar que

outros o poidan ver. Se o prefire, pode seleccionar a opción **Mostrar o contrasinal** para ver o contrasinal mentres escribe.

Logo de premer no botón **Conectar** a icona do NetworkManager no panel superior animarase para indicar que está tentando conectarse á rede. Se inseriu o contrasinal correcto establececese a conexión e a icona do NetworkManager cambiará para mostrar un medidor de sinal con barras. Finalmente, Ubuntu mostrará unha mensaxe na parte superior dereita da súa pantalla para informalo de que se estableceu a conexión.

Se inseriu o contrasinal da rede sen fíos de forma incorrecta, o NetworkManager tentará establecer a conexión e logo volverá á xanela “Requírese autenticación de rede sen fíos”. Pode tentar inserir o contrasinal correcto de novo ou premer **Cancelar** para abortar a conexión. Se non sabe o contrasinal para a rede que seleccionou necesitará consultarllo ao administrador da rede.

Cando se estableza unha conexión de rede sen fíos correcta, Ubuntu almacenará as configuracións (incluíndo o contrasinal da rede); isto fará moito máis sinxelo conectarse á mesma rede no futuro. Pode ser que se lle pida seleccionar un contrasinal do *anel de chaves*. O anel de chaves almacena información sobre as redes e contrasinais importantes no mesmo lugar, polo que pode acceder a todos eles no futuro con só lembrar o seu contrasinal do anel de chaves.

Seleccione a opción **Mostrar o contrasinal** para asegurarse de que non tivo un erro ao escribir o contrasinal.

### Conectarse a unha rede sen fíos gardada

Se xa estableceu unha conexión sen fíos correctamente, o contrasinal desa conexión estará gardado no computador. Isto permite conectarse coa mesma rede sen ter que volver introducir o contrasinal.

Ademais, Ubuntu tentará conectarse automaticamente a unha rede sen fíos no seu rango se ten as configuracións gardadas. Isto funcionará tanto para redes abertas como para as redes con seguranza.

Se ten gardadas varias redes sen fíos, Ubuntu pode elixir conectarse a unha delas, mentres que o usuario pode preferir conectarse a outra. Neste caso, prema na icona do xestor de rede. Debería mostrarse unha lista de redes sen fíos dispoñíbeis, xunto cos medidores de sinal. Prema na rede desexada.

Se non se cambiou o contrasinal ou outras configuracións, Ubuntu conectarase á rede sen fíos que seleccione. Se cambiou o contrasinal, Ubuntu abrirá a xanela de “Requírese autenticación de rede sen fíos”. Neste caso siga as instrucións da sección anterior.

### Conectarse a unha rede sen fíos oculta

En ocasións pode necesitar conectarse a unha rede sen fíos oculta. Estas redes ocultas non difunden os seus nomes, o que significa que non se mostran na lista de redes sen fíos no menú do NetworkManager. Para poder conectarse a unha rede oculta debe preguntarlle o nome e as configuracións de seguranza ao administrador da rede.



Para conectarse a unha rede oculta:

1. Prema na icona do NetworkManager no panel superior.
2. Seleccione a opción **Conectarse a unha rede sen fíos oculta**. Ubuntu debería abrir a xanela “Conectar a unha rede sen fíos oculta”.
3. De forma predeterminada o campo **Conexión** debería mostrar “Nova...” —vostede pode deixar isto sen cambios.
4. No campo **Nome da conexión**, introduza o nome da rede sen fíos. Este nome tamén se coñece como un *SSID*. Introduza o nome da rede exactamente como se lle forneceu.
5. No campo **Seguranza da rede** seleccione unha das opcións. Se a rede está aberta deixe este campo en “Ningunha”. Se non sabe a configuración correcta para a rede non poderá conectarse á rede oculta.
6. Prema no botón **Conectar**.

O resto do proceso debería funcionar exactamente como na sección sobre a conexión inicial a redes sen fíos. Unha vez configurada segundo as instrucións anteriores, a rede oculta debería aparecer na listaxe de redes gardadas.

### Desactivar e activar a tarxeta de rede sen fíos

O acceso sen fíos en Ubuntu actívase de forma predeterminada se conta cunha tarxeta de rede sen fíos no computador. Nalgúns casos, por exemplo, nos avións, pode que se lle pida que desactive a rede sen fíos.

Para facer isto, prema co botón dereito na icona do Xestor de rede, e desmarque a opción **Activar rede sen fíos**. A súa rede sen fíos apagarase, e o seu computador non poderá buscar redes sen fíos dispoñíbeis.

Para activar de novo a rede sen fíos, prema co botón dereito na icona do Xestor de rede e active a opción **Activar rede sen fíos**. A súa rede sen fíos activarase de novo. Logo, Ubuntu buscará as redes sen fíos do arredor e conectarase a calquera das redes gardadas no ámbito.

Algúns computadores teñen un interruptor físico para activar ou desactivar a WiFi.

### Modificar unha rede sen fíos existente

En ocasións, pode querer cambiar a configuración dunha rede sen fíos que gardou previamente. Ou o contrasinal foi cambiado, ou o administrador de sistemas solicitoulle realizar cambios na configuración da conexión de rede ou na seguranza.

Para modificar unha conexión de rede sen fíos gardada:

1. Prema co botón dereito na icona do Xestor de rede e seleccione **Editar conexións...**
2. Debería abrirse unha xanela de “Conexións de rede”. Prema no separador **Sen fíos** para ver unha lista de conexións de rede sen fíos gardada.
3. De forma predeterminada, esta lista mostra as conexións ordenadas desde as usadas máis recentemente ás menos usadas. Encontre a conexión que desexa editar, prema nela, e logo prema no botón **Editar**.

4. Ubuntu debería abrir unha xanela chamada “Editando *(nome da conexión)*”, onde *(nome da conexión)* é o nome da conexión que está editando. A xanela debería mostrar varios separadores.
5. Sobre os separadores, vostede pode cambiar o campo **Nome da conexión** se quere darlle á conexión un nome recoñecíbel.
6. Se a opción **Conectar automaticamente** non está seleccionada, Ubuntu detectará a rede sen fíos pero non se conectará automaticamente a ela se non a escolla no menú NetworkManager. Selecciona ou non esta configuración como necesite.
7. No separador **Sen fíos** da xanela “Edición *(nome da conexión)*”, pode necesitar editar o campo **SSID**. Un **SSID** é o nome da conexión á rede sen fíos—de se configurar incorrectamente, a rede pode non se detectar e non ser posíbel conectar. Asegúrese de que o **SSID** está configurado conforme as instrucións que teña por parte do administrador da rede.
8. Debaixo de **SSID** debería ver o campo **Modo**. O modo de “Infraestrutura” significa que podería conectarse a un enrutador ou punto de acceso sen fíos. É o modo máis común para as redes sen fíos. O modo “Ad-hoc” é un modo computador-a-computador e é normalmente usado en casos máis avanzados.
9. No separador **Seguranza de rede sen fíos** na xanela “Editando *(nome da conexión)*” pode necesitar cambiar o campo **Seguranza** á opción correcta. Se selecciona **Ningunha** significa que está usando unha rede aberta e sen seguranza. As outras seleccións poden requirir información adicional substancialmente diferente:
  - ▶ **Chave WEP de 40/128-bit** é unha configuración de seguranza moi antiga que aínda se usa nalgúns redes sen fíos. Se a súa rede usa este modo de seguranza necesitará introducir unha chave no campo **Chave** que debe aparecer despois de seleccionar este modo.
  - ▶ **Frase de paso de 128 bits WEP** é a mesma opción de seguranza antiga que a anterior pero no lugar dunha chave o seu administrador da rede debería fornecerlle un texto de frase de paso—un contrasinal—para conectarse á rede. Cando seleccione este modo de seguranza terá que escribir a súa frase de paso no campo **Chave**.
  - ▶ **WPA e WPA2 Persoal** son os modos de seguranza máis comúns para as conexións de rede sen fíos na casa e nos negocios. Cando seleccione este modo necesitará inserir o contrasinal no campo **Contrasinal**.
  - ▶ Se o seu administrador de rede require seguranza LEAP, WEP dinámica ou WPA e WPA2 empresarial, necesitará a axuda do administrador para configurar estes modos de seguranza.
10. No separador **Configuración IPv4** podería necesitar cambiar o campo **Método** de “Automático (DHCP)” a “Manual” ou un dos seguintes métodos. Para configurar manualmente as opcións (tamén coñecido como enderezos

estáticos) vexa a sección de embaixo sobre como configurar as conexións de rede con fíos.

11. Cando remate de facer os cambios na conexión, prema **Aplicar** para gardar os seus cambios e pechar a xanela. Vostede pode premer **Cancelar** para pechar a xanela sen gardar os cambios.
12. Finalmente, prema en **Pechar** na xanela “Conexións de rede” para volver ao escritorio.

Despois de facer os cambios, a súa nova configuración terá efecto inmediatamente.

## Outros métodos de conexión

Hai outros modos de conectarse con Ubuntu

Co NetworkManager, tamén pode configurar as conexións de banda larga móbil para manterse en liña empregando o seu móbil ou o doutro operador de datos por telefonía.

Tamén pode conectarse a DSL (Liña de subscrición dixital), que é un método de conexión á Internet que usa a liña de teléfono e un “módem DSL”.

Tamén é posíbel usar NetworkManager para establecer unha conexión VPN (rede privada virtual). Normalmente úsase para crear unha conexión segura co seu lugar de traballo.

Ubuntu tamén pode conectarse usando a banda larga móbil, VPN ou DSL, porén, estes métodos están máis aló do ámbito desta guía.

Unha VPN é unha “Rede Privada Virtual”, e normalmente úsase para protexer as conexións. As DSL son as “Liñas de subscrición dixital”, un tipo de conexión de banda larga.

## Navegar pola Web

Cando se conecte á Internet poderá navegar pola Web con Ubuntu. Mozilla Firefox é o aplicativo predeterminado para navegar pola Web en Ubuntu.

### Iniciar o Firefox

Para iniciar o Firefox abra o menú **Aplicativos** logo seleccione **Internet** e finalmente **Navegador web Firefox**. Se o seu teclado ten o botón “www” tamén pode premer este botón para iniciar o Firefox.

Para configurar outros atallos de teclado ou cambiar o atallo para iniciar o Firefox vaia a **Sistema ▶ Preferencias ▶ Atallos de teclado**.

## Navegar polas páxinas web

### Ver a súa páxina de inicio

Cando arrinque Firefox verá a páxina de inicio. De forma predeterminada verá a Páxina de inicio de Ubuntu.

Para mostrar máis contido web na pantalla, pode usar o *Modo de pantalla completa*. O modo de pantalla completa concentra as barras de ferramentas do Firefox nunha pequena barra de ferramentas. Para activar o modo de pantalla completa simplemente seleccione **Ver ▶ Pantalla completa** ou prema F11.

Para ir a súa páxina de inicio rapidamente, prema ALT+Inicio.




Figura 3.7: A páxina de inicio predeterminada de Ubuntu para o navegador web Firefox.

URL vén de Uniform Resource Locator (localizador de recursos uniforme) e www vén de World Wide Web.

## Navegar a outra páxina

Para navegar por unha páxina web, necesita escribir o seu enderezo de Internet (tamén coñecido como o URL) na Barra de localización. O URL normalmente comeza con “http://” seguido dun ou máis nomes que identifican o enderezo. Por exemplo “http://www.ubuntu.com/.”




Figura 3.8: Vostede pode inserir un enderezo web ou buscar na Internet escribindo na barra de localización.

Para navegar:

1. Prema na barra de localización para seleccionar o URL que xa está aí.
2. Escriba o URL da páxina que quere visitar. O URL que escriba substitúe calquera texto que xa estea na Barra de localización.
3. Prema Enter.

Para seleccionar de forma rápida o URL na Barra de localización, prema CTRL+L.

Se non coñece un URL, probe a escribir algo da páxina que quere visitar na Barra de enderezos (por exemplo un nome ou outra busca pertinente) e prema Intro. Buscarase co seu motor de busca favorito—Google de modo predeterminado—sobre ese termo e levarao á páxina que apareza como primeira no resultado desa busca.

### Premer unha ligazón

A maioría das páxinas web conteñen ligazóns que pode premer para pasar a outras páxinas.

Para premer unha ligazón:

1. Mova o punteiro do rato ata que este se torne nun dedo levantado. Isto acontece sempre que o punteiro estea sobre unha ligazón. A maioría das ligazóns son texto subliñado, mais os botóns e as imaxes dunha páxina web tamén poden ser ligazóns.
2. Prema sobre a ligazón unha vez. Mentres Firefox localiza a páxina da ligazón, a mensaxe de estado aparecerá na parte inferior da xanela.

### Volviendo sobre os seus pasos

Se quixer visitar unha páxina que xa vira antes, hai varios xeitos de facelo.

- ▶ Para ir atrás ou adiante unha páxina prema no botón **Atrás** ou **Adiante**.
- ▶ Para ir adiante e atrás máis dunha páxina, prema nos triángulos pequenos dos botóns de **Atrás** e **Adiante**. Debería ver a lista de páxinas que visitou recentemente. Para volver a unha páxina, selecciónea da lista.
- ▶ Para ver unha lista dos URL que escribiu na Barra de localización prema na frecha que apunta cara abaixo ao final da Barra de localización. Para ver unha páxina selecciónea da lista.
- ▶ Para seleccionar unha das páxinas que visitou durante a sesión actual, abra o menú **Historial** e escolla na lista, na sección inferior do menú.
- ▶ Para seleccionar unha das páxinas que visitou en varias sesións anteriores abra o menú **Historial** e seleccione **Mostrar todo o historial**. Firefox debería abrir unha xanela “Biblioteca” que mostra unha lista de cartafoles. Prema nos cartafoles para mostrar os subcartafoles ou nos títulos das páxinas web que visitou no pasado. Prema sobre o título dunha páxina web para abrila no Firefox.

### Deter e recargar

Se unha páxina carga demasiado lenta ou xa non desexa ver unha páxina prema no botón **Deter**.

Tamén pode premer a tecla F6 no seu teclado para salienta a barra de localización no Firefox.

Para recargar a páxina actual ou obter a versión máis actualizada, prema no botón **Recargar** ou prema CTRL+R.

### Abrir xanelas novas

En ocasións, quizáis queira ter máis dunha xanela de navegación. Isto axudará a organizar mellor a súa sesión de navegación, ou separar as páxinas web que está vendo por diferentes razóns.

Hai dúas formas de crear unha nova xanela:

- ▶ Na barra de menú, abra o menú **Ficheiro** e logo seleccione **Nova xanela**.
- ▶ Prema CTRL+N.

Cando se abra unha nova xanela, pode usala como a primeira—incluíndo navegar e abrir separadores novos.

### Abrir unha ligazón nunha xanela nova

En ocasións, pode querer seguir unha ligazón para navegar a outra páxina web, pero sen pechar a páxina orixinal. Para facer isto pode abrir a ligazón que quere abrir nunha xanela separada.

Hai dúas formas de abrir unha ligazón nunha nova xanela:

- ▶ Prema co botón dereito sobre unha ligazón para abrir o seu menú emerxente. Seleccione a opción **Abrir a ligazón nunha nova xanela**. Abrirase unha nova xanela coa páxina web da ligazón que premeu.
- ▶ Prema e manteña a tecla Maiús cando prema unha ligazón. Isto abrirá a páxina web nunha nova xanela.

### Navegación con separadores

Se quere visitar máis dunha páxina web á vez pode usar a *Navegación con separadores* para navegar pola Web.

A navegación con separadores permite abrir varias páxinas web dentro dunha única xanela do Firefox, aparecendo cada unha no seu propio separador. Isto libera espazo no escritorio, dado que non hai que ter unha xanela aberta para cada páxina web que se estea a visitar. Pódense abrir, fechar e recargar páxinas web nun sitio sen ter que pasar a outra xanela.

### Abrir un separador novo en branco

Hai tres xeitos de crear un separador novo en branco:

- ▶ Prema no botón **Novo separador** na parte dereita do último separador.
- ▶ Na barra de menú, abra o menú **Ficheiro** e logo seleccione **Novo separador**.
- ▶ Prema CTRL+T.

Vostede pode trocar de forma rápida entre os distintos separadores usando o atallo de teclado CTRL+TAB.

Cando cree un novo separador conterá unha páxina en branco coa Barra de localización enfocada. Comece a escribir un enderezo web (URL) ou outro termo de busca para abrir un sitio web no novo separador.

### Abrir unha ligazón no seu propio separador

En ocasións, pode querer premer nunha ligazón para dirixirse a outra páxina web, pero sen pechar a páxina orixinal. Para facer isto, pode abrir a ligazón que queira nun separador propio.

Hai tres xeitos de abrir unha ligazón no seu propio separador:

- ▶ Se o seu rato ten o botón do medio ou unha roda, prema na ligazón co botón do medio ou roda do rato. Debería abrirse un novo separador coa páxina web da ligazón que se premeu.
- ▶ Prema sobre a ligazón co botón esquerdo do rato e manteña pulsado o botón. Arrastre a ligazón a un espazo en branco na barra de separadores e solte o botón do rato. Deberíase abrir un novo separador que contén a páxina web da ligazón que arrastrou.
- ▶ Prema e manteña a tecla CTRL mentres preme o botón esquerdo do rato nunha ligazón. Abrirase un novo separador que contén a páxina web da ligazón que premeu.

### Fechar un separador

Unha vez que vira unha páxina web nun separador, pode pechar ese separador.

Hai catro formas de pechar un separador:

- ▶ Prema no botón **Pechar** no lado dereito do separador que desexe pechar.
- ▶ Na barra de menú abra o menú **Ficheiro** e logo seleccione **Pechar separador**.
- ▶ Prema no separador que quere pechar co botón central do rato ou a roda do rato, se a ten.
- ▶ Prema CTRL+W.

### Restaurar un separador fechado

En ocasións, pode ser que pechara o separador incorrecto por accidente ou por outra razón e desexa volver a un separador que pechara recentemente.

Para recuperar un separador que pechou, faga o seguinte:

- ▶ Na barra de menú, abra o menú **Historial**, seleccione **Separadores pechados recentemente** e logo escolla o nome do separador que quere restaurar.
- ▶ Prema CTRL+MAIÚS+T para volver a abrir o separador pechado máis recentemente.

## Cambiar a orde dos separadores

Para mover un separador a un lugar diferente na barra de separadores arrástreo usando o seu rato. Prema e manteña o botón do rato sobre o separador e arrástreo ata o novo lugar na barra de separadores. Mentres arrastra o separador, Firefox amosará un pequeno indicador para mostrarlle onde se situará finalmente o separador.

## Mover un separador entre xanelas

Se ten máis dunha xanela do Firefox aberta, pode mover un separador aberto a unha xanela distinta. Tamén pode independizar o separador para ser unha xanela de por si.

Para mover un separador dunha xanela do Firefox a outra xanela xa aberta, prema sobre el e mantéñase sobre o separador e arrástreo á barra de separadores da outra xanela do Firefox. Cando solte o botón do rato o separador unirase á nova xanela.

Para mover un separador desde unha xanela á súa propia, prema sobre el e mantéñase sobre o separador e arrástreo cara abaixo da barra de separadores. Cando solte o botón do rato, o separador converterase nunha nova xanela.

## Buscas

Pode realizar buscas na Web ou noutros lugares co Firefox sen ter que visitar a páxina principal do motor de busca.

De forma predeterminada, Firefox buscará na Web usando o motor de busca de Google.

## Buscar na Web

Para buscar na Web co Firefox, escriba unhas poucas palabras na barra de busca do Firefox.

Por exemplo, se desexa buscar información sobre *Rosalía de Castro*:

1. Prema na **Barra de busca**
2. Escriba a frase “*Rosalía de Castro*”. A súa frase substituirá calquera texto que estea actualmente na Barra de busca.
3. Prema Enter para buscar.

Os resultados da busca desde Google para “*Rosalía de Castro*” deberían aparecer na xanela do Firefox.

## Seleccionar os motores de busca

Se vostede non desexa usar Google como o seu motor de busca na Barra de buscas, pode cambiar o motor de busca que use o Firefox.

Para cambiar o motor de busca, prema na icona do lado esquerdo da Barra de busca. Escolla un dos outros motores de busca da lista. Algúns motores






Figura 3.9: Estes son os motores de busca que pode usar na barra de busca do Firefox.

de busca, como Google, buscan en toda a Web; outros como Amazon.com, só buscan en sitios específicos.

### Buscar na Web palabras seleccionadas nunha páxina web

Ás veces, pode querer buscar unha frase que aparece nunha páxina web diferente. No lugar de copiar e pegar a frase na barra de buscas, Firefox permítelle buscar pola rede palabras que vostede seleccione nunha páxina web.

1. Realce calquera palabra na páxina web usando o botón esquerdo do rato.
2. Prema co botón dereito sobre o texto para abrir o menú emerxente. Selecciona a opción **Buscar en [Motor de busca] por “[as súas palabras seleccionadas]”**.

Firefox debería abrir un novo separador que deberá conter os resultados de busca para as súas palabras realzadas a través do buscador seleccionado.

### Buscar dentro dunha páxina




Figura 3.10: Vostede pode buscar nas páxinas web usando a barra de ferramentas de busca.

É posíbel de desexe buscar un texto específico dentro dunha páxina web que está vendo. Para buscar texto dentro da páxina que está vendo actualmente no Firefox:

1. Prema CTRL+F ou seleccione **Editar > Localizar** para abrir a **Barra de busca** na parte inferior do Firefox.

2. Escriba o texto que quere buscar no campo **Buscar** na barra de ferramentas de busca. A busca comezará automaticamente tan pronto como escriba algo no campo.
3. Unha vez que un texto coincide na páxina web, vostede ten as seguintes opcións:
  - Prema **Seguinte**, para buscar o texto na páxina que está debaixo da posición actual do cursor.
  - Prema en **Anterior**, para encontrar o texto que está sobre a posición actual do cursor.
  - Prema sobre o botón **Realzar todo** para realzar as ocorrencias das palabras buscadas na páxina actual.
  - Seleccione a opción **Diferenciar maiúsculas de minúsculas** para limitar a busca do texto a aquelas que teñen a mesma capitalización que as palabras da súa busca.

Para buscar a mesma palabra ou frase de novo, prema F3 ou seleccione **Editar ▸ Localizar de novo** desde a barra de menú.

## Copiar e gardar páxinas

Co Firefox, pode copiar dunha páxina para que poida pegalo noutro lugar, ou gardar a páxina ou parte dunha páxina como un ficheiro no seu computador.

### Copiar parte dunha páxina

Para copiar un texto dunha páxina:

1. Realzar o texto co seu rato.
2. Seleccione **Editar ▸ Copiar** desde a barra de menú.

Vostede pode copiar o texto noutros programas.

Para copiar unha ligazón (URL ou unha ligazón de imaxe desde unha páxina:

1. Posicione o punteiro do rato sobre a ligazón ou a imaxe.
2. Prema co botón dereito sobre unha ligazón ou unha imaxe para abrir un menú emerxente.
3. Seleccione **Copiar localización da ligazón** ou **Copiar localización da imaxe**. Se unha imaxe tamén é unha ligazón pode seleccionar calquera dos dous elementos de menú.

Vostede pode pegar a ligazón noutros programas ou na Barra de localización do Firefox.

## Gardar toda unha páxina ou parte dela

Para gardar unha páxina enteira no Firefox:

1. Seleccione **Ficheiro** ► **Gardar páxina como** desde a barra de menú. Firefox debería abrir a xanela “Gardar como”.
2. Escolla unha localización para a páxina gardada.
3. Escriba un nome de ficheiro para a páxina e prema **Gardar**.

Gardar unha imaxe dunha páxina:

1. Situe o punteiro do rato sobre a imaxe.
2. Prema o botón dereito na imaxe para mostrar o menú emerxente.
3. Seleccione **Gardar imaxe como**. Firefox debería abrir a xanela “Gardar imaxe”.
4. Seleccione unha localización para a imaxe gardada.
5. Introduza o nome do ficheiro para a imaxe e prema **Gardar**.

## Cambiar a súa páxina de inicio

De forma predeterminada, Firefox mostrará a **páxina inicial de Ubuntu** cando inicie Firefox. Se prefire que se mostre outra páxina cando inicie Firefox necesitará cambiar a súa páxina de inicio preferida.



Figura 3.11: Vostede pode cambiar as configuracións do Firefox nesta xanela.

Para cambiar a súa páxina de inicio:

1. Navegue á páxina que desexa converter na súa nova páxina de inicio.

2. Selecciona **Editar** ▶ **Preferencias** desde a barra de menú.
3. Na sección “Inicio”, do separador **Xeral**, que se mostra de forma predeterminada prema no botón **Usar a páxina actual**. Se ten máis dun separador aberto todos eles abríranse cando Firefox se abra.
4. Prema **Pechar**.

## Marcadores

Mentres navega pola Web pode querer volver atrás a certas páxinas web sen ter que lembrar o seu URL.

No Firefox, pode crear *Marcadores*, que se gardan no navegador e que pode usar para volver navegar polas páxinas web elixidas.

### Marcar unha páxina

Se navegou ata unha páxina web e desexa crear un marcador para futuras visitas, terá que agregar a páxina como marcador.

Hai dous xeitos de marcar unha páxina:

- ▶ Desde a barra de menú, selecciona **Marcadores** e logo **Marcar esta páxina**. Abrirase unha xanela. Forneza un nome descritivo para o marcador e prema no botón **Feito**.
- ▶ Prema CTRL+D. Abrirase unha xanela. Forneza un nome descritivo para o marcador e prema no botón **Feito**.

### Navegar cara a páxina marcada

Para navegar cara a páxina marcada, abra o menú **Marcadores** desde a barra de menú, e, logo, selecciona o nome do seu marcador. Firefox debería abrir o marcador no separador actual.



*Tamén pode premer CTRL+B para mostrar os marcadores nun panel lateral na parte esquerda da xanela do navegador. Prema CTRL+B de novo para ocultar a barra lateral.*

### Borrar un marcador

Se quere borrar un marcador que engadiu, abra o menú **Marcadores** da barra de menú e prema co botón dereito do rato sobre o nome do marcador. Firefox debería abrir un menú emerxente para o seu marcador. Selecciona a opción **Borrar** desde o menú e o seu marcador deberíase borrar.

## Historial

Mentres está navegando pola Web, Firefox está gardando o seu historial de navegación. Isto permítelle volver atrás a unha páxina web que visitara anteriormente sen ter que lembrar o URL da páxina ou marcala.

Para ver o historial máis recente, abra o menú **Historial** da barra de menú. Deberían mostrarse as páxinas web máis recentes que estivo vendo. Selecciona unha das páxinas para volver a ela.

Para ver o historial de hai moito tempo prema CTRL+H. Firefox debería abrir un “panel lateral” na parte esquerda da xanela do navegador que contén o seu historial de navegación con categorías como “Hoxe”, “Onte”, “Últimos días”, “Este mes” e logo, mes por mes.

Prema sobre un dos elementos das categorías na barra lateral, para expandir esta categoría e consulte as páxinas que visitou durante ese período de tempo. Cando encontre a páxina que necesita, prema no seu título para volver a ela.

Tamén pode buscar unha páxina polo seu título. Escriba algunhas letras, ou unha palabra, no campo **Buscar** na parte superior da barra lateral do historial. A barra lateral debe mostrar unha lista das páxinas web cuxos títulos coincidan coas súas palabras de busca. Prema no título da páxina que necesita para volver a ela.

Se desexa ocultar a barra lateral do historial de novo, prema CTRL+H.

## Limpar os datos privados

Por veces, pode querer eliminar todos os datos privados que Firefox almacena sobre o seu historial de navegación. Xa que estes datos só se almacenan no seu computador, pode eliminalos se quere compartir o acceso ao seu computador.

Para eliminar os seus datos privados abra o menú **Ferramentas** desde a barra de menú e seleccione **Limpar historial**. Na lista despregábel **Período para limpar** seleccione canto tempo cara atrás quere eliminar.

Se quere ter máis control sobre o que se elimina, prema no texto **Detalles** para mostrar a lista de opcións.

Ben feito, prema no botón **Limpar agora**.

## Usar un navegador web diferente

Se instala un navegador web diferente no seu computador, vostede pode querer que Ubuntu use ese navegador novo como o navegador predeterminado cando prema sobre ligazóns de correo electrónico, mensaxaría instantánea e outros lugares.

Para cambiar o navegador web preferido abra o menú **Sistema** desde o panel superior de Ubuntu, seleccione **Preferencias** e, logo, **Aplicativos preferidos**. Ubuntu debería abrir a xanela “Aplicativos preferidos”.

Na sección «Navegador web» seleccione o seu navegador web favorito, e logo prema en **Pegar**.




Figura 3.12: Vostede pode cambiar o navegador web predeterminado nesta xanela.

## Ler e escribir correo electrónico

Para enviar e recibir correos electrónicos en Ubuntu pode usar o aplicativo de correo electrónico Evolution. Para iniciar o Evolution, abra o menú **Aplicativos**, logo seleccione **Internet** e finalmente **Correo de Evolution**.

Ademais do correo electrónico, Evolution tamén pode axudalo a xestionar a súa lista de contactos, os seus calendarios e a súa lista de tarefas.



*Vostede non necesita usar Evolution se está usando un sistema de correo electrónico web, como Yahoo Mail, Hotmail ou Gmail. Para acceder a estes servizos use o navegador web Firefox para acceder a eles na Web.*

## Executar Evolution por primeira vez

Cando inicie Evolution por primeira vez, vostede debe configuralo para que se conecte coa súa conta de correo electrónico.

Ao iniciarse o Evolution debería ver a xanela do “Asistente de configuración de Evolution”, dándolle a benvida ao Evolution. Prema **Seguinte** para continuar a instalación.

A continuación, na pantalla “Restaurar desde unha copia de seguranza”, Evolution preguntarlle sobre restaurar unha copia de seguranza anterior. Xa que esta é a primeira vez que inicia Evolution pode premer en **Adiante** para saltar este paso.

Na seguinte pantalla, “Identidade”, debe inserir o seu nome e o enderezo de correo electrónico que desexa usar en Evolution. Introduza o seu nome completo no campo **Nome completo**, e o enderezo de correo electrónico no campo **Enderezo de correo electrónico**. Pode encher a información adicional ou deixala sen cambios se o desexa. Prema en **Adiante** cando remate.

A continuación, debería ver a pantalla “Recibindo correo”. Nesta pantalla, debe fornecer os detalles do seu servidor de correo. Se non coñece esta información debe preguntarlle ao seu administrador de rede ou consultarlle ao seu fornecedor de correo electrónico.

Hai dous tipos comúns de conexións de correo electrónico na Internet: IMAP e POP. Describíranse máis adiante. Nos contornos de traballo hai, así mesmo, dous tipos comúns, Microsoft Exchange e Novell GroupWise—para obter máis información sobre estes tipos de conexións olle a documentación do Evolution.

### Estabelecer unha conexión IMAP

As conexións IMAP permítenlle xestionar o seu correo electrónico de forma remota—o correo electrónico actual e os cartafoles residen no seu servidor de correo mentres que Evolution lle permitirá ver, editar e eliminar as mensaxes e cartafoles que necesite.

Se o seu fornecedor de correo electrónico recomenda unha conexión IMAP seleccione **IMAP** da lista despregábel **Tipo de servidor**. No campo **Servidor**, introduza o nome do seu servidor de correo. Por exemplo, **imap.exemplo.com**. No campo **Nome de usuario** introduza o nome de usuario que usa para iniciar a sesión no seu sistema de correo electrónico, por exemplo **xoan.souto**.

O seu fornecedor de correo electrónico debería especificarlle as configuracións de seguranza que require para recibir correo. Se a súa conexión non usa seguranza deixe a lista despregábel **Usar conexión segura** establecida a **Sen cifrado**. Noutro caso seleccione **Cifrado TLS** ou **Cifrado SSL** segundo recomende o seu fornecedor de correo electrónico.

Logo de seleccionar estas opcións prema no botón **Adiante** para proceder á pantalla “Opcións de recepción”. Aínda que é normal deixar todas as opcións sen seleccionar, vostede pode seleccionar a opción **Comprobar novas mensaxes** para que Evolution comprobe o seu correo electrónico regularmente.

Cando remate de establecer as opcións prema no botón **Adiante** para continuar coa seguinte pantalla.

### Estabelecer unha conexión POP

As conexións POP permítenlle xestionar o seu correo electrónico localmente—Evolution conectarase ao seu fornecedor de correo electrónico e descargará calquera mensaxe nova que reciba e almacenarase en cartafoles no seu computador. Todas as mensaxes descargadas eliminaranse do servidor.

Se o seu fornecedor de correo electrónico lle recomenda unha conexión POP, seleccione **POP** na lista despregábel **Tipo de servidor**. No campo **Servidor** introduza o nome do seu servidor de correo electrónico. Por exemplo, **pop.exemplo.com**. No campo **Nome de usuario** introduza o nome de usuario que usa para iniciar a sesión no sistema de correo electrónico, por exemplo **xoan.souto** ou **xoan.souto@exemplo.com**.

O seu fornecedor de correo electrónico debería especificarlle as configuracións de seguraza que require para recibir correo. Se a súa conexión non usa seguraza deixe a lista despregábel **Usar conexión segura** establecida a **Sen cifrado**. Noutro caso seleccione **Cifrado TLS** ou **Cifrado SSL** segundo recomende o seu fornecedor de correo electrónico.

Logo de seleccionar estas opcións prema no botón **Adiante** para proceder á pantalla “Opcións de recepción”. Aínda que é normal deixar todas as opcións sen seleccionar, vostede pode seleccionar a opción **Comprobar novas mensaxes** para que Evolution comprobe o seu correo electrónico regularmente.

Tamén pode querer axustar as opcións de Almacenamento de mensaxes, que determinan o que fai Evolution despois de descargar o correo electrónico ao seu computador. Seleccione a opción **Deixar as mensaxes no servidor** para que Evolution manteña as mensaxes no seu sistema de correo despois de descargalas. Isto permítelle usar outro computador para volver descargar as súas novas mensaxes. Seleccione **Eliminar despois de 7 días** para que Evolution manteña as mensaxes por uns días e as elimine despois. Pode axustar o número de días que Evolution mantén as mensaxes.

Cando remate de establecer as opcións prema no botón **Adiante** para continuar coa seguinte pantalla.

### Estabelecer as súas opcións de envío

A seguinte pantalla debería ser a pantalla “Enviando correo”. Aquí, vostede necesitará configurar a súa conexión para enviar correo a través do seu fornecedor de correo electrónico.

O tipo de conexión de envío máis común é SMTP que é o tipo de servidor seleccionado de forma predeterminada.

No campo **Servidor** escriba o nome do servidor de correo saínte (tamén coñecido como servidor SMTP como lle indica o seu fornecedor de correo electrónico. Por exemplo, **mail.exemplo.com**).

Se o seu fornecedor de correo require autenticación seleccione a opción **O servidor require autenticación**. Isto é moi común en provedores de correo comerciais. Na sección “Autenticación” da pantalla, seleccione o tipo de autenticación na lista despregábel **Tipo**—o tipo de autenticación máis común é “PLAIN”. Introduza o seu nome de usuario debaixo do campo **Nome de usuario** por exemplo **xoan.souto** ou **xoan.souto@exemplo.com**.

O seu fornecedor de correo electrónico debería especificar a configuración de seguraza que usar para enviar correos electrónicos. Se a súa conexión non usa seguraza, deixe a lista despregábel **Usar conexión segura** establecida a **Sen cifrado**. Noutro caso, seleccione entre **Cifrado TLS** ou **Cifrado SSL** segundo recomende o seu fornecedor de correo electrónico.

Despois de seleccionar esas opcións prema en **Adiante** para proceder coa seguinte pantalla.




## Rematar as opcións de conta

Na seguinte pantalla, “Xestión de contas”, introduza un nome descritivo para esta conta. Se vai usar máis dun fornecedor de correo en Evolution usarase este nome para distinguir entre as diferentes contas.

Cando remate, prema en **Adiante**. Isto debería abrir a pantalla “Feito”. Se cree que inseriu todas as opcións correctamente prema **Aplicar** para rematar a configuración. Noutro caso, prema en **Atrás** para volver ás pantallas anteriores para corrixir a súa configuración ou prema en **Cancelar** para abortar a configuración e rexeitar a configuración da conta.

Logo de rematar a configuración, Evolution preguntarlle se o quere converter no seu cliente de correo electrónico predeterminado. Prema **Si** se quere ler e enviar correos só con Evolution. Prema en **Non** se vai instalar un programa de correo electrónico diferente.

## Sobre o espazo de traballo de Evolution



O aplicativo Evolution está dividido en catro partes. Na parte superior,

Figura 3.13: Evolution permítelle xestionar o seu correo electrónico, contactos e tarefas.

está a barra de menú e a barra de ferramentas. A barra de menú permítelle acceder á maioría das funcionalidades do Evolution, mentres que a barra de ferramentas dálle acceso a atallos dalgunhas das características usadas máis a cotío.

Na parte esquerda da xanela, encóntrase a lista de cartafoles. Cada mensaxe que envía ou recibe residirá nun deses cartafoles.

Debaixo da lista de cartafoles na parte esquerda da xanela están os botóns de **Correo**, **Contactos**, **Calendarios**, **Tarefas** e **Notas**. Cando traballe co correo electrónico seleccionárase o botón **Correo**. Os outros botóns levarano a outras partes do Evolution.

Na parte dereita da xanela está a lista de mensaxes e unha previsualización da propia mensaxe. A lista de mensaxes móstralle unha lista de mensaxes no cartafol actual, ou aquelas que coincidan coa busca solicitada. A previsualización da mensaxe mostra os contidos da mensaxe actualmente seleccionada na lista de enriba.

### Entender as lista de cartafoles

A lista de cartafoles é unha das formas que Evolution ten para separar e categorizar o seu correo electrónico. O primeiro grupo de cartafoles na lista ten o título “Neste computador”. Este conxunto de cartafoles está nos cartafoles *locais*—só residen no seu computador. Se usa un servidor POP para obter o seu correo electrónico, calquera mensaxe que descargue porase no cartafol local **Caixa de entrada**.

Pode premer en calquera cartafol para ver o contido aparecer na lista de mensaxes na parte dereita da xanela.

Cada un dos cartafoles que aparecen ao principio desta lista é especial:

- ▶ **Bandexa de entrada** almacena as mensaxes recibidas.
- ▶ **Borradores** garda as mensaxes nas que estivo traballando, pero que aínda non enviou.
- ▶ O **Correo non desexado** almacena as mensaxes que fosen identificadas como correo non desexado. O correo non desexado tamén é coñecido como “spam.”
- ▶ A **Caixa de saída** contén as mensaxes que acaba de escribir pero que non fosen enviados aínda. Por exemplo, se está traballando no seu correo electrónico mentres está desconectado (se está nun avión, por exemplo), pode premer no botón **Enviar** cando remate de escribilo. A mensaxe moverase á Caixa de saída e manterase alí ata a seguinte vez que poida enviar ou recibir mensaxes. Cando poida enviar e recibir mensaxes, todas as mensaxes de correo electrónico na súa caixa de saída enviaranse.
- ▶ **Correo enviado** contén copias das mensaxes que enviou. Cando unha mensaxe da Caixa de saída se envía, cópiase no cartafol Correo enviado.
- ▶ O cartafol **Modelos** almacena as mensaxes de correo—mensaxes parciais que se compoñen e se gardan como modelos. Pode usar unha mensaxe

almacenada como modelo no cartafol de modelos como un punto de inicio para outra mensaxe.

- ▶ O **Lixo** contén as mensaxes que foron eliminadas. Baleirárase cada vez que peche Evolution.

Se un cartafol contén unha mensaxe sen ler, o seu nome aparecerá en negra, ademais do número de mensaxes sen ler entre parénteses ao lado do nome do cartafol.

Se usa un servidor IMAP para obter o seu correo, entón mostraranse os seus cartafoles IMAP na lista de cartafoles embaixo da sección “Neste computador”. A lista de cartafoles remotos mostrarase coa cabeceira do nome que lle deu á conta. Con IMAP, as súas mensaxes de correo electrónico chegarán á súa Caixa de entrada remota.

Ao final da lista de cartafoles, o Evolution mostra unha lista dos “Cartafoles de busca”. Estes cartafoles especiais mostran certas mensaxes que coinciden con regras de busca. Consulte a sección Encontrar mensaxes para saber máis sobre os cartafoles de busca.

## Xestionar os cartafoles

Ademais dos cartafoles iniciais, pode crear os seus propios cartafoles para xestionar o seu correo.

Para crear un novo cartafol, abra o menú **Cartafol** e logo seleccione **Novo**. Escriba o nome do cartafol que quere crear e, na lista de cartafoles de embaixo, seleccione o cartafol *pai*. Por exemplo, se quere que o seu novo cartafol se poña baixo a Caixa de entrada seleccione o cartafol Caixa de entrada. Se selecciona “Neste computador” o seu cartafol porase baixo “Neste computador” na lista de cartafoles.

No momento en que faga a súa selección, prema no botón **Crear** para crear o cartafol. O seu novo cartafol debería estar agora na lista.

Pode mover os cartafoles que creou. Para facelo, prema no cartafol que quere mover, manteña preso o botón do rato e arrástreo ao cartafol pai novo. Cando o cursor do rato realce o novo cartafol pai, solte o botón do rato para rematar a operación.

Tamén pode premer co botón dereito sobre un cartafol e seleccionar a opción **Mover**... Logo, seleccione o cartafol pai novo e prema o botón **Mover**.

Para eliminar un cartafol, prema co botón dereito no cartafol e seleccione a opción **Eliminar**. Para confirmar que quere eliminar o cartafol, prema no botón **Eliminar**.

## Comprobar e ler as mensaxes

### Comprobar o correo

Cando remate a configuración ou cando inicie Evolution no futuro, Evolution tentará primeiro conectarse ao seu fornecedor de correo para comprobar

o seu correo electrónico. Para conectarse, Evolution necesita saber o contrasinal da súa conta de correo electrónico e preguntarllo.




Figura 3.14: Vostede debe inserir o seu contrasinal para autenticarse na súa conta.

Na xanela “Introduza o contrasinal”, introduza o seu contrasinal e prema “Aceptar”. Se desexa que Evolution recorde este contrasinal e non quere que llo pregunte no futuro, pode seleccionar a opción **Lembrar este contrasinal**.

Evolution entón mostrará a xanela “Enviar e recibir”, onde se mostrará o progreso da operación así como cantas mensaxes se están a recoller.

### Listado de mensaxes

Na parte superior dereita da xanela Evolution está a lista de mensaxes. Aquí é onde pode ver as mensaxes de correo do cartafol seleccionado actualmente ou aquelas que coinciden cos termos dunha busca.

De forma predeterminada a lista das mensaxes mostra seis columnas de información para cada mensaxe. A primeira columna é o indicador de lido/non lido. Se unha mensaxe foi lida, a columna mostrará unha icona dun sobre aberto. Se unha mensaxe non foi lida, a icona mostrará un sobre pechado.

A segunda columna é o indicador de anexos. Se unha mensaxe contén un ficheiro anexo Evolution mostrará unha icona dun clip de papel nesta columna. No caso contrario, a columna estará en branco.

A terceira columna é un indicador de importancia. Se alguén lle envía unha mensaxe marcada con importancia alta, Evolution mostrará unha marca de exclamación nesta columna. No caso contrario, esta columna permanecerá en branco.

A cuarta columna contén o remitente da mensaxe. Tanto o nome como o enderezo de correo, ou só o enderezo de correo electrónico, deben mostrarse nesta columna.

A quinta columna contén o asunto da mensaxe do correo.

Finalmente, a sexta columna é a data na que enviou o correo electrónico.

Cando prema sobre unha mensaxe, mostraranse os seus contidos no panel de previsualización embaixo da lista de mensaxes. Cando teña seleccionada unha mensaxe, pode premer no botón **Responder** na barra de ferramentas e comezar a escribir unha mensaxe de resposta para enviarlle ao remitente, ou

premer no botón **Responder a todos** para escribir unha mensaxe de resposta e enviarlla ao remitente e a todos os destinatarios da mensaxe seleccionada.

Tamén pode premer no botón **Lixo** na barra de ferramentas para poñer unha mensaxe no cartafol de Lixo ou no botón **Correo non desexado** para movela ao cartafol Correo non desexado. Teña en conta que Evolution ou o seu servidor de correo pode clasificar algún correo como Correo non desexado.

Ademais dos botóns da barra de ferramentas, pode premer sobre unha mensaxe na lista. Evolution abrirá un menú con accións que pode levar a cabo na mensaxe.

En ocasións, pode querer levar a cabo unha acción en múltiples mensaxes de correo (por exemplo, eliminar varias mensaxes ou reenvialas a un remitente). Para facer isto no Evolution, prema e manteña a tecla CTRL mentres preme sobre varias mensaxes—as mensaxes sobre as que presione seleccionaranse. Tamén pode premer sobre unha mensaxe para seleccionala e logo premer e manter a tecla Maiús e premer noutra mensaxe da lista. Todas as mensaxes da lista entre a selección orixinal e a última que premeu se seleccionarán. Cando teña varias mensaxes seleccionadas, prema co botón dereito sobre unha delas para levar a cabo a acción desexada.

Xusto enriba da lista de mensaxes, está a lista despregábel **Mostrar**, e as opcións de busca. Pode usar a lista despregábel **Mostrar** para filtrar a súa visualización e mostrar só as mensaxes sen ler ou só as mensaxes con anexos, etc.

As opcións de busca trataranse nunha sección posterior.

### Previsualizando mensaxes

Cando seleccione unha mensaxe de correo electrónico, mostrarase o seu contido no panel de vista previa situado debaixo da lista de mensaxes.

A parte superior do panel de vista previa mostrará a cabeceira da mensaxe que contén o remitente, os destinatarios e o asunto da mensaxe así como a data na que foi enviada. Debaixo da cabeceira Evolution mostrará os contidos da propia mensaxe.

Se unha mensaxe foi enviada con formato HTML algunhas das mensaxes poderían non verse na vista previa da mensaxe. Para mostrar as imaxes que faltan, abra o menú **Ver** desde a barra de menú e, logo, **Cargar imaxes** ou prema CTRL+H. Se a súa conexión a Internet está activa cargaranse as imaxes que faltan.

### Abrir mensaxes

En ocasións, pode que queira mostrar varias mensaxes ao mesmo tempo. Para iso, pode abrir cada mensaxe nunha xanela aparte, no lugar de velas no panel de vista previa.

Para abrir unha mensaxe na súa propia xanela, prema dúas veces nunha

Teña en conta que o feito de cargar imaxes pode fornecerlle ao remitente unha forma de saber que vostede recibiu a mensaxe. Non recomendamos que cargue as imaxes das mensaxes que sospeite que son Spam.

mensaxe da lista de mensaxes. Deberase mostrar a mensaxe nunha xanela independente. Pode volver á lista de mensaxes e abrir outra mensaxe se é preciso.

Na xanela da mensaxe aberta, pode usar as opcións da barra de menús ou de ferramentas para responder a mensaxe, arquivala, borrarla, así como levar a cabo outras accións sobre ela.

## Buscar mensaxes

Hai tres formas de buscar mensaxes en Evolution: pode usar a opción de busca na parte superior da lista de mensaxes, usar a opción Busca avanzada ou crear un cartafol de busca.

Para usar a busca de lista de mensaxes introduza o texto que queira buscar no campo **Buscar** na parte superior dereita da lista de mensaxes e prema **Intro**. A lista de mensaxes cambiará para mostrar só as mensaxes que conteñan o texto que inseriu.

Á dereita do campo de busca debería ver unha lista despregábel de opcións como «Cartafol actual», «Conta actual», e «Todas as contas». De modo predeterminado, o Evolution usará a opción do cartafol actual e só mostrará resultados dentro do cartafol que teña seleccionado na lista de cartafoles do lado esquerdo. Se escolle a opción «Conta actual», Evolution buscará mensaxes en todos os cartafoles dentro do correo electrónico da conta actual—así como en todos os cartafoles «Neste computador» ou nos seus cartafoles IMAP, segundo sexa a súa configuración de correo. Se ten múltiples contas de correo electrónico no Evolution, escoller a opción «Todas as contas» permite que busque por mensaxes en todas as súas contas.

Se non hai mensaxes que coincidan co texto que inseriu, pode editar o texto e probar a buscar de novo. Para volver ao cartafol mostrado, abra o menú **Buscar** desde a barra de menú e logo prema sobre **Limpar** ou borre todo o texto que inseriu no campo **Buscar** e prema **Intro**.

Nalgúns casos, pode necesitar buscar mensaxes con varios criterios. Por exemplo, pode querer buscar as mensaxes dun usuario en particular cunhas palabras específicas no asunto da mensaxe. En Evolution pode levar a cabo esta busca usando a función Busca avanzada.

Para usar a busca avanzada, escolla **Buscar** ▶ **Busca avanzada**. Evolution debería abrir a “Busca avanzada”. Na parte intermedia da xanela, especifique os criterios de busca. Para o noso exemplo, para atopar mensaxes de meuamigo@exemplo.com que conteña «barco» no asunto, ten que escribir **meuamigo@exemplo.com** no campo de texto á dereita da lista despregábel con «Remitente» seleccionado, e introduza **barco** no campo de texto á dereita da lista despregábel co «Asunto» seleccionado. A continuación, prema no botón **Eliminar** á dereita de todas as liñas que non se utilizan, e prema no botón **Aceptar** para realizar a busca. A lista debería entón mostrar só as mensaxes que coinciden cos seus criterios de busca avanzada.




Figura 3.15: Para usar máis dun termo de busca, vostede pode usar a xanela avanzada de busca.

Cando especifique un criterio de busca avanzado, pode premer sobre o botón **Engadir condición** para engadir liñas adicionais. Vostede pode cambiar a selección na lista despregábel ao comezo de cada liña para especificar un campo diferente para verificalo ou cambiar a lista despregábel con “contén” seleccionado de modo predeterminado para ter un tipo de coincidencia distinto. Consulte os documentos de axuda do Evolution para obter máis información.

Nalgúns casos pode querer levar a cabo a mesma busca con regularidade. Por exemplo, pode querer ver todas as mensaxe de omeuamigoda-alma@exemplo.com sen importar o cartafol que usara para almacenalo. Para axudalo con este tipo de buscas, Evolution permítelle crear cartafoles de busca.

Para crear un cartafol de busca, escolla **Buscar > Crear cartafol a partir da busca** na barra de menús. Déalle un nome ao cartafol, introducíndoo no campo **Nome da regra** da parte superior. Logo, especifique os criterios de busca da mesma forma que na Busca avanzada. Despois dos criterios, escolla os cartafoles que deben ser percorridos por este cartafol de busca—por exemplo, pode escoller «Todos os locais e cartafoles remotos activos» para buscar en todos os seus cartafoles configurados. Cando remate, prema en **Aceptar**.

Debería engadir o novo cartafol de busca á lista de cartafoles de busca cara o botón da lista de mensaxes. Se preme nun cartafol de busca, seleccióno, debería poder ver unha lista de mensaxes que coinciden co seu criterio de busca.

### Subscribirse a cartafoles IMAP

Se usa IMAP para obter o seu correo electrónico, debería ver os cartafoles na lista de cartafoles na parte esquerda da xanela que ten o título da súa conta de IMAP. Os cartafoles como Caixa de entrada, Borradores, Correo non desexado e outros deberían mostrarse na lista de cartafoles.

Se vostede ten outros cartafol na súa conta IMAP, necesitará subscribirse a eles. Se se subscribe a un cartafol Evolution descargará as mensaxes de ese cartafol cando comprobe o seu correo.

Para subscribirse a un cartafol seleccione **Cartafol ▶ Subscricións** desde a barra de menú. Evolution debería abrir a xanela “Subscricións de cartafol”. Da lista despregábel **Servidor**, seleccione o seu nome de conta. Evolution debería mostrar unha lista dos cartafol na lista de abaixo.

Selecione os cartafol aos que desexa subscribirse seleccionando a caixa de verificación á esquerda do seu nome. Cando remate, prema **Pegar**. Os cartafol actualizaranse a seguinte vez que comprobe o seu correo electrónico.

## Crear e contestar mensaxes

Ademais de ler o seu correo electrónico, vostede pode querer responder ao correo que leu ou escribir un novo mensaxe.

### Crear unha mensaxe nova

Para redactar unha nova mensaxe prema o botón **Nova** na barra de ferramentas. Evolution debería abrir unha xanela “Redactar unha mensaxe”.

No campo **Para:** introduza o enderezo de correo do destinatario—o contacto ao que quere enviarlle este correo electrónico. Se é máis dun contacto ao que lle está escribindo separe os destinatarios con comas.

Se un contacto, ao que está enviándolle un correo, está na axenda de enderezos, pode enviarlo polo seu nome. Comece a escribir o nome do contacto e Evolution mostrará unha lista dos contactos que coinciden co seu texto. Cando vexa o contacto co quere contactar, prema no seu enderezo de correo ou use a frecha cara abaixo e logo prema **Intro** para seleccionar o enderezo.

Se quere mandar unha copia a varios contactos, introduza o seu enderezo de correo no campo **CC:** da mesma maneira que fixo no campo de destinatarios “Para:”. Os contactos na liña **Para:** e **CC:** recibirán o correo e verán o resto de contactos aos que se lles enviou ese correo.

Se quere enviar un correo a algúns contactos sen descubrir a quen se lle enviou, pode enviar unha copia cega, ou «**CCO**». Para activar **CCO**, seleccione **Ver ▶ campo CCO** na barra de menús. Un campo **CCO** debería aparecer debaixo do **CCO:**. Todos os contactos introducidos no campo **CCO** recibirán a mensaxe, pero ningún dos receptores verá os nomes ou correos dos contactos da liña **CCO**.

En lugar de escribir os enderezos de correo, ou nomes, dos contactos aos que está dirixindo a mensaxe, pode seleccionar os contactos da súa axenda de enderezos. Para facer iso, prema sobre **Para:**, **CC:** ou os botóns **CCO:** á esquerda dos campos de texto. Evolution debería abrir a xanela “Seleccionar contactos da Axenda de enderezos”. Use a lista no lado esquerdo da xanela para seleccionar o seu contacto, ou escriba unhas poucas letras do nome ou



apelido do seu contacto no campo **Buscar** para filtrar a lista de modo que se mostren só os contactos coincidentes.

Logo de identificar o contacto ao que quere dirixirse, prema sobre o seu nome na lista. Logo, prema no botón **Engadir** á esquerda ou ben os campos «Para», «CC» ou «CCO» na dereita da pantalla. O seu contacto seleccionado engadirase a esa lista. Se engadiu un contacto por erro, prema sobre o seu nome na lista da dereita, e faga clic no botón **Eliminar**. Cando acabe de escribir contactos, prema **Cerrar** para volver á pantalla de composición.

Introduza un asunto para a súa mensaxe. As mensaxes deben ter un asunto para axudarlles aos seus destinatarios a identificar o correo electrónico cando están na súa lista de mensaxes. Se non inclúe un asunto Evolution avisarao.

Introduza os contidos da súa mensaxe no campo de texto grande debaixo do asunto. Non hai un límite práctico na cantidade de texto que pode incluír na súa mensaxe.

De modo predeterminado, as novas mensaxes enviaranse no modo «Texto simple». Isto significa que nin o formato nin as imaxes se lle mostrarán ao receptor, pero a mensaxe será dificilmente rexeitada ou mostrada como ilexíbel para os receptores. Se sabe que o seu receptor usa un programa de correo e un computador actual, pode enviar mensaxes que inclúan formato. Ao usar o modo HTML, mostrarase unha nova barra de tarefas xusto debaixo do modo de selección que lle permitirá aplicar estilos avanzados e formato de mensaxes.

Cando remate de redactar o seu correo, prema o botón **Enviar** na barra de ferramentas da xanela. A súa mensaxe poñerase na Caixa de saída e enviarase a próxima vez que comprobe o seu correo electrónico.

### Anexar ficheiros

Ás veces, vostede pode querer enviarlles ficheiros aos seus contactos. Para enviar ficheiros necesita anexalos a unha mensaxe de correo.

Para anexar un ficheiro ao correo electrónico que está escribindo prema no botón **Engadir anexo** na parte inferior dereita da xanela da mensaxe de correo. Evolution debería mostrar unha xanela “Engadir anexo”.

Selecione o ficheiro que quere incluír na súa mensaxe e prema no botón **Anexar**. Evolution volverá á xanela da mensaxe de correo e o ficheiro que seleccionou mostrarase na sección embaixo do botón **Engadir anexo**.

### Responder unha mensaxe

Ademais de escribir mensaxes, vostede pode querer responder as mensaxes que reciba.

Hai tres tipos de respostas de correo electrónico:

- ▶ **Responder** (ou «Responder ao remitente») —envía a súa mensaxe só ao remitente da mensaxe que vostede está respondendo.

- **Responder a todos**—envía a súa resposta ao remitente da mensaxe, así como a calquera que estea nas liñas Para ou CC.
- **Reenviar**—permítelle enviar unha mensaxe con algún comentario adicional que vostede engada a varios destinatarios.

Para usar calquera destes métodos prema na mensaxe que quere reenviar e logo prema **Responder**, **Responder a todos** ou sobre o botón **Reenviar** na barra de ferramentas.

Evolution debería abrir unha xanela de resposta. Esta xanela debería semellarse moito á xanela de composición dunha nova mensaxe, salvo que os campos da mensaxe, Para, CC e asunto deberían estar recheos coa información da mensaxe que vostede está respondendo. Ademais cada liña da mensaxe anterior debería estar prefixada cun carácter “>”.

Edite os campos Para, CC, CCO, Asunto ou o corpo principal para axustalo ao que necesita. Cando remate a súa resposta prema sobre o botón **Enviar** na barra de tarefas. A súa mensaxe porase na Caixa de saída e enviarase cando comprobe o correo electrónico a seguinte vez.

### Usar sinaturas

Para deixar unha mensaxe ao final, Evolution permítelle usar unha “sinatura”. As sinaturas no correo electrónico son pequeno texto estándar que se engade na parte inferior de calquera mensaxe e contestación.

Ao redactar ou responder a unha mensaxe, prema na lista despregábel **Sinatura** baixo a barra de tarefas, xusto sobre o campo **Para**:. Esta lista debería conter as sinaturas que teña creadas, así como unha sinatura “Autoxerada”. Se selecciona **Autoxerada**, Evolution engadirá dous guións e logo o seu nome e enderezo de correo na parte inferior da mensaxe.

Tamén pode especificar algunhas sinaturas personalizadas. Para crear unha sinatura abra a xanela “Preferencias de Evolution” seleccionando **Editar ▶ Preferencias** desde a barra de menú. Na parte esquerda da xanela de preferencias de Evolution seleccione **Preferencias do editor** e logo seleccione o separador **Sinaturas**.

Prema en **Engadir** para engadir unha sinatura nova. Evolution debería abrir a xanela “Editar sinatura”. Déalle un nome á súa sinatura e introduza o contido da sinatura no gran campo de texto xusto embaixo. Cando remate, prema no botón **Gardar** na barra de ferramentas (a icona de botón que semella un disquete). O nome da súa nova sinatura debería aparecer na lista das preferencias. Cerre a xanela de preferencias para finalizar.

A súa sinatura debería mostrarse na lista despregábel na xanela de composición/resposta.

Teña en conta que en Ubuntu engádense dúas liñas de forma automática, polo que non necesita incluílas na súa sinatura personalizada

## Manterse organizado

O aplicativo Evolution en Ubuntu permite manter e xestionar a súa lista de contactos.

Se xa ten configurado Evolution cunha conta de correo, non necesita máis configuracións para usar estas funcionalidades. Se non desexa usar Evolution para o correo electrónico, vostede pode usalo para xestionar os seus contactos ou manter a axenda de planificación, así como xestionar as tarefas e os recordatorios que pode crear.

Para iniciar Evolution, abra o menú **Aplicativos**, logo seleccione **Internet** e finalmente **Correo electrónico do Evolution**.

## Xestionar os seus contactos




Figura 3.16: Vostede pode ver, editar e engadir contactos.

Se quere manter unha lista cos seus contactos—información de contactos persoais ou profesionais da xente e organizacións—vostede pode xestionalos en Evolution.

Para ver os contactos prema no botón **Contactos** debaixo da lista de car-

tafoles na parte esquerda da xanela do Evolution. A lista de cartafoles na esquerda substituirase polos tipos de axendas de enderezos. Prema nunha axenda de enderezos, por exemplo “Persoal”.

A parte dereita da xanela mostrará unha lista de contactos. Prema nun contacto para mostrar os seus detalles na porción inferior da parte dereita da xanela.

Se usa Ubuntu One, pode ter dúas axendas de enderezos—unha axenda de enderezos «Persoal» gardada no seu computador, e unha axenda de enderezos «Ubuntu One». Pode engadir contactos a calquera das dúas axendas de enderezos, malia que só a axenda de enderezos «Ubuntu One» está sincronizada coa súa conta Ubuntu One.

Unha axenda de enderezos é unha colección de contactos e listas de contactos. Pode almacenalos no seu computador, ou nun servidor remoto.

### Buscar contactos

Para buscar un contacto escriba algunhas letras do nome ou apelidos do contacto na caixa de busca na parte superior dereita da xanela, e logo prema **Intro**. A lista inferior debería cambiar para mostrar os contactos cuxos nomes coincidan cos seus termos de busca.

### Engadir ou editar un contacto

Para facer cambios nun contacto existente, encontre o contacto na lista e prema dúas veces nunha entrada. Evolution debería abrir a xanela “Editor de contacto” para o contacto seleccionado.

Cambie entre os distintos separadores no editor de contactos para facer os cambios no contacto. Prema **Aceptar** cando remate de facer os cambios.

Para engadir un contacto prema no botón **Novo** na barra de ferramentas. Evolution debería abrir a xanela “Editor de contactos”. Introduza a información do contacto na xanela e prema **Aceptar** cando remate.

### Xestionar o seu calendario

Se quere xestionar a súa axenda cun computador, pode facelo en Ubuntu usando Evolution.

Para ver os seus calendarios prema no botón **Calendarios** debaixo da lista de cartafoles na parte esquerda da xanela do Evolution. A lista de cartafoles da esquerda substituirase pola lista dos calendarios e un minicalendario que lle mostra o mes actual.

Evolution permítelle xestionar máis dun calendario. Por exemplo, vostede pode ter un calendario persoal e un calendario para os estudos ou traballo. Vostede pode subscribirse a un calendario dun amigo ou membro da familia que pode seleccionar para compartir o seu calendario con vostede.

Prema nun dos calendarios da lista. De forma predeterminada, debería mostrar o calendario “Persoal” na lista. No medio da xanela debería ver agora o día actual, que mostra todas as horas do día actual.

O calendario xa ten algúns eventos, Evolution debería mostrar o evento na vista do día entre as horas onde o evento comeza e remata. Vostede pode premer dúas veces para abrir os seus detalles, ou arrastrar o evento a unha hora ou data distinta para volver a planificalo.

Na vista do día, vostede pode premer nun día diferente no minicalendario na parte esquerda da pantalla. Evolution mostrará dito día na vista do día.

Tamén pode querer ver máis dun día de cada vez. Isto permitiralle comparar horarios en diferentes días, ou atopar un día libre para un evento que quere programar. En Evolution, pode premer no botón **Semana laboral** ou no botón **Semana** da barra de ferramentas para ver unha semana enteira, ao mesmo tempo. Prema no botón **mes** na barra de ferramentas para ver unha vista do mes enteiro—se un evento é de difícil lectura debido ao pequeno espazo asignado a cada día, pode pasar o cursor do rato sobre o evento para que Evolution mostre o título completo do evento. Finalmente, o botón **Lista** na barra de ferramentas mostra as citas futuras nunha lista, o que lle permite ver todas as súas citas vindeiras dun golpe.

Na parte dereita da xanela, Evolution mostra unha lista de tarefas e recordatorios. Vostede pode engadirlle unha nova tarefa ou recordatorio ao Evolution.

### Engadir un novo evento

A forma máis sinxela de engadir unha nova tarefa é premer nunha hora na vista do día e comezar a escribir. Aparecerá unha “burbulla” de evento que contén o texto que está escribindo. Se quere engadir un evento máis longo, arrastre o rato desde a hora de inicio ata a de finalización e comece a escribir.




Figura 3.17: Vostede pode organizarse engadindo eventos ao seu calendario.

Para engadir un novo evento sen usar a vista do día, prema no botón **Novo**. Evolution debería abrir a xanela “Cita”. No campo **Resumo**, introduza un

título breve para o evento tal como quere que apareza no calendario. Opcionalmente especifique a localización e introduza unha descrición máis longa se quere. Asegúrese de que a hora, o día, así como a duración, son as que vostede quere. Finalmente, prema no botón **Gardar**, na barra de tarefas para gardar este novo evento (o botón parece un disquete, que está como primeiro botón na barra de tarefas).

### Estabelecer una reunión

Se quere programar un encontro cun dos seus contactos, Evolution pode axudarlo enviándolle unha invitación e procesar as respostas.

Para crear unha invitación a unha reunión seleccione **Ficheiro ▶ Novo ▶ Reunión** desde a barra de menú. Especifique o asunto, localización, hora e duración e por último a descrición para crear unha reunión normal.

Vostede necesitará engadir asistentes a esta reunión. Para engadir un asistente prema no botón **Engadir**. Na lista de asistentes, Evolution engadirá unha nova fila—escriba o enderezo de correo electrónico do asistente ou o nome de contacto.

Cando remate de engadir os asistentes prema no botón **Gardar** na barra de ferramentas. Evolution debería preguntarlle se quere enviar as invitacións da reunión aos participantes seleccionados. Prema **Enviar** para enviar estas invitacións. As invitacións enviaranse a seguinte vez que comprobe o correo en Evolution.

Se o seu contacto selecciona responder a invitación da reunión, Evolution mostraralle unha nova mensaxe. No corpo da mensaxe de correo electrónico, Evolution mostrará o botón **Actualizar o estado dos asistentes**. Prema nese botón para marcar o seu contacto como un asistente á reunión.

### Usar a mensaxaría instantánea

A mensaxaría instantánea permítelle comunicarse coas persoas que coñece en tempo real. Ubuntu inclúe o aplicativo Empathy que lle permite usar a mensaxaría instantánea e manterse en contacto cos seus amigos. Para iniciar Empathy, abra o menú **Aplicativos** desde a barra de menú, seleccione **Internet** e logo **Ciente de mensaxaría Empathy**.

Empathy permítelle conectar a varias redes de mensaxaría instantánea. Vostede pode conectar a AIM, Gadugadu, Google Talk, Groupwise, ICQ, Jabber, MSN, Myspace, qq, XMPP, Sametime, Silc, SIP, Yahoo, ou Zephyr.

### Executar o Empathy por primeira vez

Cando abra Empathy por primeira vez necesitará configuralo cos detalles das súas contas de mensaxaría instantánea.

Cando se inicie Empathy poderá ver a xanela “Benvido a Empathy”. Seleccione a opción correspondente segundo o seu caso.

## Xa ten unha conta

Se vostede ten unha conta que usou anteriormente con outro programa de mensaxaría instantánea seleccione a opción **Si, introduciréi os meus detalles de conta agora**. Logo prema **Adiante** para continuar.

Na seguinte pantalla, seleccione o tipo da conta da lista despregábel **Que clase de conta de chat ten?** Logo introduza os detalles da súa conta no campo inferior.

Dependendo do tipo de conta que seleccione, Empathy debe solicitarlle que introduza o seu nome de usuario ou un ID da conta, seguida do seu contrasinal.



Figura 3.18: Creando unha conta de mensaxaría instantánea no Empathy.

Se non recorda a información da súa conta, terá que visitar a páxina web da rede de mensaxaría instantánea para recuperar esa información.

Se ten outra conta para engadir seleccione a opción **Si**, e prema **Adiante** para repetir o proceso anterior. Cando remate de inserir todas as contas deixe a opción **Non, isto é todo por agora** seleccionada e prema no botón **Adiante** para rematar o proceso de instalación.

A continuación, Empathy debería mostrar a pantalla “Insira os detalles persoais”. Se selecciona completar esta información poderá comunicarse coa xente que está na súa rede local tanto na casa coma na oficina.

Escriba o seu nome no campo **Nome** e o seu apelido no campo **Apelido**. Escriba a forma pola que os usuarios da súa rede local o identifican no campo **Alcume**. Cando complete toda a información prema no botón **Aplicar**.

Se non quere comunicarse coas persoas da rede local, seleccione a opción **Non quero activar esta característica agora** e prema no botón **Aplicar**.

## Gustaríalle ter unha conta

Se non ten unha conta que poida usar, pode crear unha seleccionando a opción **Non, quero crear unha conta nova**. Prema **Adiante** para mostrar o seguinte conxunto de opcións.

Seleccione o tipo de conta que quere engadir da lista despregábel de abaixo **Que clase de conta de chat quere crear?** Vostede pode crear tanto unha conta de Jabber como de Google Talk.

A continuación escriba o nome de conta que queira no campo de texto e a continuación escriba o contrasinal que desexe. Se quere configurar outra conta seleccione a opción **Si**, e repita o proceso anterior.

Cando teña introducidas todas as contas deixe a opción **Non, isto é todo por agora** e prema **Adiante**

Empathy debería mostrar a xanela “Insira os detalles persoais”. Ao fornecer esta información poderá comunicarse coa xente da súa rede local tanto no traballo coma na casa.

Introduza o seu **Nome** no campo de texto e introduza o seu **Apellido** no seguinte texto. No campo **Alcume** escriba o alcume polo que vostede vai ser identificado. Cando complete todos os campos de texto prema en **Aplicar** para gardar as súas preferencias.

Se non quere falar coa xente da súa rede local seleccione **Non quero activar esta característica agora** e prema **Aplicar**.

**Note:** Se desexa crear outro tipo de conta terá que visitar a páxina web relacionada e ir á sección “Xa ten unha conta”.

## Desexa falar coas persoas próximas

Se só quere comunicarse coa xente na súa rede local tanto na casa coma no lugar de traballo seleccione a opción **Non, só quero ver á xente conectada que estea próxima por agora**.

Prema en **Adiante** para mostrar o seguinte conxunto de opcións. Escriba o seu **Nome** no campo de texto e introduza o seu **Apellido** no seguinte campo. No campo **Alcume** escriba o alcume polo que será identificado. Cando teña completados todos os campos, prema no botón **Adiante**.

## Cambiar a configuración da conta

Se necesita engadir máis contas despois da primeira execución, abra o menú **Editar** e logo seleccione **Contas**. Empathy mostrará a xanela “Contas”.

## Engadir unha conta

Para engadir unha conta prema no botón **Engadir**. O Empathy debería mostrar algunhas opcións na parte dereita da xanela. Seleccione o seu tipo de conta na lista despregábel **Protocolo**. A continuación, introduza o nome da súa conta no primeiro campo de texto. Logo, introduza o seu contrasinal no campo de texto **Contrasinal**. Finalmente, prema no botón **Iniciar sesión** para gardar e verificar as súas preferencias.





Figura 3.19: Vostede pode falar coa xente próxima inserindo a súa información.

### Editar unha conta

Pode necesitar editar unha conta se cambia o seu contrasinal ou se se obtén un contrasinal equivocado. Seleccione a conta que quere cambiar no lado na esquerda da xanela “Contas”. Empathy debería mostrar a configuración actual da conta. Unha vez feitos os cambios, prema **Gardar**

### Eliminar unha conta

Para eliminar unha conta seleccionada desde a parte dereita da xanela seleccione a que desexa e prema **Eliminar**. Empathy debería abrir a xanela “Está seguro de que quere eliminar”. Prema no botón **Eliminar** para confirmar que quere eliminar a conta ou prema **Cancelar** para manter a conta.

### Editar os contactos

#### Engadir un contacto

Para engadir unha conta abra o menú **Conversa** e seleccione **Engadir contacto**. Empathy debería abrir a xanela “Novo contacto”

Na lista despregábel **Conta** seleccione a conta onde engadir o contacto. Debe engadir o mesmo tipo de conta que coincida co deles.

Por exemplo se o enderezo do seu contacto remata en “@gmail.com” entón terá que engadilo a unha conta que remate en “@gmail.com”. Por outra banda se o enderezo do contacto remata en “@hotmail.com” terá que engadilo a unha conta que remate en “@hotmail.com”.

Cando escolla unha conta á que quere engadir o contacto necesita inserir entre o seu ID de inicio de sesión, nome de usuario, nome en pantalla ou o seu correo electrónico no campo **Identificador**.

Logo, no campo de texto **Alias** introduza o nome do contacto coa forma na que quere velo na súa lista de contactos. Prema **Engadir** para engadir o contacto á súa lista de contactos.

### Eliminar un contacto

Prema no contacto que quere eliminar e abra o menú **Editar**, logo selección **Contacto** e **Eliminar**. Isto abrirá a xanela “Eliminar contacto”.

Prema no botón **Eliminar** para confirmar que quere eliminar un contacto ou prema **Cancelar** para mantelo.

### Comunicarse cos seus contactos

#### Texto

Para comunicarse cun contacto, selección o contacto na xanela principal do Empathy e prema dúas veces sobre o seu nome. Empathy debería abrir unha xanela nova onde pode escribirlle as mensaxes ao seu contacto e ver un rexistro das mensaxes anteriores.

Para enviar unha mensaxe ao contacto, teclee a súa mensaxe no campo de texto situado debaixo do historial de conversacións.

Cando teña escrita a súa mensaxe, prema a tecla **Intro** para enviar unha mensaxe ao seu contacto. Se está comunicándose con máis dunha persoa todas as conversas se mostrarán en separadores na mesma xanela.

#### Son

Se o contacto ten capacidade de recibir audio entón haberá unha icona dun micrófono xunta o seu nome. Prema na icona do micrófono para abrir un menú emerxente. Escolla a opción **Chamada de audio** do menú. Empathy debería abrir a xanela “Chamar”.

Esta xanela mostra a súa imaxe á dereita e as imaxes do contacto á esquerda. Asegúrese de que o seu micrófono e altofalantes están conectados e proceda coa conversa de son. Vostede pode rematar a conversa premendo no botón **Colgar**.

#### Vídeo

Se o seu contacto pode facer conversas de vídeo haberá unha icona cunha cámara web ao lado do seu nome. Prema sobre a icona para abrir un menú emerxente. Selección a opción **Chamada de vídeo** desde o menú. Empathy debería abrir a xanela “Chamada”.

Esta xanela mostra a visualización da súa cámara web na parte superior dereita e os contactos de cámara web no medio.

Se non ten unha cámara web mostrarase a súa imaxe no seu lugar. Vostede pode rematar a chamada premendo no botón **Colgar**.

## Enviar e recibir ficheiros

### Enviar un ficheiro

Cando estea nunha conversa cun contacto e desexe enviarlle un ficheiro abra o menú **Contacto** e logo seleccione **Enviar ficheiro**.

Empathy debería abrir a xanela “Seleccionar un ficheiro”. Busque o ficheiro que desexa enviar e prema no botón **Enviar**. Abrirase unha xanela “Transferencias de ficheiro” mostrando o ficheiro seleccionado e o seu progreso de transferencia.

Cando remata unha transferencia de ficheiro, vostede pode pechar a xanela de “Transferencias de ficheiro”.

### Recibir un ficheiro

Cando un contacto quere enviarlle un ficheiro, a súa icona de estado á esquerda do nome do contacto titilará cunha icona dun avión de papel.

Para recibir un ficheiro prema dúas veces sobre o nome do contacto. Empathy debería abrir a xanela “Seleccione un destino”. Seleccione un lugar onde quere que Empathy garde o ficheiro e prema **Gardar**. Empathy debería abrir a xanela “Transferencias de ficheiros”.

A xanela “Transferencia de ficheiros” móstralle o progreso das transferencias de ficheiros actuais. Pode deter as transferencias de ficheiros premendo no botón **Deter**; abra os ficheiros transferidos premendo no botón **Abrir**, e limpe a lista de ficheiros completamente transferidos premendo no botón **Limpar**.

## Cambiar o seu estado

Pode usar o seu estado para mostrarlles aos seus contactos como está de ocupado ou que está a facer. Pode usar os status estándar, que son «Dispoñíbel», «Ocupado», «Invisíbel» e «Desconectado». Pódense cambiar na xanela principal do Empathy mediante a lista despregábel que está na parte superior da xanela.

A mesma lista despregábel permítelle establecer un estado personalizado seleccionando “Mensaxe personalizada...” ao lado da icona que coincide co seu estado. Escriba o que queira dicir no seu estado e prema sobre a marca de verificación verde.

## Cambiar a súa imaxe

A súa imaxe é o que os seus contactos ven ao carón do seu nome na súa lista de contactos. A imaxe predeterminada é unha silueta dunha persoa. Pode cambiar a súa imaxe abrindo o menú **Editar** e logo seleccionando **Información persoal**.

Empathy debería abrir a xanela “Información persoal”. Da lista despregábel

**Conta**, seleccione a conta que quere cambiar e logo prema sobre a imaxe na parte dereita da xanela.

Empathy debería abrir a xanela “Seleccione a súa imaxe de avatar”. Atope o ficheiro que contén a imaxe, e prema **Abrir**. Se quere volver ao avatar pre-determinado, prema no entanto sobre o botón **Sen imaxe**.

## Microbloguear

Pode conectarse a varios servizos de microblogueo abrindo o menú **Aplicativos**, escolla **Internet** e logo **Cliente social Gwibber**. Ata que engada as súas contas abrírase a xanela “Contas de difusión...”.

Despois de engadir as contas a xanela “Contas de difusión...”.

Nesta xanela na lista despregábel **Engadir novo** pode seleccionar entre Flickr, Twitter, StatusNet, Qaiku, Facebook FriendFeed, Digg e Identi.ca.



Figura 3.20: Gwibber permítelle engadir diferentes tipos de conta.

## MeMenu

Se preme sobre o seu nome no panel superior verá o “MeMenu”, na caixa de embaixo do seu nome pode escribir unha mensaxe para enviar aos sitios que ten configurados en Gwibber.

Tamén pode cambiar as súas configuracións da conta ao premer sobre **Contas de difusión...**, isto abrirá a xanela “Contas de difusión...”.

## Cambiar contas

Para engadir máis contas despois de que engadira algunha, prema no menú **Editar** e logo **Contas**, abrírase a xanela “Contas de difusión...”.

## Engadir contas

En “Contas de difusión...” prema **Engadir...** cada conta necesita que introduza os seus detalles da conta. Os detalles que se requiren para cada conta móstranse a continuación.

**Flickr:** para configurar unha conta de Flickr todo o que necesita é un ID de inicio de sesión.

**Twitter:** require un nome de usuario e un contrasinal.

**StatusNet:** require un ID, un dominio e un contrasinal.

**Qaiku:** Necesitará unha chave de API, as instrucións para isto están na xanela de Gwibber. Tamén necesita o seu ID de inicio de sesión.

**Facebook:** Prema **Autorizar**, introduza o seu enderezo de correo e o seu contrasinal e prema **Conectar**. Se quere mandar mensaxes a Facebook desde Gwibber, prema **Permitir publicar**, no caso contrario prema **Non permitir**.

Se quere que Gwibber mostre as súas orixes de novas necesita premer en **Permitir acceso**, en caso contrario **Non permitir**. Tamén necesita permitir as actualizacións de estado—prema **Permitir as actualizacións de estado**; se non quere que Gwibber poida actualizar os seus estados, prema **Non permitir**.

Para que Gwibber interactúe con Facebook cada vez que o usa terá que ter autorización constante. Se non é así debe autorizalo cada vez que o use. Para permitir a autorización constante prema **Permitir**.

**FriendFeed:** Requírese unha chave remota para o seu fluxo de amigos, Gwibber fornece información sobre onde obtela. Tamén necesita un ID de inicio de sesión.

**Digg:** o ID de inicio de sesión é todo o que necesita para Digg.

**Identi.ca:** require un login ID e un contrasinal para Identi.ca.

## Eliminar contas

Na xanela “Contas de difusión...” seleccione a conta que quere eliminar e prema **Eliminar**.

## Visualización das contas en Gwibber

Gwibber permítelle enviar mensaxes tanto a todos, como a unha selección de contas. Isto pode establecerse na parte inferior da xanela “Mensaxe de redes sociais”, para cada unha das contas coas que poida enviar mensaxes terá unha icona. Premendo sobre unha icona que estea como desactivada (aparece en gris) significa que non enviará mensaxes a esa conta.

Cando teña decididas as contas ás que quere enviar a súa mensaxe escriba a mensaxe no campo de texto sobre as iconas, logo prema **Enviar**.

Cada unha das súas contas terá un conxunto de iconas coas que ir, mostraranse na man esquerda da xanela “Mensaxe de difusión social”. O conxunto de iconas que vai cunha conta ten unha cor de fondo, cada unha destas iconas permítelle realizar tarefas desa conta específica.

## Visualización e edición de fotos

Para ver e editar fotos en Ubuntu, pode usar o aplicativo Xestor de fotografías F-Spot . Para iniciar F-Spot, abra o menú **Aplicativos**, escolla **Gráficos**, logo **Xestor de fotografías F-Spot**.

De forma predeterminada F-Spot mostra as fotos ordenadas por data. Pode ver as súas fotos dun mes específico premendo sobre o mes na liña de tempo preto da parte superior da xanela.

Tamén pode reproducir unha presentación coas súas imaxes premendo sobre o botón Reproducir na barra de ferramentas (este botón seméllase a un triángulo verde).




Figura 3.21: F-Spot permítelle almacenar, etiquetar e editar as súas fotos.

Esta guía continuamente fai referencia á barra lateral da esquerda. Se non pode vela abra o menú **Ver** e logo seleccione **Compoñentes**; finalmente seleccione **Barra lateral**—asegúrese que esta opción está seleccionada.

## Versión do sistema

Ao editar unha foto, F-Spot crea unha nova versión de modo que o orixinal non se perde. Pode crear unha nova versión abrindo o menú **Foto**, escoller **Crear nova versión...** Isto abre a xanela “Crear unha nova versión”. No campo de texto **Nome** pode escribir como lle gustaría que se chamase a versión e premer sobre o botón **Aceptar**. Crearase entón unha nova versión.

Pode ver as versións anteriores das súas fotos premendo sobre a foto que desexa ver e logo premendo sobre o botón **Editar imaxe**. Isto cambia a barra lateral da esquerda á barra lateral “Editar”. Na parte inferior esquerda a lista despregábel **Versión** permítelle seleccionar as versións anteriores da foto.

Pode querer renomear unha versión se recorda de que versión se trata. Para renomear unha versión, prema sobre a foto que quere cambiar, prema sobre botón **Editar imaxe**. Isto cambia a barra lateral esquerda pola barra lateral «Editar». Na esquina inferior esquerda da lista despregábel **Versión** pode escoller a versión da foto que quere renomear.

Abra o menú **Foto** e seleccione **Renomear a versión**. Isto abrirá a xanela “Renomear versión”. Escriba un nome novo no campo de texto **Novo nome**, logo, se quere renomear a versión, prema **Aceptar**. Se non quere renomear a versión, prema **Cancelar**.

Cando edite fotos, pode cometer un erro e pode decidir eliminar esa versión que xa non necesita. Para eliminar unha versión, prema sobre a foto que desexa cambiar e prema no botón **Editar imaxe**. Isto cambia a barra lateral da esquerda pola de «Editar». No ángulo inferior esquerdo da lista despregábel **Versión** escolla a versión da foto que quere borrar. A seguir, abra o menú **Foto**, logo, escolla **Eliminar versión**. Isto abrirá a xanela “Está seguro de que quere eliminar?”. Se desexa eliminar a versión, prema versión **Eliminar**. Se non quere borrar a versión, prema sobre **Cancelar**.

## Importar

Cando inicie F-Spot por primeira vez verá a xanela “Importar”. Despois do primeiro inicio vostede pode importar máis fotos premendo sobre o botón **Importar**.

Cando vostede importe algunhas fotos só se lle mostrarán as fotos que acaba de importar. Para mostrar todas as fotos prema sobre a **X** gris á dereita do **Buscar** azul.

## Seleccionar onde garda as fotos F-Spot

Cando importe imaxes na xanela “Importar” a opción **Copiar os ficheiros do cartafol Fotos** determina onde se gardan as fotos.

Se a opción **Copiar ficheiros ao cartafol de fotos** está seleccionada, entón F-Spot abrirá unha copia das fotos no cartafol **Fotos**, que está dentro do seu cartafol **Imaxes**. As imaxes ordénanse entón por ano, mes e logo data.

Se a opción **Copiar os ficheiros ao cartafol de fotos** non está seleccionado F-Spot non copiará as imaxes ao seu cartafol de **Fotos**.

### Importar desde un ficheiro




Figura 3.22: Vostede pode importar todas as súas fotos.

Para importar as fotos que están gardadas no seu computador seleccione **Seleccionar cartafol** da lista despregábel **Fonte de importación**. Isto abre a xanela “Importar”. Navegue ata o cartafol que contén as súas fotos e prema **Abrir**.

Cando a barra de carga diga «Carga feita» todas as fotos nese cartafol e calquera subcartafol se mostrarán entón na xanela “Importar”. Pode excluír a importación de fotos de subcartafoles deseleccionando a opción **Incluir subcartafoles**.

Todas as fotos se importan de modo predeterminado, pero pode escoller importar só algunhas delas. Para facelo así, manteña a tecla **CTRL** premida mentres fai clic sobre as fotos que quere importar. As duplicadas detéctanse automaticamente cando a opción **Detectar duplicacións** está seleccionada.

Vostede pode engadir etiquetas escribindo os nomes das etiquetas actuais no campo de texto **Anexar etiquetas**. Se quere usar varias etiquetas escribaas separadas por comas.

Cando teña seleccionadas as fotos que quere importar prema sobre o botón **Importar**.



## Desde unha cámara dixital

Para importar fotos dunha cámara dixital, conecte a cámara no porto USB do seu computador e acenda a cámara. Se a súa cámara se detecta, Ubuntu debería abrir unha nova xanela solicitándolle a importación de fotos. Asegúrese de que está seleccionado **Abrir F-Spot** na lista despregábel e prema o botón **Aceptar**. Isto mostrará a xanela “importar”. Na lista despregábel **Importar orixe** escolla a opción que aparece como **...Cámara**.

Abrirase unha xanela “Seleccionar fotos para copiar da cámara...”. Poderá entón seleccionar as fotos que quere copiar. Todas as fotos están seleccionadas de modo predeterminado pero pode engadir ou eliminar fotos concretas mantendo a tecla **CTRL** premida mentres fai clic sobre as fotos que quere deseleccionar.

Pode anexar etiquetas para todas elas premendo na opción **Anexar etiqueta** e seleccionar a etiqueta na lista despregábel **Anexar etiqueta**. Para obter máis información sobre as etiquetas consulte Organizar as fotos.

Pode cambiar onde se gardan os ficheiros na lista despregábel **Localización de destino**. O cartafol predeterminado é **Fotos**—é onde F-Spot garda as fotos.

Unha vez que escolleu as fotos que quere importar, prema no botón **Copiar**. Deberíase abrir a xanela “Transferindo as fotografías” e mostrarse o progreso da copia. Cando remate a copia, a barra de progreso mostrará o texto **Descarga rematada**. Por último, prema no botón **Aceptar** para mostrar as súas fotos no F-Spot.

## Organizar as fotos

F-Spot permítelle buscar fotos do mesmo tipo de forma sinxela usando etiquetas. Pode aplicar tantas etiquetas a unha foto como queira.

Para aplicar etiquetas ás fotos, primeiro seleccione as fotos. Logo prema co botón dereito sobre as fotos e seleccione **Anexar etiqueta**. Prema a etiqueta que lle quere engadir ás súas fotos. Pode engadir etiquetas ao importar as fotos como se cobre na sección “Importando”.

Pode engadir novas etiquetas abrindo o menú **Etiquetas** e seleccionando **Crear nova etiqueta....** Isto abrirá a xanela “Crear nova etiqueta”. Introduza o nome da etiqueta no campo de texto **Nome da nova etiqueta**; ademais a lista despregábel **Etiqueta nai**: permítelle seleccionar a etiqueta “nai” para a súa nova etiqueta.

## Editar as súas imaxes

Pode querer editar algunhas das fotos que importou a F-Spot. Por exemplo, pode que queira eliminar algo nas marxes, algunha decoloración, arranxar os ollos vermellos ou endereitar unha foto. Para editar unha foto, prema sobre a foto que queira editar e, logo, faga clic no botón **Editar imaxe**. Isto cambia a barra lateral na esquerda da xanela de “F-Spot”. O panel mostrará

oito opcións: **Recortar**, **Reducir ollos vermellos**, **Desaturar**, **Efecto sepia**, **Enderezar**, **Foco suave**, **Cor automática**, e **Axustar cores**. Algunhas destas opcións explícanse con máis detalle na seguinte sección.

### Recortar fotos

Pode querer recortar unha foto para cambiar o enmarcado ou eliminar partes dos bordos da foto. Prema en **Recortar** no panel lateral logo na lista despregábel **Selecciona a área para recortar** e seleccione o radio polo que quere recortar. Podería querer seleccionar o radio para que coincida co radio que desexa imprimir polo que a foto non se estirará.

Pode crear as súas constantes se unha das predeterminadas non se axusta aos seus requirimentos. Isto faise seleccionando **Ratios personalizados** da lista despregábel **Seleccionar a área a recortar**. Isto abre a xanela “Constantes de selección”. Prema en **Engadir** para crear unha nova entrada á esquerda da xanela.

Cando teña seleccionada a súa constante mova o cursor a unha das esquinas da selección da foto que quere manter. Prema e manteña o botón esquerdo do rato e arrástreo á esquina oposta da selección que quere manter. Solte o botón do rato para rematar a selección de recorte.

Para redimensionar a caixa de selección de recorte mova o rato ata que unha frecha apunte á caixa de selección de recorte que quere mover. Prema e manteña co botón esquerdo do rato e mova o rato ata que o bordo estea no lugar dereito.

Todas as proporcións funcionan tanto en modo retrato como apaisado. Para cambiar entre elas, debe premer no bordo dunha caixa de selección de recorte como se fose a redimensionar a caixa. Ao mover o cursor entre os selectores da parte superior dereita e a inferior esquerda cambiará entre os modos retrato e apaisado.

### Redución de ollos vermellos

Se tomou unha foto e o flash causou que a persoa teña os ollos vermellos, este problema pode arranxarse no F-Spot. Primeiro, prema no botón **Reducir ollos vermellos**. Mova o cursor a unha esquina do ollo da persoa, prema o botón esquerdo do rato e sen soltalo arrastre o cursor á esquina oposta do ollo. Logo, solte o botón do rato.

Esta caixa pode moverse poñendo o cursor no medio da selección de ollos vermellos ata que se mostre un cursor cunha man. Logo, prema e manteña o botón esquerdo do rato e mova a caixa de selección ao lugar correcto. Cando estea no lugar correcto solte o botón do rato.

Para redimensionar a caixa mova o rato ata que unha frecha apunte á caixa de selección de ollos vermellos que quere mover. Prema e manteña o botón esquerdo do rato e mova o rato ata que estea no lugar axeitado.

Cando a caixa cubra toda a parte vermella dun ollo prema no botón **Arran-**

**xar.** Debe repetir o proceso para cada un dos ollos das persoas que están afectadas.

### Endereitar

Se ten unha foto cunha persoa en ángulo pode endereitala foto con F-Spot. Primeiro, prema no botón **Enderezar**, logo mova o desprazador ata que a imaxe estea dereita de novo. F-Spot recortará automaticamente a imaxe para eliminar calquera parte branca que poida aparecer debido á rotación. Cando teña a súa imaxe endereitada prema no botón **Enderezar**.

### Axustar a cor

Para corrixir automaticamente a cor dunha foto prema no botón **Cor automático**.

### Exportar a servizos web

F-Spot permítelle exportar as súas fotos a unha galería Web, cartafol ou CD e aos seguintes servizos: SmugMug, PicasaWeb, Flickr, 23hq e Zoomr.

Pode exportar a estes servizos seleccionando unha foto e abrindo o menú **Foto**, escollendo **Exportar a** e premendo no servizo que requira. Abrirase unha xanela na que pode introducir o nome da conta e o contrasinal para o servizo. Isto permitíralle subir as fotografías a este servizo.

### Ver vídeos e filmes.

Para ver vídeos ou DVD en Ubuntu, pode usar o aplicativo Reprodutor de filmes. Para inicialo, abra o menú **Aplicativos**, logo escolla **Son e vídeo** e **Reprodutor de filmes**. Isto abrirá a xanela do “Reprodutor de filmes”.

### Códecs

Para ver os DVD debe instalar un “códec” en Ubuntu, que é unha peza de software que lle permite ao seu computador entender os contidos dun DVD e mostrar o vídeo.



*Observación legal: As leis de patentes e dereitos de autor actúan de forma diferente en función do país no que se encontra. Por favor, pida asesoramento legal se non está seguro de se algunha patente ou restrición en particular afecta a un formato de medio que desexe usar no seu país.*

Para reproducir todos os vídeos e os DVD terá que instalar algúns códecs. Isto faise activando os repositorios **Multiverse** (para saber como facer isto consulte o Capítulo 5: Xestión de software).

Cando teña activados os repositorios abra o menú **Aplicativos** e seleccione **Centro de software de Ubuntu**. Cando a xanela “Centro de software de




Figura 3.23: Totem reproduce música e vídeos.

Ubuntu” se abra, use a caixa de busca na parte superior dereita e busque polo seguinte:

- ▶ gstreamer0.10-ffmpeg
- ▶ gstreamer0.10-plugins-bad
- ▶ gstreamer0.10-plugins-ugly
- ▶ gstreamer0.10-plugins-base
- ▶ gstreamer0.10-plugins-good
- ▶ libdvdread4
- ▶ libdvdnav4
- ▶ libdvdcss2

Cando encontre un, selecciónelo premendo dúas veces e logo prema no botón **Instalar**. Isto debería abrir unha xanela “Autenticar”. Polo que introduza o seu contrasinal e logo prema **Autenticar** para iniciar o proceso de instalación.

Para obter máis información no terminal vexa o Capítulo 6: A liña de ordes

Para rematar a instalación de códecs tamén necesita executar unha orde na terminal. Abra o menú **Aplicativos** logo seleccione **Accesorios** e logo seleccione **Terminal**. Isto abrirá unha xanela de “Terminal”.

Escriba a orde como se mostra a continuación

```
$ sudo /usr/share/doc/libdvdread4/install-css.sh
```

Unha vez inserida a orde, prema INTRO. Pedíraselle o seu contrasinal—para autorizar esta acción. Escriba o seu contrasinal e prema INTRO. Espere a que o proceso remate. Unha vez rematado pode pechar a xanela da “Terminal”.

Sudo é unha forma de obter temporalmente os permisos para levar a cabo certas tarefas, como a instalación de novo software.

Normalmente, sudo móstrase nunha xanela na que debe inserir o seu contrasinal. Cando escriba o seu contrasinal nun terminal non se mostrará.

## Reproducir vídeos desde un ficheiro

Abra o menú **Filme**, logo seleccione **Abrir...** Isto abrirá a xanela “Seleccionar filmes ou listas de reprodución”. Busque o ficheiro ou ficheiros que quere reproducir e prema o botón **Engadir**. O vídeo ou vídeos comezarán a reproducirse.

## Reproducir un DVD

Cando introduza un DVD no computador, Ubuntu debería abrir a xanela “Acaba de inserir un DVD de vídeo. Elixir que aplicativo hai que executar”. Asegúrese de que na lista despregábel está seleccionado **Abrir reprodutor de filmes** e prema **Aceptar**. Abrirase a xanela do “Reprodutor de filmes” e iniciárase o filme.

Se a xanela “Reprodutor de filmes” xa está aberta, abra o menú **Filme** e logo seleccione **Reproducir disco...** e o filme comezará a reproducirse.

## Escoitar son e música

Ubuntu vén co Reprodutor de música Rhythmbox para escoitar música, radio por Internet, xestionar listas de reprodución e podcasts, ademais de poder mercar cancións.

## Iniciar Rhythmbox

Para iniciar Rhythmbox abra o menú **Aplicativos**, seleccione **Son e vídeo** e logo **Reprodutor de música Rhythmbox**.

Para saír de Rhythmbox seleccione **Música ▶ Saír** ou prema CTRL+Q. Rhythmbox continuará executándose se selecciona **Música ▶ Pechar** ou pecha a xanela. Algunhas ferramentas de Rhythmbox (como *Reproducir*, *Seguinte* e *Anterior*) están dispoñíbeis desde a icona do Reprodutor de música de Rhythmbox na área de notificación (normalmente na parte superior dereita da súa pantalla). Tamén pode *Saír* desde este menú para saír de Rhythmbox.




Figura 3.24: Rhythmbox cun CD inserido.

## Reproducir música

Para reproducir música primeiro debe importala á súa fonoteca. Selecciona **Música** ▶ **Importar cartafol** ou premea CTRL+O no seu teclado para importar un cartafol de cancións ou **Importar ficheiro** para importar só unha única canción.

A *barra de ferramentas de Rhythmbox* contén a maioría dos controis que usará para navegar e reproducir a súa música.

Se quere reproducir unha canción selecciónese unha pista e premea o botón **Reproducir** na barra de ferramentas (tamén pode seleccionar **Control** ▶ **Reproducir** desde a barra de menú ou premea CTRL+Espazo). Se volve a premer no botón **Reproducir** pausarase a canción.

Os botóns **Seguinte** e **Anterior** están ao lado do botón **Reproducir**. Pode premer nestes botóns para reproducir a anterior e a seguinte canción na súa fonoteca.

A barra de ferramentas de Rhythmbox ten a opción de activar ou desactivar a opción **Repetir** (**Control** ▶ **Repetir** ou CTRL+R), **Aleatorio** (**Control** ▶

**Aleatorio** ou CTRL+U) ou *Explorador de artistas/álbumes* (**Control ▶ Explorador** ou CTRL+B) e *Visualización*.

Cando insire un CD no seu computador, este aparecerá na lista de *Dispositivos* no *Panel lateral*. Selecciono o CD na lista de dispositivos. Active ou desactive o panel lateral escollendo na barra de menú **Vista ▶ Panel lateral** ou premendo a tecla F9. Rhythmbox tentará buscar o nome do artista, o álbum e as cancións. Para reproducir as cancións do CD, escolla a pista e prema **Reproducir**.

Para importar as cancións na súa biblioteca, seccione o CD na lista de dispositivos. Pode revisar a información sobre o CD, facer algúns cambios se é necesario ou desmarcar as cancións que non quere importar. A barra de ferramentas mostrará opcións adicionais como *recargar a información do álbum*, *expulsar o CD*, e *copiar as pistas á súa biblioteca*. Prema no botón **Copiar** para importar as cancións.

### Escoitar a radio por difusión

Rhythmbox está configurado para activar as radios por Internet de varias fontes. Estas inclúen as estacións de difusión de radio (*Radio* no panel lateral) así como *Last.fm*. Para escoitar unha estación de radio de Internet, seccione unha estación da lista e prema **Reproducir**. Para escoitar a música de Last.fm configure as súas *Opcións de conta*.

O streaming de radio son estacións de radio que se difunden pola Internet.

### Conectar reprodutores de son dixitais

Rhythmbox pode conectarse con moitos reprodutores de son dixitais populares. Os reprodutores conectados aparecerán na lista de Dispositivos. As características dependerán segundo o reprodutor pero as tarefas comúns como transferir cancións ou as listas de reprodución deberían ser compatíbeis.

### Escoitar música compartida

Se vostede está na mesma rede ca outros usuarios de Rhythmbox (ou de calquera software reprodutor compatíbel con *DAAP*), pode compartir con outros a súa música e escoitar a música que eles comparten. Escolla *Compartida* unha lista no panel lateral de bibliotecas compartidas na súa rede. Premendo sobre unha biblioteca compartida activarase para que explore e reproduza cancións doutros computadores.

DAAP aparece en lugar de «Digital Audio Access Protocol» e consiste nun método deseñado por Apple Inc. para permitir que o software comparta a multimedia a través da rede.

### Xestionar podcasts

Rhythmbox pode xestionar todos os seus podcasts favoritos. Seccione *Podcasts* desde o panel lateral para ver todos os podcasts engadidos. A barra de ferramentas mostrará as opcións adicionais para *Subscribirse a un provedor Podcast novo* e *Actualizar todos os provedores*. Seccione **Música ▶ Novo provedor de podcast**, CTRL+P ou prema o botón **Subscribir** para importar un

URL de proveedor. Os podcasts descargaranse automaticamente cada pouco tempo ou tamén pode facelo de forma manual. Seleccione un capítulo e prema **Reproducir**. Tamén pode eliminar capítulos.




Figura 3.25: Vostede pode engadir e reproducir os seus podcasts en Rhythmbox.

## Preferencias de Rhythmbox

A configuración predeterminada de Rhythmbox pode que non sexa exactamente a que quere. Escolla na barra de menú **Edición** ▶ **Preferencias** para modificar as configuracións do aplicativo. A ferramenta de *Preferencias* divídese en catro áreas: *Xeral*, *Reproducción*, *Música*, e *Podcasts*.

- ▶ As **opcións xerais** inclúen opcións de filtrado de música e ordenamento e a configuración de opcións para as etiquetas dos botóns na barra de ferramentas.
- ▶ As **opcións de reprodución** permítenlle personalizar a característica de mestura e definir a configuración do búfer para a música por streaming desde orixes como as radios por Internet e fonotecas compartidas.
- ▶ As **opcións de música** definen a *Localización da súa fonoteca* no seu



computador, onde se engade a música importada, a *Estructura da fonoteca*, a forma coa que se crean os cartafoles segundo a súa música importada e o *Formato preferido* para a música importada.

- As **Opcións de podcasts** definen a *localización de descarga* dos capítulos dun podcast e a frecuencia de *comprobación de novos episodios*.

## Xestionar a súa música

Rhythmbox admite a creación de listas de reprodución. As listas de reprodución poden ser listas estáticas de cancións que se reproducen en orde ou poden ser listas de reprodución automática baseadas no seu criterio de filtro específico. As listas de reprodución conteñen referencias a cancións na súa biblioteca. Non conteñen o ficheiro da canción. Se elimina unha canción dunha lista de reprodución (*Eliminar desde a lista de reprodución*) manterase na súa biblioteca.

Para crear unha lista de reprodución **Música ▸ Lista de reprodución ▸ Nova lista de reprodución** ou CTRL+N e déalle un nome á súa nova lista de reprodución. Tamén pode arrastrar as cancións desde a súa fonoteca no panel lateral ou premer co botón dereito sobre as cancións, premer **Engadir á lista de reprodución** e seleccionar unha.

As *listas automáticas* créanse do mesmo xeito que as listas estáticas—seleccione **Música ▸ Lista de reprodución ▸ Nova lista de reprodución automática**. A continuación, defina o criterio do filtrado, pode engadir múltiples regras de filtrado. Finalmente, prema **Pechar** e déalle un nome á súa nova lista de reprodución automática. As listas de reprodución automáticas aparecerán no seu panel lateral cunha icona diferente das listas de reprodución estáticas. Pode actualizar calquera lista premendo co botón dereito sobre o nome e seleccionando **Editar...**

Rhythmbox admite a configuración das valoracións de cancións. Seleccione unha canción da súa fonoteca e prema **Música ▸ Propiedades**, ALT+Intro ou prema co botón dereito sobre un ficheiro e seleccione **Propiedades**. Seleccione o separador *Detalles* e estableza unha valoración seleccionando o número de estrelas. Pode cambiar outra información da canción como *Título*, *Artista* e *Álbum* desde o separador *Básico*. Prema **Pechar** para gardar calquera cambio.

Para eliminar unha canción selecciónea desde a súa biblioteca e seleccione **Editar ▸ Mover ao lixo** ou prema co botón dereito sobre a canción e seleccione **Mover ao lixo**. Isto moverá o ficheiro da canción ao lixo.

Se quere mover unha canción (por exemplo a outro computador) seleccione a canción (ou grupo de cancións) na súa fonoteca e arrástrea ao cartafol ou ao seu escritorio. Isto creará unha copia na nova localización.

## Engadidos do Rhythmbox

Rhythmbox vén cun conxunto de engadidos. Estes engadidos son ferramentas que pode activar ou desactivar para engadir máis funcionalidades a

Rhythmbox. Algún deles son *Portadas*, *Letras das cancións* e varias tendas de música. Algúns destes engadidos están activados de forma predeterminada.

Para ver a lista dos engadidos dispoñíbeis seleccione **Editar ▶ Complementos**. A xanela *Configurar os engadidos* permítelle activar ou desactivar engadidos de forma individual, ver as descrições e configurar as opcións adicionais se están dispoñíbeis para o engadido.

## Tendas de música

Rhythmbox ten tres tendas de música que lle dan acceso a un catálogo de música incrivelmente grande con distintas opcións de licenciamiento.

A tenda de *Jamendo* vende música ilimitada, legal e de balde publicada coas seis licenzas Creative Commons. Vostede pode navegar polo catálogo e reproducir as cancións seleccionando *Jamendo* na lista de *Tendas* no panel lateral. Ten máis información sobre o seu catálogo en <http://www.jamendo.com/>.

A tenda de música *Magnatune* vende música de músicos independentes. Traballa directamente cos artistas e selecciona manualmente as cancións. O seu catálogo está composto por música con alta calidade, e sen DRM (sen protección fronte a copia) e ten unha gran variedade de xéneros desde a música clásica ata o Jazz e Hip Hop ou Rock duro. Vostede pode explorar o catálogo e reproducir as cancións seleccionando *Magnatune* na lista de *Tendas* no panel lateral. Para ter máis información sobre o seu catálogo e o servizo de subscripción pode visitar <http://www.magnatune.com/>.

O *Ubuntu One Music Store* vende música da maioría das discográficas ao redor do mundo. A tenda ofrece cancións sen DRM (sen protección de copia) codificada en alta calidade tanto en formato MP3 como AAC.

A tenda de música de Ubuntu One (Ubuntu One Music Store) está integrada no servizo de Ubuntu One. Todas as compras transfírense á súa nube de almacenamento persoal e logo, é automaticamente copiada en todos os seus computadores polo que se require unha conta de Ubuntu One. O catálogo de música dispoñíbel para comprar pode depender de onde estea situado no mundo. Ten máis información sobre a Ubuntu One Music Store en <http://one.ubuntu.com/>.

## Códecs de audio

Diferentes ficheiros de son (p. ex., MP3, WAV, AAC) requiren ferramentas únicas para descodificalos e reproducir os contidos. Estas ferramentas son chamadas códecs. Rhythmbox tentará detectar calquera falta de códecs no seu sistema para que poida reproducir todos os seus ficheiros de son. Se falta un códec, tentará encontrar o códec nos recursos en liña e guiarao a través da instalación.

## Asistencia do Rhythmbox

Rhythmbox é usado por moitos usuarios ao redor do mundo. Hai unha gran variedade de recursos dispoñíbeis en distintos idiomas.

- ▶ Seleccione o botón **Axuda** para obter as distintas opcións de asistencia e información sobre como informar de erros no Rhythmbox.
- ▶ O sitio web do Rhythmbox: <http://projects.gnome.org/rhythmbox/>
- ▶ A categoría Multimedia & Video nos Ubuntu Forums: <http://ubuntuforums.org/forumdisplay.php?f=334>

## Traballar con documentos, follas de cálculo e presentacións

A miúdo, vostede necesita usar o seu computador para traballar. Vostede podería necesitar o uso dun procesador de textos para escribir un documento. Vostede pode necesitar para traballar unha folla de cálculo, facer cálculos nunha táboa ou crear unha gráfica de datos. Vostede podería querer traballar en presentacións.

En Ubuntu, vostede pode usar a suite de aplicativos de OpenOffice.org para estas tarefas.

### Traballar con documentos

Se precisa traballar con documentos, pode usar o procesador de textos de OpenOffice.org. Para iniciar o procesador de textos, abra o menú **Aplicativos**, seleccione o menú **Ofimática**, e logo escolla **Procesador de textos de OpenOffice.org**. Ubuntu debería abrir a xanela principal do procesador de textos.

### Traballar con follas de cálculo

Se necesita traballar con follas de cálculo pode usar a folla de cálculo de OpenOffice.org. Para iniciar o aplicativo de folla de cálculo, abra o menú **Aplicativos**, seleccione o menú **Ofimática** e logo escolla **Folla de cálculo de OpenOffice.org**.

### Traballar con presentacións

Se necesita traballar con diapositivas para unha presentación pode usar presentación de OpenOffice.org. Para iniciar o aplicativo de presentacións abra o menú **Aplicativos**, seleccione o menú **Ofimática** e logo escolla **Presentación de OpenOffice.org**.

O procesador de textos de OpenOffice.org tamén se coñece como OpenOffice.org Writer. A folla de cálculo como Calc e o de presentacións como Impress.

## Obter máis axuda

Cada un destes aplicativos vén cun conxunto de pantallas de axuda. Se está buscando máis asistencia nestes aplicativos, prema na tecla F1, logo de arrincar o aplicativo.

## Tomar notas

Pode tomar notas no programa chamado **Notas do Tomboy**, que pode usalo para facer unha lista da compra ou de tarefas. Prema en **Aplicativos** e logo **Accesorios** e finalmente **Notas do Tomboy**.




Figura 3.26: Vostede pode gardar información que necesite lembrar.

Vostede pode buscar en todas as súas notas escribindo unha palabra no campo de texto **Buscar:** na xanela principal do tomboy.

## Crear notas

Para crear unha nova nota prema **Ficheiro** logo prema **Nova**, para abrir a xanela “Nova nota”.

A xanela “Nova nota” conterá o título azul “Nova nota”—isto pode eliminarse e cambiarse por un título que fai que a nota sexa máis recordábel. O contido principal da nota pode escribirse onde está “Describe a súa nova nota aquí”. Cando remate de escribir o seu texto peche a súa nota e os cambios gardaranse automaticamente.

Para eliminar a nota prema o botón vermello de eliminación de nota, isto abrirá unha xanela “Desexa eliminar esta nota?”. Se quere eliminar a nota prema no botón **Eliminar**; doutro xeito prema no botón **Cancelar**

Vostede pode engadirle unha nota ao caderno premendo no botón **Caderno** e, logo, premendo na opción ao lado do caderno caro ao que quere mover a nota.

### Organizar as notas

Pode organizar as súas notas no Tomboy usando “Cadernos”. Isto fai que a busca das súas notas sexa máis rápida e un lugar máis lóxico. Para crear un novo caderno de notas prema **Ficheiro** logo **Cadernos** e prema **Novo caderno...**

Abrirase a xanela “Crear un novo caderno”, escriba o nome do caderno no campo de texto **Nome do caderno**:. Cando teña escrito o nome do caderno prema no botón **Crear**.

Agora mostrarase o caderno no panel lateral das Notas do Tomboy. Vostede pode premer e manter na nota que escolla e arrástrea á parte superior do caderno á que a quere mover.

### Sincronizar

Pode sincronizar as súas notas coa súa conta de Ubuntu One, isto significa que pode ter acceso a eles en todos os seus computadores Ubuntu. Tamén pode ter acceso a eles desde <https://one.ubuntu.com/>.

Para sincronizar as súas notas prema **Editar** e logo **Preferencias**. Isto abrirá a xanela “Preferencias do Tomboy”. Prema no separador **Sincronización** e logo na lista despregábel **Servizo** prema **Web do Tomboy**.

A seguir prema o botón **Conectar co servidor**, abrirase unha páxina de web en **Firefox**; deberá introducir o enderezo de correo que use para Ubuntu One e o seu contrasinal. Logo prema o botón **Continuar**, despois, no campo de texto **Nome do computador** introduza un nome que lle recorde ese computador e prema o botón **Engadir este computador**. Firefox mostrará entón unha páxina que di algo semellante a «Autorización web correcta do Tomboy».

De volta na xanela de “Preferencias do Tomboy” prema o botón **Gardar**. Abrirase unha nova xanela que lle pregunta se quere “sincronizar as súas notas agora”, prema o botón **Si** e aparecerá a xanela “Sincronizando as notas...”. Cando remate a sincronización prema o botón **Pechar**.

Se quere sincronizar as notas prema **Ferramentas** e logo **Sincronizar as**

**notas.** Comezarán as sincronizarse as súas notas, ao rematar prema no botón **pechar**.

## Ubuntu One

É común para moitas persoas usar varios computadores no seu traballo, escola e vida persoal. Pode querer ter un escritorio na súa oficina así como un computador portátil ou ir a un cibercafé. Se se asegura que os seus ficheiros están accesíbeis non importa que computador estea usando. Pode dicirse o mesmo para a complexidade de manter sincronizadas as súas axendas de enderezos de Evolution, as notas do Tomboy ou os marcadores do Firefox.

Ubuntu One pode axudarlle a manter a súa vida dixital sincronizada. Todos os seus documentos, música, marcadores, axendas de enderezos e notas estarán sincronizados en todos os seus computadores. Ademais, estarán almacenados na súa nube persoal polo que pode usar o seu navegador web desde calquera computador para acceder a todas as súas cousas desde o sitio web de Ubuntu One (<http://one.ubuntu.com/>).

Ubuntu One fornécelle a todos os usuarios de Ubuntu 2 GB de almacenamento de balde. Se precisa máis capacidade e sincronización de contactos con teléfonos móbiles teno dispoñíbel cun pagamento mensual. Despois de configurar Ubuntu One, pode usar o seu computador como o fai normalmente, Ubuntu One preocuparase de que os seus datos aparezan en todos os seus computadores con Ubuntu One instalado.

## Configurar Ubuntu One

Para configurar Ubuntu One primeiro abra o menú **Sistema**, logo seleccione **Preferencias** e **Ubuntu One**. Se é a primeira vez que executa o aplicativo *Preferencias do Ubuntu One*, engadirá o seu computador á súa conta de Ubuntu One.

Ubuntu One usa o servizo Ubuntu Single Sign On (sso) para as contas de usuario. Se non ten unha conta de Ubuntu sso o proceso de configuración permitiralle crear unha. Cando remate, terá unha conta de Ubuntu sso, unha subscripción de Ubuntu One e o seu computador configurado para sincronizar.

## Preferencias do Ubuntu One

O aplicativo Preferencias do Ubuntu One mostra canto espazo de almacenamento está usando actualmente así como ferramentas de xestión da conta.

O separador *Conta* mostra información da súa conta como o nome e enderezo de correo electrónico e ligazóns á xestión da conta e recursos de asistencia técnica.

O separador *Dispositivos* mostra todos os dispositivos que están actualmente engadidos para sincronizar coa súa conta. Os dispositivos poden ser

tanto computadores como teléfonos móbiles. Pode axustar o ancho de banda que usa o computador que está usando actualmente para a sincronización e conectar e reconectar a Ubuntu One. Tamén pode renomear computadores e teléfonos móbiles desde a súa conta de Ubuntu One.

O separador *Servizos* é onde vostede xestiona as características de sincronización de Ubuntu One co seu almacenamento na nube e outros computadores. Pode activar ou desactivar a sincronización de ficheiros, música comprada, contactos e marcadores.

## **Máis información**

Para obter máis información sobre Ubuntu One, os seus servizos e recursos de asistencia técnica visite a páxina web do Ubuntu One en <http://one.ubuntu.com/>. Subscríbese ao blogue <http://one.ubuntu.com/blog> para ter novas das últimas características.

# 4 Hardware

## Usar os seus dispositivos

Ubuntu é compatíbel cunha grande cantidade de hardware, e con cada nova versión mellora a compatibilidade co novo hardware.

## Identificación do hardware

Para identificar o seu hardware siga as seguintes instrucións: prema no menú **Aplicativos**, e desprácese cara abaixo ata o **Centro de software de Ubuntu**. Cando se abra a xanela do “Centro de software de Ubuntu”, use a caixa de busca situada na parte superior dereita para buscar o seguinte: “sysinfo”. Agora prema en **Máis información ▶ Instalar - Libre** para instalar o aplicativo.

Agora para executar o aplicativo vaia a **Aplicativos ▶ Ferramentas do sistema ▶ Sysinfo**. O programa debería abrirse dándolle acceso á información sobre o hardware no seu sistema.

## Pantallas

### Controladores do hardware

Un controlador é un código empacotado nun ficheiro que lle di ao seu computador como usar unha parte de hardware. Cada compoñente nun computador require un controlador para funcionar, tanto se é unha impresora, un reprodutor de DVD, un disco ríxido ou unha tarxeta gráfica.

A maior parte das tarxetas gráficas son fabricadas por tres compañías ben coñecidas: Intel, AMD/ATI, e NVIDIA Corp. Pode atopar o fabricante da súa tarxeta consultando o manual do seu computador ou buscando as especificacións do seu particular modelo na Internet. O Centro de software de Ubuntu aloxa un certo número de programas que lle permiten obter información detallada. **SysInfo** é un de tales programas cos que pode atopar información relevante sobre os dispositivos do seu sistema. Ubuntu ten asistencia para dispositivos gráficos fabricados polas compañías anteriores, e algunhas outras, de serie. Iso significa que non ten que atopar e instalar ningún dispositivo vostede, Ubuntu xa o fai por si mesmo.

Mantendo a filosofía de Ubuntu, os controladores que se usan de forma predeterminada nos dispositivos gráficos son de código aberto. Isto significa que os controladores poden ser modificados polos desenvolvedores de Ubuntu polo que se poden arranxar os problemas. Porén, nalgúns casos o controlador privativo (controlador restrinxido) fornecido pola compañía pode ter mellor

A tarxeta gráfica é o compoñente do seu computador que fai que se mostren cousas na pantalla. Cando está vendo vídeos en YouTube ou un DVD ou simplemente gozando dos efectos de transición cando maximiza/minimiza as súas xanelas, o seu dispositivo gráfico é o que está facendo o traballo duro por detrás.



rendemento ou máis características que o controlador de código aberto escrito pola comunidade de desenvolvedores. Aínda así, o seu dispositivo pode que aínda non sexa compatíbel cos controladores de código aberto. Dado o momento, podería querer instalar os controladores restrinxidos fornecidos polo fabricante.

Tanto por motivos filosóficos como prácticos, Ubuntu non instala controladores restrinxidos de modo predeterminado, pero permítelle ao usuario facer unha escolla informada. Lembre que os controladores restrinxidos, ao contrario dos controladores de código aberto para o seu dispositivo, non son sostidos por Ubuntu. Os problemas causados por estes controladores resolveranse só cando o fabricante queira facelo. Para ver se os controladores restrinxidos están dispoñíbeis para o seu sistema, prema en **Sistema** no panel superior, vaia a **Administración** e atope **Controladores de hardware**. Se un controlador é fornecido polo fabricante para o seu dispositivo especial, será listado aquí. Pode simplemente premer en **Activar** e usar o controlador, se quere. Este proceso esixe unha conexión á Internet activa e pediralle o seu contrasinal.

Os desenvolvedores de Ubuntu prefiren os controladores de código aberto xa que lles permite identificar os problemas e que sexan arranxados por alguén que teña coñecementos na comunidade. O desenvolvemento de Ubuntu é extremadamente rápido e a mellor elección é que o seu controlador obteña compatibilidade cos controladores de código aberto. Vostede pode usar o CD vivo para verificar a compatibilidade do dispositivo antes de instalar Ubuntu ou ir aos foros de Ubuntu para preguntar sobre un dispositivo en particular.

## Configurar a resolución da pantalla

Unha das tarefas máis comúns relacionadas é a configuración da súa resolución de pantalla.

Ubuntu identifica correctamente as resolucións de pantalla nativas por si mesmo e móstrallas. Porén, debido á gran variedade de dispositivos dispoñíbeis, algunhas veces pode cometer erros e configurar unha resolución non desexada.

Para configurar ou comprobar a resolución da súa pantalla, vaia ao menú **Sistema** ▶ **Preferencias** ▶ **Monitores**. O aplicativo *Monitores* móstralle o nome do seu monitor e o tamaño, a resolución de pantalla e a taxa de actualización. Premendo na resolución mostrada (p. ex., “1024×768 (4:3)”) debería abrirse un menú despregábel onde pode seleccionar a resolución que desexe.

## Conectar e usar a impresora

Vostede pode engadir, eliminar e cambiar as preferencias dunha impresora premendo en **Sistema** ▶ **Administración** ▶ **Impresoras**. Isto mostrará a xanela “Imprimindo: localhost”.

Outro recurso útil é a documentación oficial en liña (<http://help.ubuntu.com>), que contén información detallada de varios controladores gráficos e os problemas coñecidos.

A pantalla está construída con milleiros de píxeles pequenos. Cada píxel mostra unha cor distinta e cando se combinan todos mostra a imaxe que vostede pode ver. A resolución de pantalla nativa é a medida da cantidade de píxeles da súa pantalla.

Cando engade unha impresora debe estar conectada co cable USB ou conectada á súa rede. Tamén debe estar acesa.

## Engadir unha impresora local

Se ten unha impresora conectada ao seu computador cun cable USB entón é unha impresora local. Vostede pode engadir unha impresora premendo o botón **Engadir impresora**.

No panel da esquerda da xanela “Nova impresora” mostrarase calquera impresora que poida instalar. Selecciona a impresora que quere instalar e prema en **Adiante**.

Vostede pode especificar o nome da impresora, a descrición e a súa localización. Cada un dos campos anteriores debe lembrarle a impresora para que poida seleccionar a correcta cando vaia imprimir. Finalmente prema en **Aplicar**.

## Engadir unha impresora en rede

Asegúrese de que a impresora está conectada á súa rede cun cable Ethernet e que está acesa. Pode engadir unha impresora premendo no botón **Engadir impresora**, isto abrirá a xanela “Nova impresora”. Prema no “+” ao lado de *Impresora de rede*.

Se detectou automaticamente a súa impresora, esta aparecerá debaixo de *Impresora de rede*. Prema no nome da impresora e logo no botón **Adiante**. Agora nos campos de texto pode especificar o nome da impresora, a descrición e a localización. Cada un destes deberíalle recordar a aquela impresora en particular que pode escoller para usar ao imprimir. Por último, prema no botón **Aplicar**.

Tamén pode engadir unha impresora de rede introducindo o enderezo IP da impresora. Selecciona **Buscar impresora de rede**, na caixa que leva a etiqueta **Host**: introduza o enderezo IP da impresora e logo prema o botón **Localizar**. Ubuntu localizará a impresora e engadiraa. As impresoras máis recentes son detectadas automaticamente por Ubuntu. Se non é posíbel que Ubuntu detecte automaticamente a impresora, pedíraselle que introduza a marca e o número de modelo da impresora.

## Cambiar as opcións da impresora

As opcións de impresora permítenlle cambiar a calidade de impresión, o tamaño do papel e o tipo de soporte. Pódense cambiar premendo co botón dereito nunha impresora e escollendo **Propiedades**. A xanela “Propiedades da impresora” mostrarase, no panel esquerdo escolla *Opcións de impresora*.

Vostede pode especificar a configuración cambiando as entradas da lista despregábel. Algunha das opcións que pode ver están explicadas.

Se a súa impresora pode imprimir a dobre cara automaticamente probabelmente terá un duplexador. Consulte as instrucións que viñeron coa impresora se non está seguro. Se ten un duplexador terá que asegurarse que a opción **Duplexador instalado** está activada e logo prema o botón **Adiante**.

A impresora predeterminada é unha que está seleccionada automaticamente cando imprime un ficheiro. Para establecer unha impresora como predeterminada prema co botón dereito sobre ela e logo en **Facer predeterminada**.

## Tamaño do papel

Este é o tamaño do papel que pon na bandexa da súa impresora.

## Orixe do soporte

Esta é a bandexa de onde se extrae o papel.

## Modo de saída

Isto é moi útil se quere imprimir en **Só escala de grises** para aforrar tinta, ou imprimir en **Cor** ou **Escala de grises de alta calidade**.

## Tipo de soporte

Dependendo da súa impresora pode cambiar entre:

- Papel normal
- Automático
- Papel fotográfico
- Filme transparente
- Soportes CD ou DVD

## Calidade de impresión

Isto especifica canta tinta se usa ao imprimir, o **Borrador rápido** usa a tinta mínima e a **Fotografía de alta resolución** usa o máximo de tinta.

## Son

Polo xeral, Ubuntu detecta o hardware de son do sistema automaticamente durante a instalación. En Ubuntu o son fornéceo un servidor de son chamado PulseAudio. As preferencias de son son facilmente configurábeis coa axuda dunha GUI moi fácil de usar que vén preinstalada con Ubuntu.

Unha icona de volume, situada no ángulo superior dereito da pantalla, fornece acceso rápido a diferentes funcións de son relacionadas. Ao premer co botón esquerdo sobre a icona do volume móstrase un botón desprazábel que pode mover horizontalmente para incrementar/reducir o volume. Premer co botón esquerdo na icona do volume tamén lle permite escoller entre silenciar o son e as Preferencias de son. Ao seleccionar *Preferencias de son* ábrese outra xanela que lle permite acceder a preferencias sobre temas de son, de hardware e de entrada e saída. As Preferencias de son tamén se poden encontrar indo a **Sistema ▸ Preferencias ▸ Son**.

O primeiro separador que se mostra de forma predeterminada é *Efectos de son*. Vostede pode desactivar o efecto de son existente ou configuralo coas opcións dispoñíbeis.

Pode engadir novos efectos de son instalándoos desde o Centro de software (p. ex. Ubuntu Studio Sound theme). Tamén pode instalar novos temas desde o menú despregábel. Pode activar os sons de xanela e de botón.

O *separador hardware* terá unha lista de todas as tarxetas de son dispoñíbeis no seu sistema. Polo xeral só hai unha, porén, se ten unha tarxeta gráfica que soporta audio HDMI, esta tamén se mostrará na lista. Esta sección só debería configurarse se é un usuario avanzado.

O terceiro separador é para configurar a *entrada de son*. Poderá usar esta sección cando teña un micrófono instalado no seu sistema ou se engade un micrófono externo.

Pode subir/baixar e enmudecer/desenmudecer o volume de entrada neste separador. Se hai máis dun dispositivo de entrada, veraos na lista da caixa branca que di *Escolla un dispositivo para o son de entrada*.

O *separador de saída* úsase para configurar a saída do son. Pode incrementar ou reducir e enmudecer ou desenmudecer o volume de saída e seleccionar o seu dispositivo de saída preferido.

Se ten máis dun dispositivo de saída, mostrarase na sección co título “Escolla un dispositivo para o son de saída”. O hardware de saída de son predeterminado que é o detectado automaticamente durante a instalación de Ubuntu estará seleccionado.

O *separador Aplicativos* é para cambiar o volume dos aplicativos en execución. É moi axeitado para cando ten varios programas de son en execución, p. ex. se ten Rhythmbox, o reprodutor de filmes Totem e un vídeo baseado en web reproducíndose á vez. Nesta situación pode subir ou baixar o volume e incluso enmudecer e desenmudecer o son para cada aplicativo por separado.

## Crear CD e DVD

Para crear un CD ou DVD vaia ao menú **Aplicativos ▶ Son e vídeo ▶ Gravador de discos Brasero**. Isto abre o Brasero, que lle dá a escoller cinco opcións. Cada unha destas é explicada máis abaixo.

## Opcións universais

Estas opcións aplícanse para todos os proxectos excepto **Copiar disco e Gravar imaxe**.

### Engadir ficheiros a un proxecto

Para engadir ficheiros á lista, prema no botón **Verde +**, que abre a xanela “Selección de ficheiros”. Logo, navegue ata o ficheiro que quere engadir e prema o botón **Engadir**. Repita este proceso para cada ficheiro que queira engadir.

### Gardar un proxecto

Para gardar un proxecto que queira rematar máis tarde seleccione **Proxecto ▶ Gardar**. Na xanela “Gardar o proxecto actual” que se abre seleccione

O micrófono úsase para facer chamadas de son/vídeo que son admitidas por aplicativos como Skype ou Empathy. Tamén pode usarse para gravar son.

Debería ter en conta que de forma predeterminada en calquera instalación de Ubuntu, o son de entrada está enmudecido. Terá que desenmudecelo para activar o seu micrófono para gravar son ou usalo durante as chamadas de son/vídeo.

De forma predeterminada, o volume en Ubuntu establececese ao máximo durante a instalación.

Se cambia o seu dispositivo de son permanecerá como o predeterminado.



Figura 4.1: Brasero grava DVD e CD de música, vídeo e datos.

onde quere gardar o proxecto. Feito isto, no campo de texto **Nome:** introduza o nome do proxecto para que o recorde e prema o botón **Gardar**.

### Eliminar ficheiros

Se quere eliminar un ficheiro dun proxecto prema no ficheiro da lista e logo prema sobre o botón **Vermello** -. Para eliminar todos os ficheiros da lista prema o botón **Vasoira**.

### Gravar o disco

Cando prema o botón de gravación verá a xanela “Propiedades de ...”.

Vostede pode especificar a velocidade de gravación na lista despregábel **Velocidade de gravación**. O mellor é seleccionar a velocidade máis grande.

Para gravar o seu proxecto directamente no disco seleccione a opción **Gravar a imaxe directamente sen gardala no disco**. Con esta opción seleccionada non se creará ningunha imaxe e non se gardará ningún ficheiro no disco ríxido.

As iconas do lixo úsanse normalmente en Ubuntu para representar a limpeza dun campo de texto ou a de devolver algo ao seu estado predeterminado.

A opción **Simular antes de gravar** é práctica se se encontra con problemas para gravar discos. Ao seleccionar esta opción permítese que se simule o proceso de gravación do disco sen realmente escribir datos nel—, un custoso proceso se o seu computador non grava datos correctamente. De a simulación ser correcta, Brasero gravará o disco, logo dunha pausa de dez segundos. Durante a pausa de dez segundos, ten a opción de cancelar o proceso de gravación.

### Borrar un disco

Se está a usar un disco que ten escrito RW e que xa ten usado anteriormente, entón pode baleiralo para poder reutilizalo. Ao facer isto, perderá todos os datos do disco. Para baleirar un disco, abra o menú **Ferramentas**, logo escolla **Borrar**. A xanela “Borrado do disco” abrirase. Na lista despregábel **Seleccione un disco** escolla o disco que quere baleirar.

Pode activar a opción **Borrado rápido** se quere reducir a cantidade de tempo que leva o proceso de borrar o disco. Porén, se selecciona esta opción non se eliminarán completamente os ficheiros. Se ten datos sensíbeis no seu disco será mellor non activar a opción **Borrado rápido**.

Cando o disco se baleire, verá *O disco foi borrado correctamente*. Prema o botón **Pechar** para rematar.

### Proxecto de son

Se grava a súa propia música entón quererá transferir esta música a un CD para que os seus amigos e familiares a poidan escoitar. Pode iniciar un proxecto de son premendo en **Proxecto** ▶ **Proxecto novo** ▶ **Novo proxecto de son**.

Xa que cada ficheiro non se reproduce un a continuación do outro, pode engadir unha pausa de dous segundos despois dun ficheiro. Isto pode facerse premendo sobre o ficheiro e logo premendo o botón ||.

Pode dividir ficheiros en partes premendo no botón do **Coitelo**. Isto abrirá a xanela “Dividir pista”. A lista despregábel **Método** permíttelle seleccionar entre catro opcións entre as formas nas que pode dividir a pista. Cando teña a pista dividida prema **Aceptar**.

Na lista despregábel da parte inferior da xanela de “Brasero” asegúrese que ten seleccionado o disco onde quere gravar os ficheiros. Logo prema o botón **Gravar**.

### Proxecto de datos

Se quere facer unha copia de respaldo dos seus documentos ou fotos a mellor opción é facer un proxecto de datos. Pode iniciar un proxecto de datos premendo en **Proxecto**, **Proxecto novo** e logo **Novo proxecto de datos**.

Os ficheiros temporais gárdanse no cartafol /tmp de forma predeterminada. Se quere gardar estes ficheiros noutro lugar necesita cambiar a configuración no menú despregábel **Ficheiros temporais**. En condicións normais non debería cambiar esta opción. rw é un acrónimo de Re-Writable que significa que o disco pode usarse máis dunha vez.

Se quere engadir un cartafol pode premer sobre a imaxe do **Cartafol** e logo escribir o nome do cartafol.

Na lista despregábel da parte inferior da xanela de “Brasero” asegúrese que ten seleccionado o disco onde quere gravar os ficheiros. Logo prema o botón **Gravar**.

### Proxecto de vídeo

Se quere facer un DVD cos vídeos da súa familia a mellor opción é facer un proxecto de vídeo. Pode iniciar un proxecto de vídeo premendo en **Proxecto**, **Proxecto novo** e logo **Novo proxecto de vídeo**.

Na lista despregábel da parte inferior da xanela de “Brasero” asegúrese que ten seleccionado o disco onde quere gravar os ficheiros. Logo prema o botón **Gravar**.

### Copiar disco

Pode copiar un disco premendo **Proxecto**, logo **Proxecto novo** e finalmente **Copiar o disco**. Isto abrirá a xanela “Copiar CD e DVD”.

Se ten dúas unidades de CD/DVD pode copiar discos dun para outro, o disco que queira copiar debe estar na unidade CD-RW/DVD-RW. Se só ten unha unidade necesita facer unha imaxe e logo gravala no disco. Na lista despregábel **Seleccione o disco para copiar** escolla o disco a copiar. Na lista despregábel **Seleccione un disco que copiar** seleccione unha imaxe de disco ou outro disco a onde queira copiar.

### Ficheiro de imaxe

Pode cambiar onde se garda o ficheiro da imaxe premendo **Propiedades**, isto mostrará a xanela “Localización para o ficheiro de imaxe”. Pode editar o nome do ficheiro no campo de texto **Nome**:

A localización de gardado predeterminada é o seu cartafol persoal, pode cambialo premendo no + ao lado de **Explorar por outros cartafoles**. Cando teña seleccionado onde o quere gardar prema **Pechar**.

De volta na xanela “Copiar CD e DVD” prema **Crear imaxe**. Brasero abrirá a xanela “Creando a imaxe” e mostrará o progreso do traballo. Cando se complete o proceso prema **Pechar**.

### Gravar imaxe

Para gravar unha imaxe, abra o menú **Proxecto • Proxecto novo** e logo **Copiar o disco**. Brasero abrirá unha xanela “Configuración de gravación da imaxe”. Prema na lista despregábel **Seleccione unha imaxe de disco para gravar** e aparecerá a xanela “Seleccione a imaxe de disco”. Navegue ata encontrar a imaxe que desexa gravar, selecciónea e logo prema **Abrir**.

Na lista despregábel **Seleccione un disco en que gravar**, seleccione o disco onde quere gravar e logo prema **Gravar**.

## Usar unha cámara web

As cámaras web veñen integradas na meirande parte dos portátiles e net-books. Algúns computadores, como os computadores de escritorio de Apple, tamén teñen cámaras web integradas nos seus monitores. O resto das cámaras web teñen conexións USB. Para usar unha cámara web USB, conéctea a un porto USB libre no seu computador.

Ubuntu pode detectar a maioría das cámaras web. Pode configurar as cámaras web de forma individual para cada aplicativo como Skype e Empathy desde o menú de configuración do aplicativo. Para obter axuda coas cámaras web que non funcionan correctamente con Ubuntu consulte <https://wiki.ubuntu.com/Webcam>.

## Dixitalizar texto e imaxes

A maioría das veces Ubuntu detectará o seu escáner e poderá usalo sen máis. Para escanear un documento siga os seguintes pasos:

1. Coloque o que queira escanear no escáner.
2. Vaia a **Aplicativos • Gráficos • Escaneado simple**.

## Funcionará o meu escáner con Ubuntu?

Hai tres maneiras de comprobar se o seu escáner funciona en Ubuntu:

1. Simplemente conécteo. Se é un dos escáneres USB novos o máis seguro e que funcione.
2. Consulte <https://wiki.ubuntu.com/HardwareSupportComponentsScanners> que é específico de Ubuntu.
3. O proxecto SANE mostra unha lista dos escáneres compatíbeis. O proxecto SANE (Scanner Access Now Easy) fornece a maioría das infraestruturas para o software de escaneado en Ubuntu.

## Ubuntu non pode encontrar o meu escáner

Hai algunhas razóns polas que Ubuntu pode mostrarlle a mensaxe “Non hai dispositivos dispoñíbeis”:

- ▶ O seu escáner non é compatíbel con Ubuntu. O tipo máis común de escáner non recoñecido son os que teñen os antigos portos paralelos ou as impresoras/scanner/faxes All-in-One de Lexmark.
- ▶ O controlador para o seu escáner non se carga automaticamente.

Hai uns cantos aplicativos que son útiles para as cámaras web. Cheese pode obter imaxes desde a súa webcam e o reprodutor de multimedia VLC pode obter vídeo en streaming desde a súa cámara web. Ambos os dous pode instalalos desde o Centro de software de Ubuntu.



## Outros dispositivos

### Firewire

Firewire é un tipo especial de porto que usa a tecnoloxía Firewire para transferir datos. Este porto é usado xeralmente por gravadoras de vídeo e cámaras dixitais.

Se quere importar un vídeo desde a súa cámara de vídeo pode facelo conectando a súa cámara ao porto Firewire. Debe instalar un programa chamado Kino que está dispoñíbel no Centro de software de Ubuntu.

Para saber máis sobre Kino visite <http://www.kinodv.org/>.

### Bluetooth

O Bluetooth é amplamente usado en dispositivos GPS, ratos, teléfonos móbiles, auriculares, reprodutores de música, computadores de escritorio e portátiles para transferir datos, escoitar música, xogar a xogos e moitas máis actividades. Todos os sistemas operativos modernos son compatíbeis co Bluetooth e Ubuntu non é a excepción.

Pode acceder ás preferencias de Bluetooth premendo co botón esquerdo sobre a icona de Bluetooth na parte dereita do panel superior. Normalmente está ao lado da icona de volume. Se preme co botón esquerdo sobre a icona de Bluetooth abrírase un menú emerxente con varias opcións, mesmo ca opción de **Desactivar o bluetooth**.




Figura 4.2: O menú do miniaplicativo Bluetooth.

Pode acceder ás preferencias de Bluetooth desde **Sistema • Preferencias • Bluetooth**. Se quere configurar un novo dispositivo como un teléfono móbil para sincronizar co seu computador, seleccione a opción que di **Configurar un novo dispositivo....**

Ubuntu abrirá a xanela de configuración de novo dispositivo. Cando prema **Adiante**, Ubuntu abrirá a segunda pantalla que lle mostrará cantos dispositivos Bluetooth están presentes nun radio en volta do seu sistema. A lista dos dispositivos dispoñíbeis pode tardar un minuto en aparecer xa que o seu sistema ten que buscar os dispositivos. A análise e o mostrado son en tempo real o que significa que todos os dispositivos móstranse no momento en que se encontren. Prema sobre o dispositivo Bluetooth requirido da lista de dispositivos. Logo, seleccione o número de PIN seleccionando **opcións de PIN**.

Hai tres números PIN predeterminados pero pode crear o seu propio PIN se o prefire. Debe inserir este PIN no seu dispositivo para emparellalo con Ubuntu.

Cando o dispositivo se emparelle, Ubuntu abrirá a xanela “Configuración completada”.

En Ubuntu, por razóns de seguranza o seu computador está oculto. Isto significa que o seu sistema Ubuntu pode buscar outros sistemas con Bluetooth pero non pode ser encontrado por outros computadores. Terá que activar a opción se quere que o seu dispositivo Bluetooth poida encontrar o seu sistema Ubuntu. Pode facer isto seleccionando a opción “Facer o computador visíbel” nas preferencias de Bluetooth. Tamén pode engadir un nome ao seu sistema Ubuntu con Bluetooth cambiando o texto de debaixo de **Nome amigábel**.



# 5 Xestión de software

## Xestión de software en Ubuntu

Como se comentou no Capítulo 3: Traballar con Ubuntu, hai moitos aplicativos dispoñíbeis en Ubuntu que se adaptan a cada tarefa diaria. No momento que decida probar algún navegador alternativo, configurar un cliente de correo electrónico diferente, editar un ficheiro de audio ou probar algúns xogos necesitará instalar novo software. Ubuntu mantén os distintos paquetes de software polo que buscar e instalar o que busca está pensado para que sexa o máis rápido e sinxelo posíbel. De forma alternativa, pode explorar a extensa biblioteca de aplicativos dispoñíbeis e probar o que sexa do seu interese.

## Diferenzas con outros sistemas operativos

A maioría dos sistemas operativos xeralmente requiren que o usuario compre software comercial (en liña ou en tendas físicas), ou no caso contrario buscar na Internet unha alternativa libre (se existe). Debe descargarse o ficheiro de instalación axeitado e localizado no computador, ademais de responder a algunhas preguntas e opcións.

Aínda que pode usar un proceso similar para instalar software en Ubuntu, a forma máis rápida e sinxela de encontrar e instalar novos aplicativos é mediante o Centro de software de Ubuntu. Este aplicativo é un lugar centralizado para acceder ao novo software e baséase no concepto de *repositorios*. Un repositorio é un catálogo de paquetes dispoñíbeis para descargar desde un lugar centralizado. Vostede terá automaticamente acceso aos repositorios oficiais de Ubuntu cando o seu sistema operativo se instale, aínda que pode engadir repositorios máis tarde para ter acceso a máis software.

## Usar o Centro de software de Ubuntu

O Centro de software pode usarse para instalar a maioría dos aplicativos que están dispoñíbeis nos repositorios de Ubuntu.

Para iniciar o Centro de software, abra o menú Aplicativos e seleccione **Centro de software de Ubuntu**.

A xanela Centro de software ten dúas partes—unha lista de seccións á esquerda, e un conxunto de iconas á dereita. Cada icona representa un *departamento*, que se corresponde a unha categoría de software. Por exemplo, o departamento “Xogos” contén “Sudoku”.

As seccións da parte esquerda da xanela representan a súa vista actual do catálogo do Centro de software. Prema no botón **Obter software** da esquerda

Algúns paquetes de software teñen algúns propósitos avanzados, como a programación ou a execución dun servidor e non poden instalarse usando o Centro de software. Terá que usar o Xestor de paquetes Synaptic (explicado ao final deste capítulo) para instalar estes paquetes.



Figura 5.1: Vostede pode instalar e eliminar aplicativos usando o Centro de software.

para ver o software que está dispoñíbel para descargar e **Software instalado** para ver a lista do software que xa está instalado no seu computador.

## Buscar software

Se está buscando un aplicativo xa pode saber o seu nome específico (por exemplo, “Thunderbird” é un cliente de correo electrónico moi popular), ou no caso contrario pode ter unha categoría xeral en mente (por exemplo, a categoría “son e vídeo” contén moitos aplicativos de software diferentes como conversores de vídeo, editores de audio e reprodutores de música).

Para axudarlle a encontrar o aplicativo axeitado pode explorar o catálogo do Centro de software premendo no grupo que reflexa a categoría do software que está buscando, ou de forma alternativa use a busca interna na parte superior dereita da xanela para buscar por palabras clave ou nomes específicos.

Cando seleccione o grupo, mostrarase unha lista dos aplicativos que se adaptan á categoría. Algúns grupos teñen subcategorías—por exemplo, o grupo de “Xogos” ten subcategorías para “Simulación” e “Xogos de cartas”.

Para moverse polas categorías, pode usar os botóns de adiante a atrás

Comprobe o grupo Aplicativos destacados para ver unha lista dos aplicativos máis recomendados.

na parte superior da xanela, así como os botóns de navegación (a miúdo denominados como “ronsel”) ao lado dos anteriores.

## Instalar software

Instalar aplicativos literalmente cun clic. Cando encontre un aplicativo que quere probar:

1. *Prema o botón **Instalar**, á dereita do paquete seleccionado.* Se lle gustaría ler máis sobre o paquete de software antes de o instalar, prema antes en **Máis información**. Daralle unha descrición curta do aplicativo, así como unha captura de pantalla e unha ligazón web, se está dispoñíbel. Se quere proceder, pode tamén premer **Instalar** desde esa páxina.
2. *Escriba o seu contrasinal na xanela de autenticación que aparece.* É o mesmo contrasinal que usa para iniciar a sesión coa súa conta. Debe escribila cada vez que instale novo software para previr que alguén sen acceso de administración faga cambios non autorizados no seu computador.
3. *Espere mentres o paquete remata de se instalar.* Durante a instalación (ou a desinstalación) de paquetes de software, verá unha icona animada de frechas rotatorias á esquerda do botón **En progreso** na barra lateral. Se quere, pode agora volver á xanela principal de navegación e meter en cola paquetes adicionais de software para que se instalen seguindo os pasos anteriores. En calquera momento, premendo sobre o botón **En progreso** da esquerda poderá ver un resumo de todas as operacións que se están a procesar actualmente. Aí pode tamén premer sobre a icona X para cancelar calquera operación.

Cando o Centro de software de Ubuntu remate de instalar un aplicativo estará listo para usalo. Ubuntu poñerá un iniciador no seu menú **Aplicativos** baixo o submenú relevante—o lugar exacto dependerá do propósito do aplicativo. Se non o encontra, nalgúns casos un aplicativo pode aparecer nos menús **Sistema ▶ Preferencias** ou **Sistema ▶ Administración**.

## Desinstalar software

Desinstalar aplicativos é moi similar a instalalos. Primeiro, prema no botón **Software instalado** na barra lateral do Centro de software. Desprácese cara abaixo ata encontrar o aplicativo para desinstalar (ou use o campo de busca para enconralo rapidamente) e logo:

1. *Prema o botón **Eliminar** á dereita do aplicativo seleccionado.*
2. *Escriba o seu contrasinal na xanela de autenticación que aparece.* A desinstalación de software tamén require que introduza o seu contrasinal para axudarlle a protexer o seu computador fronte a cambios non autorizados. O paquete porase na cola para eliminar e aparecerá baixo a sección **En progreso** na barra lateral.

Teña en conta que necesita conectarse á Internet para que o Centro de software funcione. Para saber máis sobre como configurar a súa conexión consulte o Capítulo 3: Traballar con Ubuntu.

**Note:** Se recibe unha mensaxe “Fallo de autenticación” logo de escribir o seu contrasinal comprobe que o escribiu correctamente e ténteo de novo. Se o erro persiste significa que a súa conta non está autorizada para instalar software no computador.

**Note:** Para eliminar completamente un paquete e as súas configuracións debe purgalo. Pode facer isto co Xestor de paquetes Synaptic, que se discutirá na sección Xestor de paquetes Synaptic.

Ao eliminar un paquete tamén actualizará os seus menús de forma axeitada.

## Xestionar software adicional

Aínda que o Centro de software fornece unha gran biblioteca de aplicativos de entre os que escoller, inicialmente só se mostrarán aqueles paquetes dispoñíbeis nos repositorios de Ubuntu. En ocasións, pode que un aplicativo non estea dispoñíbel neses repositorios. Nese caso é importante entender que existen métodos alternativos para acceder e instalar software en Ubuntu, como por exemplo descargar un ficheiro de instalación manualmente desde Internet ou engadir repositorios adicionais. Primeiro ollaremos como xestionar os seus repositorios mediante o aplicativo Fontes de software.

### Fontes de software

O Centro de software só mostra aqueles aplicativos que están dispoñíbeis nos repositorios que ten activados. Pódense engadir e eliminar repositorios a través do aplicativo Fontes de software. Para abri-lo, prema no panel en **Sistema ▶ Administración ▶ Fontes de software**. Solicitaráselle que introduza o seu contrasinal, entón abrirase a xanela “Fontes de software”. Hai cinco separadores na parte superior da xanela: **Software de Ubuntu**, **Outro software**, **Actualizacións**, **Autenticación** e **Estatísticas**.

**Note:** Tamén pode abrir as Fontes de software desde o Centro de software. Simplemente vaia ao menú **Editar ▶ Fontes de software**.

### Xestionar os repositorios oficiais

O separador **Software de Ubuntu** mostra os catro repositorios oficiais de Ubuntu, cada un deles con tipos diferentes de paquetes. Cando Ubuntu se instala por primeira vez só dous deles están activados—*main*, e *universe*.

- ▶ **Software de código aberto asistido por Canonical (main):** Este repositorio contén todos os paquetes de código aberto que son mantidos por Canonical.
- ▶ **Software de código aberto mantido pola comunidade (universe):** Este repositorio contén todos os paquetes de código aberto que son desenvolvidos e mantidos pola comunidade de Ubuntu.
- ▶ **Controladores propietarios de dispositivos (restricted):** Este repositorio contén controladores privativos, que son necesarios para utilizar todas as capacidades dalgún dispositivo ou hardware. O termo privativo significa que estes paquetes son de *código pechado*—isto é, son posuídos comercialmente e non están abertos para o desenvolvemento pola comunidade. Este repositorio non está activado de forma predeterminada.
- ▶ **Software restrinxido por razóns de copyright ou legais (multiverse):** Este repositorio contén software que pode ter un uso protexido nalgúns estados ou países por protección dos dereitos de autor ou outras leis, e

Os paquetes de código pechado normalmente son denominados como non libres. Isto é unha referencia á liberdade de expresión e non ao custo monetario. Non se require o pagamento polo uso destes paquetes, porén, están desactivados de forma predeterminada en Ubuntu para darlle aos usuarios a elección de ter un sistema operativo de código aberto.

polo tanto no está activado de forma predeterminada. Pode activar este repositorio, pero facéndoo asume a responsabilidade polo uso de calquera paquete que instale.

A opción **Código fonte** non debería estar seleccionada a menos que teña experiencia construíndo aplicativos desde o código fonte.

### Seleccionar o mellor servidor de software

Ubuntu dálle permiso a varios servidores ao redor do mundo para actuar como *espellos* (*mirrors*). Isto é, almacenan unha copia exacta de todos os ficheiros que están nos repositorios oficiais de Ubuntu. No separador **Software de Ubuntu**, pode seleccionar o servidor que lle fornece as mellores velocidades de descarga.

Ao seleccionar un servidor debe considerar o seguinte:

- ▶ **Velocidade da conexión.** Dependendo da distancia física entre vostede e o servidor, a velocidade da conexión pode variar. Ubuntu fornece unha ferramenta para seleccionar o servidor que fornece a conexión máis rápida co seu equipo.  
Primeiro prema no menú despregábel xunto a “Descargar desde:” na xanela “Fontes de software” e seleccione **Outros...** desde o menú. Na xanela “Escolla un servidor de descargas” que aparece, prema no botón **Seleccionar o mellor servidor** na parte superior dereita. Agora seu computador intentará conectarse con todos os servidores dispoñíbeis, logo seleccionará o de maior velocidade. Se está de acordo coa selección automática, prema no botón **Escoller servidor** para volver á xanela “Fontes de software”.
- ▶ **Localización.** Seleccionar un servidor que está preto de vostede ofreceralle unha mellor velocidade de descarga.

Para seleccionar un servidor por país, prema sobre a súa localización na xanela “Escolla un servidor de descargas”. Se hai varios servidores dispoñíbeis na súa localización, seleccione un e logo prema **Escoller servidor** cando remate.

Por último, se non ten unha conexión a Internet funcionando, Ubuntu pode instalar paquetes de software directamente desde o seu CD de instalación. Para facer isto, introduza o disco na unidade de CD do seu computador e logo seleccione a caixa de verificación ao lado de **Instalábel desde CD-ROM/DVD**. Cando esta caixa de verificación está activada, o disco tratarase como un repositorio en liña e os aplicativos instalaranse directamente desde o CD mediante o Centro de software.

### Engadir máis repositorios de software

Ubuntu fai fácil engadir repositorios adicionais de terceiras partes na súa lista de fontes de software. Os repositorios máis comúns engadidos a Ubuntu

**Compilar aplicativos a partir do código fonte** é un proceso avanzado para a creación de paquetes e só adoita concernir aos desenvolvedores. Pode requirir ficheiros fonte cando usa un kernel personalizado, ou ao tentar usar a última versión dun aplicativo antes de que se publique para Ubuntu. Como isto é unha área máis avanzada, non será cuberta por este manual.


**Definición:** Un PPA é un Arquivo de paquetes persoal. Son repositorios en liña usados para almacenar as últimas versións dos paquetes de software, proxectos dixitais ou outros aplicativos.



chámanse PPA. Estes permítenlle instalar paquetes de software que non están dispoñíbeis nos repositorios oficiais e automaticamente notificaranlle cando as actualizacións destes paquetes estean dispoñíbeis.

Obter o enderezo dun sitio web de PPA de Launchpad e engadilo á súa lista de fontes de software é relativamente sinxelo. Para facelo debe usar o separador **Outro software** na xanela “Fontes de software”.

No sitio de Launchpad para un PPA verá un título á esquerda chamado “Adding this PPA to your system”. Baixo ela haberá un parágrafo que contén un URL único coa forma **ppa:test-ppa/exemplo**. Resalte este URL seleccionándoo co seu rato e prema co botón dereito seleccionando **Copiar**.



Volver á xanela “Fontes de software”, e no separador **Outro software** premer **Engadir...** na parte inferior. Unha nova xanela aparecerá, e verá as palabras «Liña de APT:» seguida dun campo de texto. Prema co botón dereito sobre o espazo baleiro neste campo de texto e seleccione **Pegar**, e debería ver aparecer o URL que copiou do sitio PPA de Launchpad anteriormente. Prema **Engadir fonte** para volver á xanela “Fontes de software”. Verá que unha nova entrada acaba de ser engadida á lista de fontes de software nesta

Figura 5.2: Este é un exemplo de páxina en Launchpad para o PPA de Lifesaver. Lifesaver é un aplicativo que non está dispoñíbel nos repositorios oficiais de Ubuntu. Porén, se engade o PPA á súa lista de fontes de software poderá instalalo e actualizalo de forma sinxela mediante o Centro de software.

xanela, cunha caixa de verificación marcada fronte a ela que significa que está activada.

Se preme en **Pechar** no ángulo inferior dereito desta xanela, aparecerá unha mensaxe informándoo de que «A información sobre software dispoñíbel está anticuada». Isto é porque acaba de engadir un repositorio novo a Ubuntu, e agora cómpre conectar a ese repositorio e descargar unha lista dos paquetes que fornece. Prema **Recargar**, e espere un rato mentres Ubuntu refresca todos os repositorios activos (incluíndo este novo que acaba de engadir). Cando finalice, a xanela pecharase automaticamente.

Parabéns, vostede acaba de engadir un PPA a súa lista de fontes de software. Agora pode abrir o Centro de software e instalar os aplicativos desde este PPA do mesmo xeito que anteriormente instalou programas desde os repositorios de Ubuntu.

## Xestor de paquetes Synaptic

O Xestor de paquetes Synaptic é a ferramenta máis avanzada para xestionar software en Ubuntu. Pode usarse para efectuar as mesmas tarefas que o Centro de software de Ubuntu, como a instalación e eliminación de aplicativos, pero tamén permite un maior control sobre os paquetes. Por exemplo, fornece as seguintes opcións:

- ▶ **Instalar** calquera paquete nos seus repositorios. Nalgúns casos pode seleccionar a versión do paquete a instalar, aínda que esta opción só está dispoñíbel se existen varias versións no repositorio.
- ▶ **Reinstalar** un paquete. Isto pode ser útil se desexa devolver un paquete ao seu estado predeterminado, ou reparar calquera conflito ou ficheiro danado.
- ▶ **Actualizar** un paquete cando se libere unha nova versión.
- ▶ **Eliminar** calquera paquete que xa non necesite.
- ▶ **Purgar**. Isto é cando quere eliminar completamente un paquete incluíndo tamén as preferencias almacenadas e os ficheiros de configuración (que normalmente se manteñen cando elimina un paquete).
- ▶ **Arranxar** os paquetes rotos.
- ▶ **Comprobar as preferencias** de calquera paquete, como o número de versión, os ficheiros contidos, o tamaño do paquete, as dependencias e moito máis.

Para abrir o Xestor de paquetes Synaptic, navegue a **Sistema ▶ Administración ▶ Xestor de paquetes Synaptic**. Como se explicou enriba, o Synaptic é unha ferramenta máis complexa que o Centro de software, e xeralmente non é esencial para un novo usuario que se inicia con Ubuntu. Se quere ler máis información sobre como usar este programa, ou require máis asistencia técnica para xestionar o software no seu sistema, vaia a <https://help.ubuntu.com/community/SynapticHowto>.

## Actualizacións e anovacións

Ubuntu tamén lle permite decidir como xestionar as actualizacións dos paquetes mediante o separador **Actualizacións** na xanela Fontes de software.

### Actualizacións de Ubuntu

Nesta sección pode especificar os tipos de actualizacións que desexa instalar no seu sistema, e normalmente a estabilidade dependerá das súas preferencias, fronte a ter que acceder aos últimos desenvolvementos.

- ▶ **Actualizacións de seguranza importantes:** Estas actualizacións son altamente recomendábeis para asegurarse de que o seu sistema se mantén tan seguro como sexa posíbel. Están activadas de forma predeterminada.
- ▶ **Actualizacións recomendadas:** Aquelas actualizacións que non son importantes para manter o seu sistema seguro pero que poden ter arranxos dos erros máis recentes ou actualizacións menores que non foron comprobadas ou aprobadas. Esta opción tamén está activada de forma predeterminada.
- ▶ **Actualizacións aconselladas:** Esta opción é para aqueles que queren manter actualizada as últimas versións dos aplicativos e co risco de instalar unha actualización con erros ou conflitos sen resolver. Teña en conta que é posíbel que encontre problemas con estas actualizacións de aplicativos, polo que esta opción non está activada de forma predeterminada. Porén, se isto acontece, pode “volver” á versión anterior dun paquete mediante o Xestor de paquetes Synaptic.
- ▶ **Actualizacións sen asistencia:** son actualizacións que non foron comprobadas nin revisadas completamente por Canonical. Pode encontrar algúns erros cando use estas actualizacións, polo que esta opción non está activada de forma predeterminada.

### Actualizacións automáticas

A sección do medio desta xanela permítelle personalizar como o seu sistema xestiona as actualizacións, como a frecuencia na que se comprobarán os novos paquetes así como indicarlle se se deberían instalar actualizacións importantes sen máis (isto é, sen pedirlle permiso a vostede), só descargalas ou só notificarllas.

### Anovación da edición

Aquí pode decidir que actualizacións do sistema desexa que se lle notifiquen.

- ▶ **Nunca:** Seleccione isto se non quere ser notificado cando exista unha nova versión de Ubuntu.

**Note:** Cada 6 meses, Ubuntu libera unha nova edición do sistema operativo. Estas edicións chámanse edicións normais. Máis, cada 4 edicións normais—ou 24 meses—Ubuntu libera unha edición con Asistencia por longo tempo (LTS). As edicións de asistencia por longo tempo teñen unha maior estabilidade e teñen asistencia técnica durante máis tempo.

- ▶ **Edicións normais:** Seleccione esta se sempre quere ter a última edición de Ubuntu, aínda que non sexa unha con Asistencia por longo tempo. Esta opción recoméndase para usuarios domésticos.
- ▶ **Só edicións asistidas por longo tempo:** Seleccione esta opción se necesita unha versión que sexa máis estábel e teña asistencia durante un tempo maior. Se vostede usa Ubuntu para negocios, pode serlle conveniente seleccionar esta opción.



# 6 A liña de ordes

## Introdución ao terminal

Aínda que neste manual enfocámonos primordialmente na interface de escritorio gráfico, para obter o máximo beneficio de Ubuntu debería aprender como usar o terminal.

### Que é o terminal?

A maioría dos sistemas operativos, incluído Ubuntu, teñen dous tipos de interfaces de usuario. A primeira é unha interface de usuario gráfica (GUI). Esta ten o escritorio, xanelas, menús e barras de ferramentas nas que premes para obter cousas feitas. A segunda, e moito máis antiga, é a interface da liña de ordes (CLI).

O *terminal* é a interface de liña de ordes de Ubuntu. É un método de controlar algúns aspectos de Ubuntu usando só as ordes que escriba no seu computador.

### Porque quixera usar o terminal?

Para o usuario medio de Ubuntu a maioría das actividades do día a día poden ser completadas sen necesitar en ningún momento abrir un terminal. Porén, o terminal é unha ferramenta moi potente e de incalculábel valor que pode usarse para levar a cabo tarefas comúns. Por exemplo:

- ▶ Para a resolución de problemas de calquera dificultade que aparecer ao usar Ubuntu pode precisar do uso do terminal.
- ▶ Unha interface de liña de ordes é moitas veces a forma máis rápida de levar a cabo unha tarefa. Por exemplo, pode levar a cabo operacións en moitos ficheiros á vez usando o terminal.
- ▶ Aprender a interface de liña de ordes é o primeiro paso cara unha resolución máis avanzada de problemas, administración de sistemas e tarefas de desenvolvemento de software. Se está interesado en ser un desenvolvedor ou un usuario avanzado de Ubuntu, o coñecemento da liña de ordes é esencial.

### Abrir o terminal

Vostede pode abrir o terminal premendo en **Aplicativos ▶ Accesorios ▶ Terminal**.

Cando a xanela do terminal se abra estará en branco, salvo algún texto na parte superior esquerda da pantalla, seguido dun bloque intermitente.

Nos contornos de GUI o termo “cartafol” úsase comunmente para describir un lugar onde se almacenan ficheiros. Nos contornos de CLI o termo “directorio” úsase para describir a mesma cousa e esta metáfora exporase en moitas ordes (p. ex., `cd` ou `pwd`) ao longo deste capítulo.

O terminal dálle acceso ao que se chama o intérprete de ordes. Cando vostede escribe unha orde no terminal a consola procesa a orde e mostra o resultado da acción desexada. Hai moitos tipos de intérpretes de ordes que aceptan moitas ordes distintas. O máis popular é o chamado “bash”, o que Ubuntu ten como predeterminado.

Este texto é o seu prompt—mostra o seu nome de usuario e o nome do seu computador, seguido do cartafol actual. O til (~) significa que o cartafol actual é o seu cartafol persoal. Por último o bloque titilando é o cursor—isto marca onde se insire o texto que escriba.

Para probar escriba **pwd** e prema Intro. O terminal debería mostrar `/home/ubuntu-manual`. Este texto chámase “saída”. Vostede acaba de usar a orde `pwd` (imprimir o cartafol actual) e a saída mostra o cartafol actual.




Figura 6.1: A xanela da terminal predeterminada permítelle executar centos de ordes útiles.

Todas as ordes no terminal seguen o mesmo método. Escriba o nome da orde, posibelmente seguido dalgún parámetro e prema Intro para levar a cabo a acción especificada. Normalmente mostrarase algunha saída que confirme que a acción foi levada a cabo con éxito, aínda que isto depende da orde. Por exemplo, se usa a orde `cd` para cambiar o seu cartafol de traballo (vexa máis abaixo) cambiará o prompt pero non se mostrará ningunha saída.

O resto do capítulo abrangue algúns dos usos máis comúns do terminal, porén, existen infinitas posibilidades de usar a interface de liña de ordes en Ubuntu. Na segunda parte deste manual continuaremos a referirnos á liña de ordes, particularmente cando discutamos os pasos a levar a cabo para resolver problemas e a xestión máis avanzada do seu computador.

## Estrutura do sistema de ficheiros de Ubuntu

Ubuntu usa a estrutura de ficheiros de Linux baseada nun conxunto de cartafoles no cartafol raíz. Cada un destes cartafoles contén ficheiros importantes do sistema que non poden ser modificados a menos que estea executando como o usuario `root` ou use `sudo`. Isto é por razóns de seguranza e protección

Os parámetros son segmentos de texto adicionais que se engaden normalmente ao final dunha orde e que pode cambiar a interpretación da orde en si mesma. Normalmente teñen a forma `-h` ou `--help`, por exemplo. De feito `--help` pode engadirse á maioría das ordes.

fronte a virus, para evitar o acceso aos ficheiros do núcleo do sistema e que os usuarios non poidan danar nada.

Debaixo hai algúns dos máis importantes cartafoles.




Figura 6.2: Algún dos cartafoles máis importantes do sistema de ficheiros raíz.

## Montar e desmontar dispositivos extraíbeis

Cando se monta un dispositivo, como unha unidade flash USB ou reproduutor de música, crease un cartafol baixo *media* e dáselle os permisos axeitados para que poida ler e escribir no dispositivo.

O Xestor de ficheiros Nautilus engadirá un atallo ao dispositivo montado na barra lateral polo que será moi sinxelo acceder a el. Non debería ter que navegar ao cartafol *media* en Ubuntu.

## Comezar coa liña de ordes

### Navegar por cartafoles

A orde `pwd` é un resumo de *print working directory*. Pode usarse para mostrar o directorio no que está actualmente. Teña en conta que o prompt (o texto xusto antes do cursor intermitente) tamén mostra o seu cartafol actual, polo que esta orde non é normalmente necesaria.

```
$ pwd /home/o-seu-nome-de-usuario/
```

A orde `cd` é unha forma rápida de *cambiar de directorio*. Permítelle cambiar dun directorio a outro.

```
$ cd /directorio/a/onde/quere/ir/
```

Se hai espazos nun dos cartafoles, debe poñer comiñas envolvendo o camiño:

```
$ cd "~/Música/Xabarín Club/As bolas máxicas/"
```

Se non escribe as comiñas o terminal pensará que está tentando cambiar a un cartafol chamado `~/Música/Xabarín`.



## Obter unha lista dos ficheiros

A orde `ls` úsase para obter unha *lista* de todos os ficheiros e cartafoles que existen dentro do cartafol actual.

```
$ ls alligator-pie.mp3 squirm.mp3 baby-blue.mp3
```

## Mover cousas ao redor

A orde `mv` úsase para mover un ficheiro dun directorio a outro.

```
$ mv /dmb/big-whiskey/grux.mp3 /home/john
```

A orde `cp` úsase para copiar un ficheiro desde un directorio a outro.

```
$ cp /dmb/big-whiskey/grux.mp3 /media/ipod
```

Teña en conta que o terminal é sensíbel a maiúsculas. Por exemplo, se ten un cartafol co nome `Cartafol1`, debe lembrar incluír a letra en maiúscula cando se refira a el no terminal, en caso contrario a orde non funcionará.

## Crear directorios

A orde `mkdir` é a abreviatura de *make directory*, utilízase para crear un novo cartafol no directorio actual ou noutro lugar especificado. Por exemplo, esta orde crea un directorio chamado `novocartafol` dentro do directorio actual:

```
$ mkdir novocartafol
```

Esta orde ignorará o seu directorio actual, e no seu lugar creará un directorio chamado `novocartafol` dentro do directorio hipotético chamado `/tmp/exemplo/`:

```
$ mkdir /tmp/exemplo/novocartafol
```

Vostede pode “moverse dentro” deste novo cartafol (p. ex., facer deste cartafol o cartafol de traballo) usando a orde `cd`.

```
$ cd /tmp/exemplo/novocartafol
```

## Borrar ficheiros e cartafoles

A orde `rm` úsase para eliminar ficheiros. Por exemplo, para eliminar un ficheiro co nome `borrame.txt` no seu cartafol actual:

```
$ rm borrame.txt
```

Para eliminar un ficheiro localizado noutro cartafol (p. ex., fora do seu cartafol de traballo actual), terá que que incluír o *camiño* ao ficheiro. Noutras palabras, especificase a localización do ficheiro. Por exemplo, para eliminar o ficheiro `borrame.txt` localizado no directorio `/tmp/exemplo`, utilice a seguinte orde:

```
$ rm /tmp/exemplo/borrame.txt
```

A orde `rmdir` é similar a `rm`, excepto que se usa para eliminar directorios. Por exemplo, esta orde podería eliminar o directorio chamado `novocartafol` que creou anteriormente.

```
$ rmdir /tmp/exemplo/novocartafol/
```

## Introdución a sudo

Cando Ubuntu se instala por primeira vez créanse dúas contas: a súa conta de usuario principal e unha conta “root” que opera por detrás. Esta conta de administración ten os permisos necesarios para modificar os ficheiros e configuracións do sistema, mentres que a súa conta principal non os ten. Fronte a saír da sesión da súa conta de usuario principal e logo volver a entrar como root, pode usar a orde `sudo` para darlle os permisos da conta de root para levar a cabo tarefas de administración como pode ser a instalación e desinstalación de software, crear ou eliminar novos usuarios e modificar ficheiros do sistema.

Por exemplo, a seguinte orde abre o editor de texto predeterminado de Ubuntu `gedit` con privilexios de root. A continuación, poderá editar ficheiros importantes do sistema que doutro xeito estarían protexidos. O contrasinal que se utiliza con `sudo` é o mesmo contrasinal que se usa para acceder á súa conta principal, é establececese durante o proceso de instalación de Ubuntu.

```
$ sudo gedit [sudo] password for nome de usuario:
Abrindo gedit...
```



*A orde `sudo` dálle un acceso practicamente ilimitado aos ficheiros importantes do sistema e á configuración. É moi importante que só use `sudo` se entende o que está a facer. Pode atopar máis información sobre o uso de `sudo` no Capítulo 7: Seguranza.*

Ao usar `sudo` no terminal, preguntáraselle polo seu contrasinal. Porén non aparecerán nin puntos, nin estrelas nin calquera outro carácter mentres escriba o seu contrasinal, non se preocupe—esta é unha funcionalidade adicional de seguranza para protexerlle de ollos atentos.

## Xestionar os programas co terminal

En Ubuntu hai varias formas de xestionar o seu software. Existen ferramentas de GUI como o Centro de software de Ubuntu e o Xestor de paquetes Synaptic que se explicarán no Capítulo 5: Xestión de software, porén, algunhas persoas prefiren usar a orde `apt` (Advanced Packaging Tool) para xestionar o seu software desde o terminal. `Apt` é extremadamente versátil e contén varias ferramentas, porén, a ferramenta `apt` máis usada é `apt-get`.

### Usar `apt-get`

`Apt-get` úsase para instalar e eliminar paquetes do seu sistema. Tamén se usa para actualizar a lista de paquetes dispoñíbeis nos repositorios, así como para descargar e instalar novas actualizacións para o seu software.

## Actualizar e anovar

A orde `apt-get update` úsase para actualizar de forma rápida a lista de paquetes que están dispoñíbeis nos repositorios predeterminados de Ubuntu, así como en calquera repositorio adicional engadido polo usuario (consulte o Capítulo 5: Xestión de software para obter máis información sobre os repositorios).

```
$ sudo apt-get update
```

Entón pode usar `apt-get upgrade` para descargar e instalar algunhas actualizacións dispoñíbeis para os paquetes de software que teña instalado. O mellor é executar `apt-get update` antes de executar `apt-get upgrade`, xa que isto garantiralle que encontrará as actualizacións máis recentes dispoñíbeis para o seu software.

```
$ sudo apt-get update
 lendo a lista de paquetes...Done
  Construindo o árbore de dependencias
 lendo a información de estado...Done
 Os seguintes paquetes vanse instalar:  tzdata
  1 paquetes anovados, 0 instalados, Vanse eliminar 0 e deixar 0 sen
  anovar.
  Ten que recibir 683Kb de ficheiros. Despois de desempaqetar libe-
  raranse
  24,6Kb de espazo en disco.
  Quere continuar? [S/n/?]
```

O terminal mostraralle un resumo dos paquetes que se van anovar, o tamaño da descarga e canto espazo de disco adicional se vai usar (ou liberar) e pediralle confirmación antes de continuar. Prema `y` e logo `Intro`; as actualizacións descargaranse e instalaranse.

## Instalar e desinstalar

A seguinte orde debe usarse para instalar o reprodutor multimedia VLC usando `apt-get`.

```
$ sudo apt-get install vlc [sudo] contrasinal para
 nome-de-usuario:
```

Para eliminar o VLC, debe escribir:

```
$ sudo apt-get remove vlc
```

Teña en conta que a orde `sudo` debe preceder á orde `apt-get`. Na maioría dos casos será necesario usar `sudo` cando queira instalar software, xa que está modificando partes protexidas do seu sistema. Algunha das ordes que usará a partir de aquí necesitarán acceso de root, polo que espere ver `sudo` de forma frecuente.

## Limpar o seu sistema

Con frecuencia o software en Ubuntu depende de que outros paquetes tamén se instalen no seu sistema para poder executarse correctamente. Se tenta instalar un paquete novo e esas *dependencias* non están xa instaladas, Ubuntu ao mesmo tempo, vains a descargar e instalar automaticamente por

vostede (sempre que os paquetes correctos se poidan atopar nos seus repositorios). Cando se quita un paquete en Ubuntu, as dependencias que se instalaron xunto ao paquete orixinal, non se eliminan automaticamente. Estes paquetes quédanse no seu sistema e pódense ir acumulando co tempo, ocupando espazo no disco. Unha forma sinxela de limpar o seu sistema consiste en utilizar a orde `apt-get autoremove`. Seleccionaranse e eliminaranse os paquetes que se instalaron automaticamente, pero que xa non se necesitan.

```
$ sudo apt-get autoremove
```

### Engadir repositorios de software adicionais

É posíbel que algunhas veces desexe instalar algún software que non estea nos repositorios oficiais, pero poden estar dispoñíbeis no que se chaman PPA. Os PPA, ou arquivos de paquetes persoais (en inglés Personal Package Archives), conteñen un software que pode ser instalado engadindo o PPA ao seu sistema. Nas versións de Ubuntu anteriores á Ubuntu 9.10 o engadido dun PPA ao seu sistema supuña escribir varias ordes longas nun terminal. Porén, en Ubuntu 9.10 e posteriores, engadir un PPA é tan doado como escribir unha orde curta nun terminal.

```
$ sudo add-apt-repository ppa:exemplo/ppa
```

Cando teña instalado o PPA pode instalar software del da forma normal usando a orde `apt-get install`.

Outra orde útil para limpar o sistema é `apt-get autoclean` que elimina os ficheiros da caché que se deixaron ao descargar paquetes.



# 7 Seguranza

Este capítulo describe as formas de manter o seu computador Ubuntu seguro.

## Por qué Ubuntu é seguro

Ubuntu é seguro de forma predeterminada por moitas razóns:

- ▶ Ubuntu diferencia claramente entre un usuario normal e un usuario administrador.
- ▶ O software libre como Ubuntu permite que as bandeiras de seguranza sexan detectadas de forma sinxela.
- ▶ Os parches de seguranza para o software libre como Ubuntu libéranse normalmente de forma moi rápida.
- ▶ Moitos virus están deseñados para ter como obxectivo principal os sistemas baseados en Windows polo que non afectan a Ubuntu.

## Conceptos e procedementos básicos de seguranza

Cando Ubuntu se instala configúrase automaticamente para que poida ser usado por unha única persoa. Se vai usar o computador máis dunha persoa, cada unha delas debe ter a súa propia conta de usuario. Desta forma, cada usuario pode ter configuracións, documentos e outros ficheiros separados. Se é necesario, tamén pode protexer os seus ficheiros de seren vistos ou modificados por usuarios sen permisos de administración. Consulte a sección Usuarios e grupos para obter máis información sobre a creación de novas contas de usuario.

### Permisos

En Ubuntu pode configurar os ficheiros e cartafolés para que só determinados usuarios poidan velos, modificalos ou executalos. Por exemplo, é posíbel que vostede desexe compartir un ficheiro importante con outros usuarios, pero non quere que os usuarios poidan editar o ficheiro. Ubuntu controla o acceso aos ficheiros do seu computador por medio dun sistema de “permisos”. Os permisos son os axustes que se poden configurar para controlar exactamente cales dos ficheiros do computador son accesíbeis e manipulábeis.

Para aprender máis sobre a modificación de permisos, visite <https://help.ubuntu.com/community/FilePermissions>.

## Contrasinais

Pode usar un contrasinal forte para incrementar a seguraza no seu computador. O seu contrasinal non debe conter nomes, palabras comúns ou frases comúns. De forma predeterminada, a lonxitude mínima dun contrasinal en Ubuntu é de catro caracteres. Recomendámoslle que os contrasinais sexan máis longos que o número mínimo de caracteres.

## Bloquear a pantalla

Cando deixa o seu computador desatendido debe bloquear a pantalla. Ao bloquear a pantalla evita que calquera use o seu computador ata que vostede introduza o seu contrasinal. Para bloquear a pantalla:

- ▶ prema na icona do menú de sesión na esquina dereita do panel superior e seleccione **Bloquear a pantalla** ou
- ▶ prema CTRL+ALT+L para bloquear a pantalla. Este atallo de teclado pode cambiarse en **Sistema** ▶ **Preferencias** ▶ **Atallos de teclado**.

## Actualizacións do sistema

Unha boa seguraza depende de manter o sistema actualizado. Ubuntu fornece actualizacións de seguraza e de código aberto, e poderá aplicar estas actualizacións de forma regular. Vexa o Capítulo 5: Xestión de software para saber como actualizar o seu computador Ubuntu coas últimas actualizacións de seguraza e parches.

## Confiar en fontes de terceiros

Normalmente, pode engadir aplicativos ao seu computador mediante o Centro de software, que descarga o software dos repositorios de Ubuntu como se describe no Capítulo 5: Xestión de software. Porén, en ocasións, é necesario engadir software doutras fontes. Por exemplo, podería necesitar facer isto cando un aplicativo non está dispoñíbel nos repositorios de Ubuntu, ou cando haxa unha versión máis actual da que está nos repositorios de Ubuntu.

Existen repositorios dispoñíbeis en lugares como getdeb.net e os PPA de Launchpad, que poden engadirse como se describe no Capítulo 5: Xestión de software. Pode descargar os paquetes DEB para algúns aplicativos desde os respectivos sitios dos proxectos na Internet. De forma alternativa, pode construír os aplicativos desde o seu código fonte (un método avanzado de instalación e uso de aplicativos).

Usar só fontes recoñecidas como os sitios dos proxectos, PPA, ou varios repositorios da comunidade (como getdeb.net) é máis seguro que descargar os aplicativos desde fontes arbitrarias (e polo tanto de menos confianza). Cando use unha fonte de terceiros considere a fiabilidade da fonte e asegúrese que coñece exactamente o que está instalando no seu computador.

## Usuarios e grupos

Como a maioría dos sistemas operativos, Ubuntu permite a creación de contas de usuario para varias persoas, cada unha con algún acceso ao seu computador. Ubuntu tamén admite os grupos de usuarios, o que lle permite administrar os permisos para múltiples usuarios á vez.

Cada usuario de Ubuntu é membro de cando menos un grupo—o nome do grupo é o mesmo que o nome do usuario. Un usuario tamén pode ser membro de máis grupos. Pode configurar algúns ficheiros e cartafoles para que sexan accesíbeis por un usuario ou un grupo. De forma predeterminada, os ficheiros dun usuario son só accesíbeis para o usuario, os ficheiros do sistema son só accesíbeis para o usuario root.




Figura 7.1: Engadir, eliminar ou cambiar contas de usuario.

## Xestionar usuarios

Vostede pode xestionar usuarios e grupos usando o aplicativo de administración **Usuarios e grupos**. Para encontrar este aplicativo prema en **Sistema ► Administración ► Usuarios e grupos**.

Para modificar as opcións dun usuario ou grupo prema na icona das chaves ao lado da frase “Prema para facer cambios”. Debe introducir o seu contrasinal para facer os cambios nas opcións do usuario e grupo.

*Engadir un usuario* Prema no botón **Engadir** que aparece debaixo da lista das contas de usuarios existentes. Escriba un novo nome de usuario e seleccione as opcións que desexa e prema **Aceptar**. Aparecerá unha nova caixa de diálogo que lle pedirá o seu contrasinal de usuario. Complete os campos e logo prema **Aceptar** para continuar. Os privilexios que vostede lle outorgue ao novo usuario poden modificarse desde a xanela “Configuracións do usuario”.



*Modificar un usuario* Prema sobre o nome do usuario da lista de usuarios, logo prema sobre o botón **Cambiar...** que aparece ao lado de cada unha das seguintes opcións:

- Tipo de conta:
- Contraseñal:

Para acceder ás opcións avanzadas do usuario prema no botón **Configuracións avanzadas**. Cambie os detalles que queira no diálogo que aparece e prema en **Aceptar** para gardar os cambios.

*Eliminar un usuario* Seleccione un usuario da lista e prema **Eliminar**. Ubuntu desactivará a conta de usuario máis non eliminará o cartafol persoal do usuario.

## Xestionar grupos

Prema no botón **Xestionar os grupos** para abrir o diálogo de xestión de grupos.

*Engadir un grupo* Para engadir un grupo prema en **Engadir**. No diálogo que aparece introduza o nome do grupo e seleccione os usuarios que quere engadir ao grupo.

*Modificar un grupo* Para modificar os usuarios dun grupo existente, seleccione un grupo e prema no botón **Propiedades**. Seleccione e deseccione os usuarios que queira e logo prema **Aceptar** cando remate.

*Eliminar un grupo* Para eliminar un grupo, seleccione un grupo e prema en **Eliminar**.

## Aplicar grupos a ficheiros e cartafoles

Para cambiar o grupo asociado a un ficheiro ou cartafol abra o Explorador de ficheiros Nautilus e navegue ata o ficheiro ou cartafol axeitado. Entón, seleccione o ficheiro ou cartafol e prema co botón **Ficheiro ▸ Propiedades** desde a barra de menú ou prema co botón dereito sobre o ficheiro ou cartafol e seleccione **Propiedades**. No diálogo de Propiedades que aparece prema no separador **Permisos** e seleccione o grupo desexado da lista despregábel **Grupos**.

## Usar a liña de ordes

Tamén pode modificar as opcións de usuario e grupo mediante a liña de ordes. Recomendámoslle usar o método gráfico de enriba a menos que teña unha boa razón para usar a liña de ordes. Para obter máis información sobre

o uso da liña de ordes para modificar usuarios e grupos consulte a Guía de servidor de Ubuntu en <https://help.ubuntu.com/9.10/serverguide/C/user-management.html>

## Configurar un sistema seguro

Tal vez queira usar unha devasa, ou usar cifrado para aumentar aínda máis a seguranza do seu sistema.

### Devasa

Unha devasa é un aplicativo que protexe o seu computador fronte a accesos non autorizados por xente na Internet ou na súa rede local. As devasas bloquean as conexións do seu computador desde orixes descoñecidas. Isto axuda a previr brechas de seguranza.

Uncomplicated Firewall (UFW) é o programa de configuración de devasa de Ubuntu. É un programa que se executa na liña de ordes, pero un programa chamado Gufw permítelle usalo cunha interface gráfica. Consulte o Capítulo 5: Xestión de software para obter máis información sobre a instalación do paquete Gufw.

Cando estea instalado, inicie Gufw premendo en **Sistema ▶ Administración ▶ Configuración da devasa**. Para activar a devasa, seleccione a opción **Activar**. De forma predeterminada, todas as conexións entrantes son rexeitadas. Esta configuración debería axeitarse á maioría dos usuarios.

Se está executando software de servidor no seu sistema Ubuntu (como un servidor web ou un servidor FTP), terá que abrir os portos destes servizos usan. Se non está familiarizado cos servidores non terá que abrir ningún porto adicional.

Para abrir un porto prema no botón **Engadir**. Para a maioría dos propósitos o separador **Preconfigurado** é suficiente. Seleccione **Permitir** na primeira caixa e logo seleccione o programa ou servizo requirido.

O separador **simple** úsase para permitir o acceso a un único porto, e o separador **Avanzado** para permitir o acceso a un rango de portos.

### Cifrado

Pode querer protexer os seus datos persoais—por exemplo, os rexistros financeiros—cifrándoos. Cifrar un ficheiro ou cartafol é esencialmente “bloquear” o ficheiro ou cartafol codificándoo cun algoritmo que o mantén desordenado ata que o descodifique cun contrasinal. Cifrar os seus datos persoais asegúralle que ninguén poderá abrir os seus ficheiros persoais ou ler os seus datos privados sen a súa chave privada.

Ubuntu conta con ferramentas para cifrar ficheiros e cartafoles. Este capítulo discute dúas delas. Para obter máis información sobre o uso do cifrado

para ficheiros individuais ou correo electrónico consulte os documentos da Axuda da Comunidade de Ubuntu en <https://help.ubuntu.com/community>.

### Cartafol persoal

Ao instalar Ubuntu é posíbel cifrar o seu cartafol persoal de usuario. Consulte o Capítulo 1: Instalación para obter máis información sobre o cifrado do seu cartafol persoal.

### Cartafol privado

Se seleccionou non cifrar todo o seu cartafol persoal é posíbel cifrar un único cartafol—chamado **Privado**—dentro do cartafol persoal do usuario. Para facer isto siga os seguintes pasos:

1. Instale o paquete de software **ecryptfs-utils**.
2. Use o terminal para executar `ecryptfs-setup-private` para configurar o seu cartafol privado.
3. Escriba o seu contrasinal cando se lle pregunte
4. Seleccione unha frase de paso de montado ou xerar unha.
5. Rexistre ambas as dúas frases de paso nun lugar seguro. **Isto faise imprescindible se ten que recuperar os seus datos de forma manual.**
6. Saia da sesión e inícea de novo para montar o cartafol cifrado.

Despois de que se configure o cartafol **Privado**, calquera ficheiro ou cartafol dentro del será automaticamente cifrado.

Se vostede necesita recuperar os seus datos cifrados de forma manual consulte <https://help.ubuntu.com/community/EncryptedPrivateDirectory>.

# 8 Solución de problemas

## Resolver problemas

En ocasións as cousas simplemente non funciona como deberían. Por sorte, os problemas que pode encontrar mentres traballa con Ubuntu son de solución moi sinxela. Debaixo ofrecémoslle unha guía para resolver os problemas básicos que os usuarios poden encontrar mentres usan Ubuntu. Se non é necesaria a guía de resolución de erros de abaixo vexa a sección ?? para saber máis sobre como buscar asistencia na comunidade de Ubuntu.

## Guía de resolución de problemas

O punto clave para solucionar problemas de forma correcta é traballar con calma e metodicamente, documentando os cambios que realiza no seu sistema Ubuntu en cada paso. Desta forma, sempre poderá desfacer os cambios—e poderá darlle información a outros usuarios sobre os seus intentos anteriores, no hipotético caso de que precise a axuda da comunidade.

## Ubuntu falla ao arrincar despois de instalar Windows

Ocasionalmente vostede pode instalar Ubuntu e decidir instalar posteriormente Microsoft Windows como o seu sistema operativo secundario executándose ao carón de Ubuntu. Aínda que Ubuntu admite isto, pode encontrarse de que logo de instalar Windows non pode iniciar en Ubuntu.

Cando acende por primeira vez o seu computador, un programa chamado “cargador de arranque” debe iniciar Ubuntu ou outro sistema operativo. Cando instalou Ubuntu, instalouse un cargador de arranque avanzado chamado GRUB que lle permite escoller entre varios sistemas operativos no seu computador, como Ubuntu, Windows e outros. Porén, cando instalou Windows, substituíuse o GRUB co cargador de arranque deste, eliminándose a posibilidade de escoller que sistema operativo desexaría usar. Pode restaurar doadamente o GRUB—e recuperar a capacidade de escoller o seu sistema operativo—usando o mesmo CD que usou para instalar Ubuntu.

Primeiro, introduza o CD de Ubuntu no seu computador, reinicie e asegúrese de que o computador inicia o sistema operativo que está no CD (consulte o Capítulo 1: Instalación). A continuación, seleccione o seu idioma e seleccione **Probar Ubuntu sen instalalo**. Agarde ata que o software se cargue. Necesitará inserir algún código para restaurar o cargador de arranque. No menú de **Aplicativos**,

```
$ sudo fdisk -l
```

**Definición:** Un **cargador de arranque** é un software iniciador que carga o sistema operativo ao acender o equipo.

```
Disco /dev/hda: 120.0 GB, 120034123776 bytes
255 cabezas, 63 sectores/pista, 14593 cilindros
Unidades = cilindros de 16065 * 512 = 8225280 bytes
```

Device	Boot	Start	End	Blocks	Id	System
/dev/sda1		1	1224	64228+	83	Linux
/dev/sda2	*	1225	2440	9767520	a5	Windows
/dev/sda3		2441	14593	97618972+	5	Extended
/dev/sda4		14532	14593	498015	82	Linux swap

As entradas da táboa de particións non están en orde

Esta saída significa que o seu sistema (Linux, no que se basea Ubuntu) está instalado no dispositivo /dev/sda1, pero o computador está arrincando desde /dev/sda2 (onde está Windows instalado). Necesitamos corrixir isto para que o computador arrinque no dispositivo de Linux.

Para facer isto, primeiro cree un lugar para manipular a súa instalación de Ubuntu:

```
$ sudo mkdir /media/root
```

A continuación, ligue a súa instalación de Ubuntu e este novo cartafol:

```
$ sudo mount /dev/sda1 /media/root
```

Se fixo isto correctamente, entón debería ver o seguinte:

```
$ ls /media/root bin dev home lib mnt root srv usr boot
etc initrd lib64 opt sbin sys var cdrom initrd.img media proc
selinux tmp
vmlinuz
```

Agora, pode reinstalar GRUB:

```
$ sudo grub-install --root-directory=/media/root /dev/sda
Installation finished. No error reported. This is the contents of
the
device map /boot/grub/device.map. Check if this is correct or not.
If any
of the lines is incorrect, fix it and re-run the script
grub-install.
(hd0) /dev/sda
```

Por último, elimine o disco de Ubuntu da súa unidade de CD-ROM, reinicie o seu computador e goce de novo do seu sistema Ubuntu.

Esta guía podería non funcionarlle a todos os usuarios de Ubuntu debido ás diferenzas na configuración do sistema. Aínda así, é un método recomendábel ademais de ser o método con máis éxito para restaurar o cargador de arranque GRUB. Se a anterior guía non restaura o GRUB no seu computador, considere probar algúns dos métodos de resolución de problemas de <https://help.ubuntu.com/community/RecoveringUbuntuAfterInstallingWindows>. Ao seguir as instrucións teña en conta que a instalación de Ubuntu usa Grub2. Esta guía

**Nota:** O dispositivo (/dev/sda1, /dev/sda2, etc.) polo que estamos buscando está identificado pola palabra "Linux" na columna System. Modifique as instrucións de abaixo se é necesario, substituíndo /dev/sda1 co nome do seu dispositivo Linux.

replica o método descrito na primeira sección da páxina web referenciada. Considere comezar pola terceira sección, <https://help.ubuntu.com/community/RecoveringUbuntuAfterInstallingWindows>.

## Ubuntu non mostra a pantalla de inicio de sesión cando arrinco o meu computador

A forma máis sinxela e doada de corrixir este problema é solicitarlle a Ubuntu que restaure a configuración gráfica. Prema **CTRL+ALT+F1**. Poderá ver unha pantalla branca e negra cun prompt co seu nome de usuario e contrasinal.

Introduza o seu nome de usuario, prema **Intro** e logo introduza o seu contrasinal. (Os caracteres do seu contrasinal *non* aparecerán ao escribilos. Non se preocupe—este comportamento é normal e foi deseñado desta forma por motivos de seguranza). A continuación, introduza o seguinte código e prema Intro:

```
$ sudo dpkg-reconfigure -phigh xserver-xorg
```

Introduza o seu contrasinal no sistema, como arriba. Permita a Ubuntu procesar a orde, despois escriba:

```
$ sudo reboot now
```

Reiniciarase Ubuntu e a súa pantalla de inicio de sesión debería restaurarse.

## Esquecín o meu contrasinal

Se esqueceu o seu contrasinal de Ubuntu, necesita reiniciar usando o “Modo de rescate”.

Para iniciar o Modo de rescate, apague o seu computador e acéndao de novo. Mentres o computador arrinca prema a tecla **Maiús** cando vexa unha pantalla branca e negra cunha conta atrás (o prompt de GRUB). Seleccione a opción **Rescue mode** usando os cursores do seu teclado. O modo de rescate debería ser o segundo elemento da lista.

Agarde ata que Ubuntu arrinque. No lugar de ver a pantalla de inicio de sesión mostraráselle un prompt de terminal que se parecerá a:

```
root@algo#
```

Para restabelecer o seu contrasinal, escriba:

```
$ passwd nome_de_usuario
```

Substitúa o “nome\_de\_usuario” de arriba polo seu nome de usuario. Ubuntu pediralle un novo contrasinal. Escriba o que desexa, prema Intro, introduza de novo o contrasinal e prema de novo Intro cando remate. (Ubuntu solicítalle o contrasinal dúas veces para asegurarse de que non cometeu ningún erro



Figura 8.1: Esta é a pantalla de grub na cal pode seleccionar o modo de rescate.

ao escribir). Cando teña restaurado o seu contrasinal volva ao contorno do sistema normal inserindo:

```
$ init 2
```

Acceda normalmente e continúe gozando de Ubuntu.

### Borrei accidentalmente algúns ficheiros que necesito

Se eliminou un ficheiro de forma accidental pode recuperalo desde o cartafol de lixo de Ubuntu. Este é un cartafol especial onde Ubuntu almacena todos os ficheiros eliminados antes de eliminalos permanentemente do seu computador.

Para acceder ao cartafol de lixo seleccione **Lugares ▶ Computador** desde o panel superior, logo seleccione **Lixo** da lista de lugares da barra lateral esquerda da xanela que aparece (de forma alternativa, prema no miniaplicativo do lixo no extremo dereito do panel inferior). Para eliminar os elementos deste

cartafol e restauralos no seu computador, prema co botón dereito sobre os elementos que quere e seleccione **Restaurar** ou ben arrástreos onde desexa (recomendámoslle que os poña nunha localización que recorde, como o seu cartafol persoal ou o escritorio).

## Como limpo Ubuntu?

Co tempo, o sistema de empaquetado de software de Ubuntu pode acumular paquetes en desuso ou ficheiros temporais. Estes ficheiros temporais, tamén a caché, contén ficheiros de paquetes de todos os paquetes que vostede instalara. En ocasións, esta caché pode medrar de máis. Ao limpar a caché pode recuperar o espazo no seu disco ríxido para almacenar os seus documentos, música, fotografías ou outros ficheiros.

Para limpar a caché pode usar tanto a opción `clean` ou `autoclean` desde o programa de liña de ordes chamado `apt-get`. A orde `clean` eliminara cada elemento na caché mentres que `autoclean` só eliminará os elementos da caché que non serán descargados máis (eses elementos normalmente son innecesarios). Para executar `clean` abra o **Terminal** e escriba:

```
$ sudo apt-get clean
```

Os paquetes tamén poden chegar a non usarse co tempo. Se un paquete se instalou para asistir outro programa en execución—e dito programa se eliminou—xa non o necesita polo que pode eliminalo coa opción `autoremove`.

Cargue a **Terminal** e escriba:

```
$ sudo apt-get autoremove
```

para eliminar os paquetes innecesarios

## Non podon reproducir certos ficheiros de audio e vídeo

Algún dos formatos usados para distribuír contido multimedia son **privativos** o que significa que non son de uso, modificación e distribución libre cun sistema operativo de código aberto como Ubuntu. Malia que, Ubuntu non inclúe a capacidade de usar estes formatos de forma predeterminada o que non significa que os usuarios poidan configurar Ubuntu para usar estes formatos privativos. Para obter máis información sobre as diferenzas entre o software privativo e o aberto consulte o Capítulo 9: Aprender máis.

Se se ve obrigado a usar un formato privativo debería instalar os ficheiros necesarios para usar o formato cunha orde. Antes de iniciar esta orde asegúrese que ten os repositorios Universe e Restricted activados. Vexa a sección Xestor de paquetes Synaptic para saber como facer isto.

Abra o Centro de software de Ubuntu seleccionándoo no menú **Aplicativos**. Busque por **Extras restrinxidos de Ubuntu** inserindo “Extras restrinxidos de Ubuntu” na caixa de busca no lado dereito da xanela principal do Centro de software de Ubuntu. Cando o Centro de software de Ubuntu encon-



tre o software axeitado, prema ao lado do seu título. Prema en **Instalar** e logo espere mentres Ubuntu instala o software.

Cando Ubuntu remate de instalar o software completamente, o seu contido multimedia debería verse correctamente.

### Como podo cambiar a resolución da pantalla?

A imaxe de cada monitor está composta por millóns de pequenos puntos con cor chamados píxeles. Cambiar o número de píxeles mostrados no seu monitor denomínase “cambiar a resolución”. Se incrementa a resolución fará que as imaxes sexan menos angulosas, ademais de que tenderá a verse máis pequeno todo e viceversa. A maioría dos monitores teñen unha “resolución nativa”, que é unha resolución que na maioría dos casos coincide co número de píxeles que ten o seu monitor. As imaxes na súa pantalla serán menos angulosas cando o seu sistema operativo use unha resolución que coincide coa resolución nativa do seu monitor.

A utilidade de configuración de Ubuntu **Monitores** permítelle aos usuarios cambiar a resolución. Ábraa seleccionando **Sistema** desde o menú principal, logo seleccione **Preferencias** e logo **Monitores**. Pode cambiar a resolución usando a lista despregábel no programa. Seleccione as opcións máis altas da lista (por exemplo, aquelas cos números máis longos) para incrementar a resolución



Figura 8.2: Pode cambiar as súas opcións da pantalla.

Pode experimentar con varias resolucións premendo en **Aplicar** na parte inferior da xanela ata que encontre a que quere. Normalmente a resolución máis grande será a resolución nativa. Se selecciona unha resolución e preme **Aplicar** cambiarase temporalmente a resolución de pantalla co valor seleccionado. Aparecerá unha caixa de diálogo que lle permite regresar á opción de resolución anterior ou manter a nova resolución. A caixa de diálogo desaparecerá despois de 30 segundos, e restaurarase a resolución anterior.




Figura 8.3: Pode regresar á súa configuración anterior se o necesita.

## Ubuntu non funciona correctamente no meu Apple MacBook ou MacBook Pro

Cando se instala en computadores ultraportátiles de Apple—como o MacBook ou MacBook Pro—Ubuntu non sempre activa todos os compoñentes integrados no computador, o que inclúe a cámara iSight e o adaptador á Internet sen fíos Airport. Afortunadamente, a comunidade de Ubuntu ofrece documentación sobre a solución deses e outros problemas. Se ten problemas para instalar ou utilizar Ubuntu no seu ordenador ultraportátil de Apple, por favor, siga as instrucións en <https://help.ubuntu.com/community/MacBook>. Vostede pode seleccionar a guía do seu caso despois de identificar o número do modelo do seu computador. Para obter instrucións sobre cómo facer isto, visite a páxina web indicada anteriormente.

## Ubuntu non funciona correctamente no meu Asus EeePC

Cando está instalado nun computador netbook de Asus—como os EeePC—Ubuntu non activará todos os compoñentes do computador, o que inclúe as teclas de atallo do teclado e o adaptador de rede sen fíos. A comunidade de Ubuntu ofrécelle documentación para arranxar estes e outros problemas. Se está tendo problemas ao instalar ou usar Ubuntu no seu Asus EeePC siga as instrucións en <https://help.ubuntu.com/community/EeePC>. Esta páxina de documentación contén información específica dos netbooks EeePC.

## O meu hardware non funciona correctamente

Ás veces é complicado executar Ubuntu en certos computadores, xeralmente cando os fabricantes do software usan compoñentes non estandarizados ou privativos. A comunidade de Ubuntu ofrece documentación para axudarlle a resolver os problemas que poida ter nesta situación, incluíndo os problemas coas tarxetas de rede sen fíos, escáneres, ratos e impresoras. Tamén pode encontrar unha guía de resolución de erros de hardware na wiki de asistencia de Ubuntu, accesíbel desde <https://wiki.ubuntu.com/HardwareSupport>. Se os problemas do seu hardware persisten consulte Obter máis axuda para ter máis opcións de resolución de erros ou información sobre como obter asistencia dun usuario de Ubuntu.

## **Obter máis axuda**

Esta guía non cobre todo o fluxo de traballo, tarefas ou problemas posibles en Ubuntu. Se require asistencia máis aló da información neste manual pode encontrar unha gran cantidade de oportunidades de asistencia en liña. Pode acceder a unha documentación extensa en liña, contratar servizos de asistencia profesional, consultar a comunidade para obter asistencia de balde ou explorar as solucións técnicas. Ten máis información dispoñíbel aquí:  
<http://www.ubuntu.com/support>

# 9 Aprender máis

## Que máis podo facer con Ubuntu?

Agora debería poder usar o seu escritorio Ubuntu para todas as actividades diarias, como navegar pola Web e editar documentos. Pero de seguro que está interesado en saber máis sobre as outras versións de Ubuntu, as cales poderían integrarse mellor no seu estilo de vida dixital. Neste capítulo fornecémoslle máis información sobre as outras versións de Ubuntu especializadas en certas tarefas. Para facer isto primeiro discutiremos as tecnoloxías que fan de Ubuntu un dos conxuntos de software máis potentes.

## Software de código aberto

Ubuntu é software de código aberto. Explicado brevemente, o software de código aberto é o software cuxo código non pertence exclusivamente a unha persoa, grupo ou organización senón que está dispoñíbel libremente para a descarga. Isto fai de Ubuntu diferente do software privativo que require que os usuarios compren licenzas antes de poder usar o software nos seus computadores. Microsoft Windows e Adobe Photoshop son exemplos do software privativo.

Os usuarios de computadores poden compartir e distribuír o software de código aberto sen medo ningún a problemas coas leis de propiedade intelectual. Tamén poden modificalo para adaptalo ás súas necesidades, melloralo ou traducilo a outros idiomas. Xa que o software de código aberto o desenvolven grandes comunidades de programadores distribuídas polo mundo, aquel beneficiase de ciclos de desenvolvemento máis rápidos e da liberación de novas versións con parches de seguranza máis rapidamente (no caso de que alguén descubra un erro no software). Noutras palabras, o software de código aberto actualízase, mellórase e faise máis seguro a diario, xa que programadores de todo o mundo continúan a melloralo.

Ademais das vantaxes técnicas, o software de código aberto ten grandes beneficios económicos. A maioría dos programas de código aberto non teñen custo ningún para poder executalos. Os usuarios non precisan comprar unha licenza para executar Ubuntu, por exemplo.

Para saber máis sobre o software de código aberto consulte a definición do código aberto da Open Source Initiative, dispoñíbel en <http://www.opensource.org/docs/definition.php>.

O **código aberto** dun programa son os ficheiros que foron escritos para construír o programa.

O **software privativo** é o software que non pode copiarse, modificarse ou distribuírse libremente.

## Familias de distribución

Ubuntu é un dos sistemas operativos máis populares baseados en Linux (un sistema operativo de código aberto). Aínda que outras versións de Linux, ou “distribucións”, poden parecer diferentes de Ubuntu, comparten moitas características debido ás súas raíces comúns.

As distribucións de Linux poden dividirse en dúas familias: a familia de Debian e a de Red Hat. Cada familia ten ese nome debido á distribución na que se basean as distribucións fillas. Por exemplo, “Debian” refírese tanto ao nome da distribución como da familia de distribucións derivadas de Debian. Ubuntu forma parte da familia de Debian, así como tamén o é Linux Mint, Xandros e Crunchbang Linux. Entre as distribucións da familia de Red Hat están Fedora, OpenSUSE e Mandriva.

A diferenza máis significativa entre as distribucións baseadas en Debian e as baseadas en Red Hat está no sistema que cada unha delas usa para instalar e actualizar software. Estes sistemas denomínanse “sistemas de xestión de paquetes”. Os paquetes de software de Debian son ficheiros DEB, mentres que os paquetes de software de Red Hat son ficheiros RPM. Para obter máis información sobre a xestión de paquetes consulte o Capítulo 5: Xestión de software.

Tamén encontrará distribucións especializadas en certas tarefas. A continuación describiremos as versións de Ubuntu e explicaremos os usos para os que foron desenvolvidas.

## Escoller entre Ubuntu e os seus derivados

Xa que Ubuntu está baseada en Debian, algunhas das distribucións son subsecuentemente baseadas en Ubuntu. Algunha delas está feita para o seu uso xeral, e cada unha difire respecto da outra no software incluído como parte da distribución. Outras están deseñadas por usuarios especializados.

Recoñécense catro distribucións oficiais derivadas e con asistencia tanto por Canonical como pola comunidade de Ubuntu. Estas son:

- ▶ **Ubuntu Netbook Edition**, que está optimizada para computadores netbook.
- ▶ **Kubuntu**, que usa o contorno gráfico KDE no lugar de GNOME que pode atopar en Ubuntu;
- ▶ **Edubuntu**, que está deseñado para o uso en colexios; e
- ▶ **Ubuntu Server Edition**, deseñada para o seu uso en servidores, normalmente non se usa como sistema operativo para computadores de escritorio xa que non ten unha interface gráfica.

Hai outros catro derivados de Ubuntu dispoñíbeis. Estes inclúen:

- ▶ **Xubuntu**, que usa o contorno gráfico XFCE no lugar do contorno GNOME atopado en Ubuntu;

Unha distribución, ou “distro” é un sistema operativo feito desde programas de código aberto, empaquetado de forma conxunta para facer máis sinxela a súa instalación e uso.

Os **sistemas de xestión de paquetes** son os que permiten ao usuario instalar, eliminar e organizar o software instalado no seu computador en sistemas operativos de código aberto como Ubuntu.

- ▶ **Lubuntu**, que usa o contorno gráfico LXDE.
- ▶ **Ubuntu Studio**, que está deseñado para crear e editar multimedia; e
- ▶ **Mythbuntu**, que está deseñado para crear un PC de cinema en casa con MythTV (un gravador de vídeo dixital de fonte aberta).

Para obter máis información sobre estas distribucións derivadas consulte <http://www.ubuntu.com/products/whatisubuntu/derivatives>.

### Ubuntu Netbook Edition

Ubuntu Netbook Edition é unha versión de Ubuntu deseñada especificamente para os computadores netbook. Optimizada para os dispositivos de computación con pantallas pequenas e con recursos limitados (como os procesadores de baixo consumo e os discos ríxidos pequenos moi comúns entre os netbooks). Ubuntu Netbook Edition conta cunha interface e un conxunto de aplicativos particularmente útiles para usuarios con mobilidade.

Xa que a maioría dos netbooks non teñen unidade de CD-ROM, Ubuntu Netbook Edition permítelle aos usuarios instalalo nos seus computadores usando unidades flash USB. Para saber máis sobre o uso de unidades flash para instalar Ubuntu Netbook Edition no seu computador consulte <https://help.ubuntu.com/community/Installation/FromImgFiles>.

Os **netbooks** son computadores de baixo custo e de baixo consumo enerxético deseñados sobre todo para acceder a Internet.

### Ubuntu Server Edition

O Ubuntu Server Edition é un sistema operativo optimizado para levar a cabo tarefas multiusuario e instálase en servidores. Entre ditas tarefas inclúense a compartición de ficheiros e almacenamento de páxinas web e correo electrónico. Se pretende usar un computador para levar a cabo tarefas como estas, pode usar esta distribución especializada xunto con hardware de servidor.

Este manual non explica o proceso para executar un servidor web seguro ou levar a cabo posíbeis tarefas con Ubuntu Server Edition. Para obter máis información sobre o Ubuntu Server Edition diríxase ao manual en <http://www.ubuntu.com/products/whatisubuntu/serveredition>.

Un **servidor** é un computador que se configura para xestionar ou “servir” ficheiros a moitas persoas.

### Ubuntu Studio

Esta variante de Ubuntu está deseñada especificamente para as persoas que usan o seu computador para crear e editar proxectos multimedia. Por exemplo, ten aplicativos que axudan os usuarios a manipular imaxes, compoñer música e editar vídeo. Aínda que os usuarios poden instalar estes aplicativos nos seus computadores mentres executan a versión de escritorio de Ubuntu, Ubuntu Studio permítelle telos todos dispoñíbeis inmediatamente despois da instalación.

Se desexa aprender máis sobre Ubuntu Studio (ou obter unha copia) visite <http://ubuntustudio.org/home>.

## Mythbuntu

Mythbuntu permitelles aos usuarios converter os seus computadores en sistemas de entretemento. Axúdalles aos usuarios a organizar e ver varios tipos de contido multimedia como películas, series de televisión e podcast de vídeo. Os usuarios con sintonizadores de TV nos seus computadores tamén poden usar Mythbuntu para gravar vídeo e series de televisión en vivo.

Para saber máis sobre Mythbuntu, visite <http://www.mythbuntu.org/>.

## 32-bit ou 64-bit?

Como se mencionou anteriormente neste manual, Ubuntu e as súas variantes están dispoñíbeis en dúas versións: 32 bits e 64 bits. Esta diferenza refírese á forma que o computador procesa a información. Os computadores con capacidade de executar software de 64 bits poden procesar máis información que os computadores que executan software de 32 bits. Porén, os sistemas de 64 bits requiren máis memoria para facer isto. Estes computadores obteñen importantes melloras de rendemento ao executar software de 64 bits.

Por que seleccionar un sobre outro? Poña atención á versión que escolle nos seguintes casos:

- ▶ Se o seu computador é vello (fabricado antes de 2007) debe instalar a versión de 32 bits de Ubuntu. Este tamén é o caso para a maioría dos netbooks.
- ▶ Se o seu computador ten máis de 4 GB de memoria (RAM), entón debe instalar a versión de 64 bits para usar toda a memoria instalada.

## Encontrar axuda e asistencia adicional

Esta guía non pretende ser un recurso completo para todo o que precisa saber sobre Ubuntu. Xa que *Comezar con Ubuntu 10.04* non poderá responder todas as súas preguntas, animámolo a que se dirixa á gran comunidade de Ubuntu para buscar máis información, resolver problemas técnicos ou facer preguntas sobre o seu computador. A continuación móstranse algúns destes recursos—localizados tanto dentro do sistema operativo como na Internet—polo que pode aprender máis sobre Ubuntu e outras distribucións de Linux.

### Axuda do sistema

Se necesita máis información cando use Ubuntu ou os seus aplicativos, prema sobre a icona **Axuda** no panel superior ou diríxase a **Sistema ▶ Axuda e asistencia técnica**. A guía de axuda interna de Ubuntu cobre un amplo rango de asuntos en gran detalle.

## Axuda de Ubuntu en liña

O equipo de Documentación de Ubuntu creou e mantén unha serie de páxinas wiki deseñadas para axudar tanto a usuarios principiantes como a experimentados a aprender máis sobre Ubuntu. Vostede pode acceder a eles dirixíndose a <http://help.ubuntu.com>.

## Os foros de Ubuntu

Os Ubuntu Forums son os foros oficiais da comunidade Ubuntu. Millóns de usuarios de Ubuntu úsanos a diario para buscar axuda e asistencia doutras persoas. Vostede pode crear unha conta nos Ubuntu Forums en só uns minutos. Para crear unha conta e saber máis sobre Ubuntu a través dos membros da comunidade visite <http://ubuntuforums.org>.

## Launchpad Answers

Launchpad, un repositorio de código fonte aberto e comunidade de usuarios, fornece un servizo de preguntas e respostas que lle permite facer preguntas sobre calquera asunto relacionado con Ubuntu. O rexistro dunha conta en Launchpad só require uns minutos. Faga unha pregunta visitando Launchpad en <https://answers.launchpad.net/ubuntu/+addquestion>.

## Charla en vivo

Se está familiarizado coas salas de conversa en Internet (IRC), pode usar os clientes de conversa como XChat ou Pidgin para unirse a unha canle #ubuntu en [irc.freenode.net](irc://irc.freenode.net). Alí, centos de usuarios voluntarios poden responderlle as súas preguntas ou ofrecerlle asistencia en tempo real.

## Equipos LoCo

Na comunidade de Ubuntu hai decenas de grupos de usuarios locais chamados “equipos LoCo” dispersos polo mundo; estes grupos ofrecen asistencia e consello, responden preguntas e promoven Ubuntu nas súas comunidades facendo eventos regularmente. Para encontrar o equipo LoCo máis preto visite <http://loco.ubuntu.com/>.

## Asistencia da comunidade

Se xa buscou en todos estes recursos pero aínda así non encontrou resposta ás súas preguntas visite a Asistencia da comunidade en <http://www.ubuntu.com/support/CommunitySupport>.

Ademais da axuda oficial de Ubuntu e da comunidade, pode encontrar axuda de terceiros dispoñíbel na Internet. Mentres que estes documentos poden ofrecerlle moi bos recursos, algún deles poden mal entenderse ou estar desactualizados. O mellor é que sempre contraste a información con distintas fontes antes de recibir o consello.





# A Licenza

A OBRA OU A PRESTACIÓN (SEGUNDO SE DEFINE MÁIS ADIANTE) PROPORCIONASE BAIXO OS TERMOS DESTA LICENZA PÚBLICA DE CREATIVE COMMONS (“CCPL” OU “LICENZA”). A OBRA OU A PRESTACIÓN ESTÁ PROTEXIDA POLA LEI ESPAÑOLA DE PROPIEDAD INTELLECTUAL E/OU CALQUERA OUTRA NORMA QUE RESULTE DE APLICACIÓN. ESTÁ PROHIBIDO CALQUERA USO DA OBRA OU PRESTACIÓN DIFERENTE AO AUTORIZADO POR ESTA LICENZA OU AO DISPOSTO NA LEI DE PROPIEDAD INTELLECTUAL.

POR MEDIO DO EXERCICIO DE CALQUERA DEREITO SOBRE A OBRA OU A PRESTACIÓN, VOSTEDE ACEPTA E CONSENTE AS LIMITACIÓNS E OBRIGAS DESTA LICENZA, SEN PREXUÍZO DA NECESIDADE DE CONSENTIMENTO EXPRESO EN CASO DE VIOLACIÓN PREVIA DOS SEUS TERMOS. O LICENCIADOR CÉDELLE OS DEREITOS CONTIDOS NESTA LICENZA, SEMPRE QUE VOSTEDE ACEPTA OS PRESENTES TERMOS E CONDICIÓNS.

## 1. Definicións

- (a) A “obra” é a creación literaria, artística ou científica ofrecida nos termos desta licenza.
- (b) Nesta licenza considérase unha “prestación” calquera interpretación, execución, fonograma, gravación audiovisual, emisión ou transmisión, simple fotografía ou outros obxectos protexidos pola lexislación de propiedade intelectual vixente aplicábel.
- (c) A aplicación desta licenza a unha “colección” (definida máis adiante) afectaralle unicamente á súa estrutura en canto forma de expresión da selección ou disposición dos seus contidos, mais non é extensiva a estes. Neste caso a colección terá a consideración de obra para os efectos desta licenza.
- (d) O “titular orixinario” é:
  - ▶ No caso dunha obra literaria, artística ou científica, a persoa natural ou grupo de persoas que creou a obra.
  - ▶ No caso dunha obra colectiva, a persoa que a edite e divulgue baixo o seu nome, salvo pacto contrario.
  - ▶ No caso dunha interpretación ou execución, o actor, cantante, músico, ou calquera outra persoa que represente, cante, lea, recite, interprete ou execute de calquera forma unha obra.
  - ▶ No caso dun fonograma, o produtor fonográfico, é dicir, a persoa natural ou xurídica baixo a iniciativa e responsabilidade da cal se realiza por primeira vez unha fixación exclusivamente sonora da execución dunha obra ou doutros sons.
  - ▶ No caso dunha gravación audiovisual, o produtor da gravación, é

- dicir, a persoa natural ou xurídica que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade das fixacións dun plano ou secuencia de imaxes, con ou sen son.
- ▶ No caso dunha emisión ou dunha transmisión, a entidade de radiodifusión.
  - ▶ No caso dunha simple fotografía, aquela persoa que a realizou.
  - ▶ No caso doutros obxectos protexidos pola lexislación de propiedade intelectual vixente, a persoa que esta indique.
- (e) Consideraranse “obras derivadas” aquelas obras creadas a partir da licenciada, como por exemplo: as traducións e adaptacións; as revisións, actualizacións e anotacións; os compendios, resumos e extractos; os arranxos musicais e, en xeral, calquera transformación dunha obra literaria, artística ou científica. Para evitar a dúbida, se a obra consiste nunha composición musical ou gravación de sons, a sincronización temporal da obra cunha imaxe en movemento (synching) será considerada como unha obra derivada para os efectos desta licenza.
- (f) Terán a consideración de “coleccións” a compilación de obras alleas, de datos ou doutros elementos independentes como as antoloxías e as bases de datos que pola selección ou disposición dos seus contidos constitúan creacións intelectuais. A simple incorporación dunha obra nunha colección non dará lugar a unha derivada para os efectos desta licenza.
- (g) O “licenciador” é a persoa ou a entidade que ofrece a obra ou prestación nos termos desta licenza e lle concede os seus dereitos de explotación conforme o disposto nela.
- (h) “Vostede” é a persoa ou a entidade que exerce os dereitos concedidos mediante esta licenza e que non violou previamente os seus termos con respecto á obra ou á prestación, ou que recibiu o permiso expreso do licenciador para exercer os dereitos concedidos mediante esta licenza a pesar dunha violación anterior.
- (i) A “transformación” dunha obra comprende a súa tradución, adaptación e calquera outra modificación na súa forma da que se derive unha obra diferente. A creación resultante da transformación dunha obra terá a consideración de obra derivada.
- (j) Enténdese por “reproducción” a fixación directa ou indirecta, provisional ou permanente, por calquera medio e en calquera forma, de toda a obra ou a prestación ou de parte dela, que permita a súa comunicación ou a obtención de copias.
- (k) Enténdese por “distribución” a posta a disposición do público do orixinal ou das copias da obra ou da prestación, nun soporte tanxible, mediante a súa venda, alugueiro, préstamo ou de calquera outra forma.
- (l) Enténdese por “comunicación pública” todo acto polo cal unha pluralidade de persoas, que non pertencen ao ámbito doméstico de quen a leva a cabo, poida ter acceso á obra ou á prestación sen previa distribución

de exemplares a cada unha delas. Considérase comunicación pública a posta a disposición do público de obras ou prestacións por procedementos con fíos ou sen fíos, de tal forma que calquera persoa poida acceder a elas dende o lugar e no momento que elixa.

- (m) A “explotación” da obra ou a prestación comprende a reprodución, a distribución, a comunicación pública e, no seu caso, a transformación.
  - (n) Os “elementos da licenza” son as características principais da licenza segundo a selección efectuada polo licenciador e indicadas no título desta licenza: Recoñecemento, CompartirIgual.
  - (o) Unha licenza equivalente é:
    - Unha versión posterior desta licenza de Creative Commons cos mesmos elementos de licenza.
    - A mesma versión ou unha versión posterior desta licenza de calquera outra xurisdición recoñecida por Creative Commons cos mesmos elementos da licenza (exemplo: Recoñecemento-CompartirIgual 3.0 Xapón).
    - A mesma versión ou unha versión posterior da licenza de Creative Commons non adaptada a ningunha xurisdición (Unported) cos mesmos elementos da licenza.
    - Unha das licenzas compatíbeis que aparece en <http://creativecommons.org/compatiblelicenses> e que foi aprobada por Creative Commons como esencialmente equivalente a esta licenza porque, como mínimo:
      - Contén termos co mesmo propósito, o mesmo significado e o mesmo efecto que os elementos desta licenza.
      - Permite explicitamente que as obras derivadas de obras suxeitas a ela poidan ser distribuídas mediante esta licenza, a licenza de Creative Commons non adaptada a ningunha xurisdición (Unported) ou unha licenza de calquera outra xurisdición recoñecida por Creative Commons, cos seus mesmos elementos de licenza.
2. “Límites dos dereitos.” Nada nesta licenza pretende reducir ou restrinxir calquera dos límites legais dos dereitos exclusivos do titular dos dereitos de propiedade intelectual de acordo coa Lei de Propiedade Intelectual ou calquera outra lei aplicábel, xa sexan derivados de usos lexítimos, tales como a copia privada ou a cita, ou outras limitacións como o resultante da primeira venda de exemplares (esgotamento).
  3. “Concesión de licenza.” Conforme os termos e ás condicións desta licenza, o licenciador concede, polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual e a título gratuito, unha licenza de ámbito mundial non exclusiva que inclúe os seguintes dereitos:
    - (a) Dereito de reprodución, distribución e comunicación pública da obra ou da prestación.
    - (b) Dereito a incorporar a obra ou a prestación nunha ou máis coleccións.

- (c) Dereito de reprodución, distribución e comunicación pública da obra ou da prestación lícitamente incorporada nunha colección.
- (d) Dereito de transformación da obra para crear unha obra derivada sempre e cando se inclúa nesta unha indicación da transformación ou modificación efectuada.
- (e) Dereito de reprodución, distribución e comunicación pública de obras derivadas creadas a partir da obra licenciada.
- (f) Dereito a extraer e reutilizar a obra ou a prestación dunha base de datos.
- (g) Para evitar calquera dúbida, o titular orixinario:
  - i. Conserva o dereito a percibir as remuneracións ou compensacións previstas por actos de explotación da obra ou prestación, cualificadas pola lei como irrenunciábeis e inalienábeis e suxeitas a xestión colectiva obrigatoria.
  - ii. Renuncia ao dereito exclusivo a percibir, tanto individualmente como mediante unha entidade de xestión colectiva de dereitos, calquera remuneración derivada de actos de explotación da obra ou prestación que vostede realice.

Estes dereitos pódense exercer en todos os medios e formatos, tanxíbeis ou intanxíbeis, coñecidos no momento da concesión desta licenza. Os dereitos mencionados inclúen o dereito a efectuar as modificacións que sexan precisas tecnicamente para o exercicio dos dereitos noutros medios e formatos. Todos os dereitos non concedidos expresamente polo licenciador quedan reservados, incluíndo a título enunciativo pero non limitativo, os dereitos morais irrenunciábeis recoñecidos pola lei aplicábel. Na medida en que o licenciador teña dereitos exclusivos previstos pola lei nacional vixente que implementa a directiva europea en materia de dereito sui generis sobre bases de datos, renuncia expresamente aos devanditos dereitos exclusivos.

4. “Restricións.” A concesión de dereitos que supón esta licenza atópase suxeita e limitada ás restricións seguintes:
- (a) Vostede pode reproducir, distribuír ou comunicar publicamente a obra ou prestación soamente baixo os termos desta licenza e debe incluír unha copia dela, ou o seu Identificador Uniforme de Recurso (URI). Vostede non pode ofrecer ou impoñer ningunha condición sobre a obra ou prestación que altere ou restrinja os termos desta licenza ou o exercicio dos seus dereitos por parte dos seus concesionarios. Vostede non pode sublicenciar a obra ou prestación. Vostede debe manter intactos todos os avisos que se refiran a esta licenza e á ausencia de garantías. Vostede non pode reproducir, distribuír ou comunicar publicamente a obra ou prestación con medidas tecnolóxicas que controlen o acceso ou o uso dun xeito contrario aos termos desta licenza. Esta sección 4.a tamén afecta á obra ou prestación incorporada nunha colección, pero iso non implica que esta no seu conxunto quede automaticamente ou

deba quedar suxeita aos seus termos. No caso que lle sexa requirido, logo de comunicación do licenciador, se vostede incorpora a obra nunha colección e/ou crea unha obra derivada, deberá quitar calquera crédito requirido no apartado (c), na medida do posíbel.

- (b) Vostede pode distribuír ou comunicar publicamente unha obra derivada no sentido desta licenza soamente baixo os seus termos ou outra licenza equivalente. Se vostede emprega esta mesma licenza debe incluír unha copia ou ben o seu URI, con cada obra derivada que vostede distribúa ou comunique publicamente. Vostede non pode ofrecer ou impoñer ningún termo respecto á obra derivada que altere ou restrinxa os termos desta licenza ou o exercicio dos seus dereitos por parte dos seus concesionarios. Vostede debe manter intactos todos os avisos que se refiran a esta licenza e á ausencia de garantías cando distribúa ou comunique publicamente a obra derivada. Vostede non pode ofrecer ou impoñer ningún termo respecto das obras derivadas ou das súas transformacións que alteren ou restrinxan os termos desta licenza ou o exercicio dos seus dereitos por parte dos seus concesionarios. Vostede non pode reproducir, distribuír ou comunicar publicamente a obra derivada con medidas tecnolóxicas que controlen o acceso ou o uso da obra dun xeito contrario aos termos desta licenza. Se emprega unha licenza equivalente debe cumprir cos requisitos que esta establece cando distribúa ou comunique publicamente a obra derivada. Todas estas condicións aplícanse a unha obra derivada en tanto que incorporada a unha colección, pero non implica que esta teña que estar suxeita aos termos desta licenza.
- (c) Se vostede reproduce, distribúe ou comunica publicamente a obra ou a prestación, unha colección que a incorpore ou calquera obra derivada, debe manter intactos todos os avisos sobre a propiedade intelectual e indicar, de xeito razoábel conforme ao medio ou aos medios que vostede estea a empregar:
- i. O nome do autor orixinal, ou o pseudónimo se é o caso, así como o do titular orixinario, se lle é facilitado.
  - ii. O nome daquelas partes (por exemplo: institución, publicación, revista) que o titular orixinario e/ou o licenciador designen para ser recoñecidos no aviso legal, as condicións de uso, ou de calquera outro xeito razoábel.
  - iii. O título da obra ou da prestación se lle é facilitado.
  - iv. O URI, se existe, que o licenciador especifique para ser vinculado á obra ou á prestación, a menos que tal URI non se refira ao aviso legal ou á información sobre a licenza da obra ou a prestación.
  - v. No caso dunha obra derivada, un aviso que identifique a transformación da obra na obra derivada (p. ex., "tradución galega da obra de Autor Orixinal, ou "guión baseado en obra orixinal de Autor Orixinal").

Este recoñecemento debe facerse de xeito razoábel. No caso dunha obra

derivada ou incorporación nunha colección estes créditos deberán aparecer como mínimo no mesmo lugar onde se achen os correspondentes a outros autores ou titulares e de forma comparábel a estes. Para evitar a dúbida, os créditos requiridos nesta sección só serán empregados para os efectos de atribución da obra ou a prestación no xeito especificado anteriormente. Sen un permiso previo por escrito, vostede non pode afirmar nin dar a entender implicitamente nin explicitamente ningunha conexión, patrocinio ou aprobación por parte do titular orixinario, o licenciador e/ou as partes recoñecidas cara a vostede ou cara ao uso que fai da obra ou a prestación.

- (d) Para evitar calquera dúbida, debe facerse notar que as restricións anteriores (parágrafos (a), (b) e (c)) non son de aplicación a aquelas partes da obra ou a prestación obxecto desta licenza que unicamente poidan ser protexidas mediante o dereito sui generis sobre bases de datos recollido pola lei nacional vixente que transpón a directiva europea de bases de datos.

5. “Ausencia de responsabilidade”

SALVO QUE SE CONVEÑA MUTUAMENTE DOUTRO XEITO POLAS PARTES, O LICENCIADOR OFRECE A OBRA OU A PRESTACIÓN TAL CAL (ON AN “AS-IS” BASIS) E NON CONFIRE NINGUNHA GARANTÍA DE NINGÚN TIPO RESPECTO DA OBRA OU DA PRESTACIÓN OU DA PRESENZA OU AUSENCIA DE ERROS QUE POIDAN OU NON SER DESCUBERTOS. ALGUNHAS XURISDICIÓNNS NON PERMITEN A EXCLUSIÓN DAS DITAS GARANTÍAS, POLO QUE TAL EXCLUSIÓN PODE NON SERLLE DE APLICACIÓN A VOSTEDE.

6. “Limitación de responsabilidade.” SALVO QUE O DISPOÑA EXPRESA E IMPERATIVAMENTE A LEI APLICÁBEL, EN NINGÚN CASO O LICENCIADOR SERÁ RESPONSÁBEL ANTE VOSTEDE POR CALQUERA DANO RESULTANTE, XERAL OU ESPECIAL (INCLUÍDO O DANO EMERXENTE E O LUCRO CESANTE), FORTUÍTOS OU CAUSAIS, DIRECTOS OU INDIRECTOS, PRODUCIDOS EN CONEXIÓN CON ESTA LICENZA OU O USO DA OBRA OU A PRESTACIÓN, MESMO SE O LICENCIADOR FOSE INFORMADO DA POSIBILIDADE DE TALES DANOS.

7. “Finalización da licenza”

- (a) Esta licenza e a concesión dos dereitos que contén rematarán automaticamente en caso de calquera incumprimento dos seus termos. As persoas ou entidades que recibiran de vostede obras derivadas ou coleccións baixo esta licenza, non obstante, non verán as súas licenzas finalizadas, sempre que tales persoas ou entidades se manteñan no cumprimento íntegro desta licenza. As seccións 1, 2, 5, 6, 7 e 8 permanecerán vixentes malia calquera finalización desta licenza.
- (b) Conforme ás condicións e termos anteriores, a concesión de dereitos desta licenza é vixente por todo o prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual segundo a lei aplicábel. Malia o anterior, o licenciador resérvase o dereito a divulgar ou publicar a obra ou a

prestación en condicións distintas ás presentes, ou de retirar a obra ou a prestación en calquera momento. Non obstante, iso non suporá dar por concluída esta licenza (ou calquera outra licenza que fose concedida, ou sexa necesario ser concedida, baixo os termos desta licenza), que continuará vixente e con efectos completos a non ser que finalizara conforme ao establecido anteriormente, sen prexuízo do dereito moral de arrepentimento nos termos recoñecidos pola Lei de Propiedade Intelectual aplicábel.

#### 8. “Miscelánea”

- (a) Cada vez que vostede realice calquera tipo de explotación da obra ou a prestación, ou dunha colección que a incorpore, o licenciador ofrece aos terceiros e sucesivos licenciarios a concesión de dereitos sobre a obra ou a prestación nas mesmas condicións e termos que a licenza concedida a vostede.
- (b) Cada vez que vostede realice calquera tipo de explotación dunha obra derivada, o licenciador ofrécelle aos terceiros e sucesivos licenciarios a concesión de dereitos sobre a obra obxecto desta licenza nas mesmas condicións e termos que a licenza concedida a vostede.
- (c) Se algunha disposición desta licenza resulta inválida ou inaplicábel segundo a Lei vixente, iso non afectará a validez ou aplicabilidade do resto dos termos desta licenza e, sen ningunha acción adicional por calquera das partes deste acordo, tal disposición entenderase reformada no estritamente necesario para facer que tal disposición sexa válida e executiva.
- (d) Non se entenderá que existe renuncia respecto de ningún termo ou disposición desta licenza, nin que se consente ningunha violación desta, a menos que tal renuncia ou consentimento figure por escrito e leve a sinatura da parte que renuncie ou consinta.
- (e) Esta licenza constitúe o acordo pleno entre as partes con respecto á obra ou a prestación obxecto da licenza. Non caben interpretacións, acordos ou condicións con respecto á obra ou a prestación que non se atopen expresamente especificados na presente licenza. O licenciador non estará obrigado por ningunha disposición complementaria que poida aparecer en calquera comunicación que faga chegar vostede. Esta licenza non se pode modificar sen o mutuo acordo por escrito entre o licenciador e vostede.

### **Aviso de Creative Commons**

Creative Commons non é parte desta licenza, e non ofrece ningunha garantía en relación coa obra ou a prestación. Creative Commons non será responsábel fronte a vostede ou a calquera parte, por calquera danos resultantes, incluíndo, pero non limitando danos xerais ou especiais (incluído o



dano emerxente e o lucro cesante), fortuítos ou causais, en conexión con esta licenza. Malia as dúas (2) oracións anteriores, se Creative Commons se identificou expresamente como o licenciador, terá todos os dereitos e obrigas do licenciador.

Agás para o propósito limitado de indicar ao público que a obra ou a prestación está licenciada baixo a CCPL, ningunha parte empregará a marca rexistrada "Creative Commons" ou calquera marca rexistrada ou insignia relacionada con "Creative Commons" sen o seu consentimento por escrito. Calquera uso permitido farase de conformidade coas pautas vixentes en cada momento sobre o uso da marca rexistrada por "Creative Commons", en tanto que sexan publicadas no seu sitio web (website) ou sexan proporcionadas por pedimento previo. Para evitar calquera dúbida, estas restricións no uso da marca non forman parte desta licenza.

Pode contactar con Creative Commons en: <http://creativecommons.org/>.

# Glosario

*área de notificación* A área de notificación é un miniaplicativo no panel que lle fornece acceso a todo tipo de información como o control de volume, a canción que está reproducíndose actualmente en Rhythmbox, o estado da súa conexión a internet e o estado do correo electrónico.

*Canonical* Canonical, o apoio financeiro de Ubuntu, fornece asistencia para o sistema base de Ubuntu. Ten máis de 310 membros de cadro en todo o mundo que garanten que os fundamentos do sistema operativo son estábeis, así como validan todo o traballo enviado polos voluntarios. Para saber máis sobre Canonical, visite <http://www.canonical.com>.

*conexión con fíos* Unha conexión con fíos é cando o seu computador está conectado fisicamente a un router ou Porto Ethernet cun cable, é a conexión máis común para os computadores de escritorio.

*conexión sen fíos* Unha conexión sen fíos non usa cables de calquera tipo e no seu lugar usa un sinal sen fíos para comunicarse cun router ou punto de acceso.

*conexión telefónica* Unha conexión telefónica é cando o seu computador usa un módem para conectarse a un ISP mediante a súa liña telefónica.

*consola* O terminal dálle acceso a unha consola, cando escribe unha orde no terminal e preme Intro a consola recolle a orde e execútaa coa acción relevante.

*contorno de escritorio* Un termo xenérico para describir unha interface GUI para que as persoas poidan interactuar cos computadores. Hai varios contornos de escritorio como GNOME, KDE, XFCE e LXDE só por nomear algúns.

*cursor* O cursor titilando que aparece despois do prompt no terminal úsase para mostrarlle onde se mostrará o texto cando comece a escribir. Vostede pode moverse coas teclas de frecha no seu teclado.

*DHCP* DHCP é un acrónimo de *Dynamic Host Configuration Protocol*, é usado por un servidor DHCP para asignar aos computadores nunha rede un enderezo IP automaticamente.

*GNOME* GNOME (que é un acrónimo de GNU Network Object Model Environment) é o contorno de escritorio predeterminado en Ubuntu.

*GUI* O GUI (que é un acrónimo de Graphical User Interface, Interface gráfica de usuario) é un tipo de interface de usuario que permite ás persoas interactuar cos computadores usando gráficos e imaxes fronte a só texto.

*ISP* *ISP* é un acrónimo de *Internet Service Provider* ou en galego Fornecedor de servizos de internet, un *ISP* é a empresa que lle fornece a súa conexión de internet.

*kernel* Un *kernel* é parte central dun sistema operativo baseado en Unix, responsábel de executar aplicativos, procesos e fornecer seguraza para os complementos centrais.

*MeMenu* O *MeMenu* en Ubuntu 10.04 permítelle xestionar a súa presenza nos servizos de redes sociais. Tamén lle permite publicar as súas mensaxes de estado en todas as súas contas inserindo as actualizacións no campo de texto.

*miniaplicativo* Un *miniaplicativo* é un programa pequeno que se executa no panel. Os *miniaplicativos* fornecen funcionalidades moi útiles como iniciar un programa, ver a data e hora ou acceder ao menú principal.

*panel* Un *panel* é unha barra que se sitúa nos bordos da súa pantalla. Contén *miniaplicativos* que fornecen funcións útiles como iniciar programas, ver a hora e data ou acceder ao menú principal.

*paquete* Os ficheiros de *paquete Debian* manteñen a información central e código do aplicativo a executar.

*parámetro* Os *parámetros* son opcións especiais que pode usar con ordes na terminal para facer que a orde se comporte de forma diferente, isto pode facer as ordes moito máis útiles.

*Porto Ethernet* Un *porto Ethernet* é onde se conecta un cable *Ethernet* cando usa unha conexión con fíos.

*prompt* O *prompt* mostra información útil sobre o seu computador, pode personalizalo con diferentes cores, mostrar a hora, data e o directorio actual así como calquera cousa que queira vostede.

*router* Un *router* é un computador deseñado especialmente que usa o seu software e hardware, e que enruta información desde internet a unha rede. Tamén se chama pasarela.

*saída* A *saída* dunha orde é calquera texto que se mostra na seguinte liña logo de escribir unha orde e premer Intro, p. ex., se vostede escribe `pwd` nun terminal e preme Intro, o nome do cartafol móstrase na seguinte liña como a saída.

*servidor* Un *servidor* é un computador que se executa un sistema operativo especializado e fornece servizos a computadores que se conectan a el e fan unha solicitude.

*terminal* O *terminal* é a interface de texto de Ubuntu, é un método de con-

trolar algúns aspectos do sistema operativo usando só ordes inseridas mediante o teclado.



# Créditos

Este manual non sería posíbel sen o esforzo e as colaboracións das seguintes persoas:

## Líderes do equipo

Benjamin Humphrey—Líder do equipo

Kevin Godby—Líder de  $\TeX$

Jamin Day—Líder de redacción

Ilya Haykinson—Coordinador de autores

Josh Holland—Mantemento da tradución

Thorsten Wilms—Deseño

Adnane Belmadiáf—Desenvolvemento web

Luke Jennings, Neil Tallim e Simon Vermeersh—Quickshot

## Autores

Joe Burgess

Thomas Cantara

Sayantan Das

Kelvin Gardiner

Matt Griffin

Ilya Haykinson

Wolter Hellmund

Josh Holland

Benjamin Humphrey

Luke Jennings

Elan Kugelmass

Ryan Macnish

...

## Editores

Bryan Behrenshausen

Jamin Day

Kevin Godby

Benjamin Humphrey

## Deseñadores

K. Vishnoo Charan Reddy

Wolter Hellmund

Benjamin Humphrey

David Nel

Thorsten Wilms

## Desenvolvedores

Adnane Belmadiáf

Kevin Godby

Luke Jennings

Neil Tallim

Simon Vermeersh

## Tradutores

Francisco Diéguez	Antón Méixome
Enrique Estévez	Miguel Bouzada

## Agradecementos especiais

Joey-Elijah Alexithymia	Elizabeth Krumbach	Andy Piper
Jono Bacon	Josh Leverette	Alan Pope
Manualbot	Walter Méndez	Matthew Paul Thomas
Chris Johnson	Martin Owens	
Elan Kugelmass	Tim Penhey	

Equipo de documentación de Mozilla Firefox

°Equipo de documentación de Ubuntu

°Proxecto de aprendizaxe da comunidade de Ubuntu





# Índice de materias

- Aplicativos, 115
- applications
  - Aplicativos, 115
  - Avant Window Navigator, 33
  - Axuda e asistencia técnica, 28
  - Brasero, 28, 107
  - Buscar ficheiros, 29
  - Buscar ficheiros..., 27
  - Cairo-Dock, 33
  - Calculadora, 27
  - Centro de axuda de Ubuntu, 23, 39
  - Centro de software, 115121
  - Centro de software de Ubuntu, 9, 10, 28, 33, 112, 115, 117, 121, 129, 143
  - Cheese, 111
  - Conexións de rede, 45
  - Creador de CD/DVD, 27
  - Debuxo de OpenOffice.org, 27
  - Docky, 33
  - Editor de texto gedit, 27
  - Empathy, 24, 27, 77, 111
  - Engadir ao panel..., 34
  - Escaneado simple, 27
  - Evolution, 25, 28, 6174
  - Facer unha captura de pantalla, 27
  - Firefox, 23, 27, 34, 39, 43, 61
  - Fontes de software, 118, 122
  - F-Spot, 27
  - gBrainy, 27
  - gedit, 129
  - Gravador de son, 28
  - Gufw, 137
  - Kino, 112
  - Lifesaver, 120
  - Mahjongg, 27
  - Minas, 27
  - Mozilla Firefox, 50
  - Nautilus, 3033, 35, 136
  - NetworkManager, 41
  - Notas do Tomboy, 27
  - Orca, 37
  - Pidgin, 151
  - Pitivi, 28
  - Preferencias da aparencia, 35
  - Quadrassel, 27
  - Reprodutor de filmes, 90
  - Reprodutor de música Rhythmbox, 92
  - Rhythmbox, 28
  - Skype, 111
  - Sobre GNOME, 28
  - Sobre Ubuntu, 28
  - Solitario AisleRiot, 27
  - Sudoku, 27
  - Synaptic, 121
  - Totem, 28
  - Ubuntu One, 27, 75, 101
  - VLC, 111
  - Wine, 10
  - XChat, 151
  - Xestor de ficheiros Nautilus, 127
  - Xestor de fotografías F-Spot, 85
  - Xestor de paquetes Synaptic, 29, 115, 117, 121, 122, 129
- Apt, 129
- apt, 129
- Apt-get, 129
- apt-get, 129131, 143
- Avant Window Navigator, 33
- Axuda e asistencia técnica, 28
- Brasero, 28, 107
- Buscar ficheiros, 29
- Buscar ficheiros..., 27
- Cairo-Dock, 33
- Calculadora, 27
- cd, 126128
- Centro de axuda de Ubuntu, 23, 39
- Centro de software, 115121
- Centro de software de Ubuntu, 9, 10, 28, 33, 112, 115, 117, 121, 129, 143
- Cheese, 111
- command line
  - Apt, 129
  - apt, 129
  - Apt-get, 129
  - apt-get, 129131, 143
  - cd, 126128
  - cp, 128
  - encryptfs-setup-private, 138
- grub-install, 140
- ls, 128
- mkdir, 128
- mv, 128
- pwd, 126, 127
- rm, 128, 129
- rmdir, 129
- sudo, 129
- Conexións de rede, 45
- contrasinal, 134
- cp, 128
- Creador de CD/DVD, 27
- Debuxo de OpenOffice.org, 27
- Docky, 33
- encryptfs-setup-private, 138
- Editor de texto gedit, 27
- Empathy, 24, 27, 77, 111
- Engadir ao panel..., 34
- Escaneado simple, 27
- Evolution, 25, 28, 6174
- Facer unha captura de pantalla, 27
- Firefox, 23, 27, 34, 39, 43, 61
- Fontes de software, 118, 122
- F-Spot, 27
- gBrainy, 27
- gedit, 129
- Gravador de son, 28
- grub-install, 140
- Gufw, 137
- Kino, 112
- Lifesaver, 120
- ls, 128
- Mahjongg, 27
- Minas, 27
- mkdir, 128
- Mozilla Firefox, 50
- mv, 128
- Nautilus, 3033, 35, 136

NetworkManager, 41  
Notas do Tomboy, 27

Orca, 37

Pidgin, 151  
Pitivi, 28  
Preferencias da aparencia, 35  
pwd, 126, 127

Quadrassel, 27

Reprodutor de filmes, 90

Reprodutor de música Rhythmbox, 92  
Rhythmbox, 28  
rm, 128, 129  
rmdir, 129  
root, 135

Skype, 111  
Sobre GNOME, 28  
Sobre Ubuntu, 28  
Solitario AisleRiot, 27  
sudo, 129  
Sudoku, 27  
Synaptic, 121

Totem, 28

Ubuntu One, 27, 75, 101

VLC, 111

Wine, 10

XChat, 151  
Xestor de ficheiros Nautilus, 127  
Xestor de fotografías F-Spot , 85  
Xestor de paquetes Synaptic, 29, 115, 117,  
121, 122, 129



# Comezar con ubuntu 10.04

A Oficina de Software Libre da USC, en colaboración coa comunidade galega de localización de Ubuntu rematou a finais de abril a tradución do manual Comezar con Ubuntu, sendo o terceiro idioma en completar a súa versión, tras a do inglés e a do alemán.

— Galicia Hoxe



Editan:



**CONCELLO DE DODRO**  
Concellaría de Cultura e Patrimonio



**OFICINA DE SOFTWARE LIBRE**

Patrocina:



**XUNTA DE GALICIA**



**DEPUTACION DA CORUÑA**  
www.dicoruna.es

Colabora:  
asociación proxecto



Este traballo está baixo dunha licenza Creative Commons

